



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 156
17 de I uño de 2021



CSV: BOPGDSPGnZemg3nsn7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 16286 (11/PNC-001640)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para apoiar o proxecto solidario de vacinación contra a covid en Cuba

[60051](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 16614 (11/PNC-001685)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e catro deputados/as máis

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a creación de salas Gesell nos xulgados das sete principais cidades galegas

[60052](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

I 16914 (11/PRE-003730)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da construción do Centro de Interpretación do castro Cociñadoiro, de Arteixo

[60065](#)

I 16922 (11/PRE-003731)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre o funcionamento do complexo de Sogama en Cerceda

[60070](#)

I 16930 (11/PRE-003732)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a demanda da Xunta de Galicia á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para que leve o control da depregadura de fibra óptica nos concellos de Galicia [60074](#)

I 16935 (11/PRE-003733)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre a retirada da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade pola UNESCO

[60077](#)

I 16943 (11/PRE-003734)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre a distribución territorial dos medios de loita contra os incendios forestais

[60080](#)

I 16955 (11/PRE-003735)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a intención do Goberno galego de crear a figura do profesional facultativo de atención ás urxencias médicas nas quendas de mañá nos centros de saúde

[60083](#)

I 16959 (11/PRE-003736)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para exixir á empresa San Finx, en Lousame, a execución das medidas de prevención, a reparación dos danos ambientais e a regularización da explotación

[60086](#)

I 16965 (11/PRE-003737)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de realización de obras de eficiencia enerxética e mellora dos espazos no Colexio de Educación Infantil e Primaria Xacinto Amigo Lera, no concello de Val do Dubra

[60094](#)

I 16976 (11/PRE-003738)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para negociar coa Federación Galega de Municipios e Provincias o establecemento dos criterios de repartición das subvencións a favor das entidades locais

[60096](#)

I 16998 (11/PRE-003739)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre a creación e funcionamento do observatorio sobre a eólica mariña

[60100](#)

I 17006 (11/PRE-003740)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para atender a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero que viven no rural [60103](#)

I 17015 (11/PRE-003741)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa situación de precariedade da Oficina Agraria Comarcal da Rúa [60107](#)

I 17064 (11/PRE-003742)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para dotar o concello da Rúa dunha motobomba para a extinción de incendios forestais [60111](#)

I 17072 (11/PRE-003743)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do centro de arte rupestre de Campo Lameiro [60114](#)

I 17074 (11/PRE-003744)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 3 máis

Sobre a vacinación do persoal do servizo esencial de prevención e extinción de incendios de Galicia [60117](#)

I 17078 - 17116 (11/PRE-003745)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego ante a Organización Mundial do Consumo respecto da retirada de certas formas de subvención á pesca [60121](#)

I 17086 (11/PRE-003746)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade respecto da cobertura das dúas prazas vacantes de radioloxía que existen no Hospital da Mariña [60124](#)

I 17094 (11/PRE-003747)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 4 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da aplicación da Lei 2/2014 e do funcionamento do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero [60126](#)

I 17106 (11/PRE-003748)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da redacción, elaboración e contido do Plan de arquivos de Galicia [60129](#)

I 17113 (11/PRE-003749)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións do Goberno galego respecto das candidaturas do patrimonio que opten a recoñecementos internacionais e sobre a repartición, por concellos e por accións concretas, dos fondos do Plan Ribeira Sacra 2020-2023 [60131](#)

I 17120 (11/PRE-003750)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 4 máis

Sobre as medidas previstas ante o peche da cociña do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo [60134](#)

I 17136 (11/PRE-003751)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as previsións e a avaliación do Goberno galego respecto do asentamento de parques eólicos mariños [60138](#)

I 17140 (11/PRE-003752)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para atenuar o impacto das inclemencias meteorolóxicas de febreiro na actividade marisqueira das rías galegas [60142](#)

I 17145 (11/PRE-003753)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade respecto da falta de persoal no Centro de Saúde de Burela [60147](#)

I 17152 (11/PRE-003754)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reforzar o Centro de Saúde de Baiona e o punto de atención continuada da Xunqueira no verán, recuperar a atención presencial e dotar de recursos humanos e técnicos a atención médica telefónica [60149](#)

I 17155 (11/PRE-003755)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis



Sobre as previsións da Xunta de Galicia para exixir ao Grupo Mineiro San Finx, en Lousame, a regularización da explotación e a execución das medidas de prevención e reparación dos danos ambientais [60152](#)

I 17161 (11/PRE-003756)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as previsións do Goberno galego para poñer en marcha un plan de xestión respecto do xabaril e dos danos que produce [60159](#)

I 17170 (11/PRE-003757)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa tramitación de proxectos eólicos e os estudos sobre os impactos ambientais, paisaxísticos, culturais e económicos que poidan causar [60162](#)

I 17180 - 17216 (11/PRE-003758)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto da atención relixiosa no Servizo Galego de Saúde [60171](#)

I 17185 (11/PRE-003759)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a demanda por acoso laboral presentada por un traballador da Compañía de Radio Televisión de Galicia [60177](#)

I 17186 (11/PRE-003760)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as previsións da Corporación de Radio Televisión de Galicia respecto da resolución dos problemas do persoal que ten contratos temporais [60179](#)

I 17190 (11/PRE-003761)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a listaxe de persoas que integra o programa de asignación de recursos en materia de dependencia [60181](#)

I 17195 (11/PRE-003762)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da sentenza que anula a primeira fase da cidade deportiva do Celta [60184](#)



I 17203 (11/PRE-003763)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre as previsións do Goberno galego para mellorar a calidade da Administración autonómica

[60189](#)**I 17212 (11/PRE-003764)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para retirar o financiamento da atención relixiosa no Servizo Galego de Saúde

[60191](#)**1.4.5. Respostas a preguntas****I 16947 - 14752 (11/PRE-003528)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre as declaracións da conselleira de Política Social referidas ao incremento do número de menores tutelados pola Xunta de Galicia como consecuencia da crise xerada pola covid-19, así como respecto das medidas adoptadas para axudar as familias en situación de pobreza e exclusión social e en risco de ruptura da unidade familiar

[60193](#)**I 16946 - 14856 (11/PRE-003538)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre a implantación de escolas infantís nos centros de traballo, en particular nos da Administración autonómica

[60197](#)**I 16945 - 15332 (11/PRE-003552)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia en materia de protección e tutela de menores, así como de loita contra a pobreza infantil

[60200](#)**I 16944 - 15529 (11/PRE-003567)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre o número dos novos carnés xoves expedidos polo Goberno da Xunta de Galicia desde o mes de xaneiro de 2021

[60204](#)**1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos****1.5.1. De ámbito autonómico galego****1.5.1.6. Corporación Radio e Televisión de Galicia****I Informe das contas anuais da Corporación de Radio e Televisión de Galicia correspondentes ao exercicio 2020**[60207](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.1. Composición do Pleno

■ Acordo da Mesa do Parlamento, do 15 de xuño de 2015, polo que se toma coñecemento do Acordo da Xunta Electoral de Galicia polo que se proclama deputada electa do Parlamento de Galicia a dona Noelia Otero Lago (doc. núm. 17172) [60058](#)

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

■ Sesión plenaria (día 22 de xuño de 2021, ás 10.00 horas) [60059](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

■ Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 15 de xuño de 2021, polo que se declara deserta a convocatoria para a realización de probas selectivas para ingresar por promoción interna en dúas prazas da escala técnica de publicacións do corpo superior do Parlamento de Galicia [60064](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 16 de xuño de 2021, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 16286 (11/PNC-001640)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para apoiar o proxecto solidario de vacinación contra a covid en Cuba

BOPG nº 144, do 26.05.2021

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia fai a seguinte declaración de vontade:

1. Mostrar o apoio ao levantamento do embargo económico, comercial e financeiro que o Goberno dos Estados Unidos de América mantén contra Cuba e maniféstase a favor dunhas relacións baseadas no respecto á legalidade internacional, a paz, a soberanía nacional, a liberdade e a cooperación entre ambos os estados.

2. Apoiar a campaña de solidariedade internacional promovida por Solidariedade para o Desenvolvemento e a Paz (SODePAz) destinada á adquisición de xiringas para vacinación contra a covid-19 do ensaio de intervención comunitario da cidade de La Habana.

3. Enviar esta resolución á Xunta de Galicia e aos consulados de Cuba e Estados Unidos con sede en Galicia, así como tamén ás embaixadas de Cuba e Estados Unidos en Madrid.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Mostrar o apoio ao levantamento do embargo económico, comercial e financeiro que o Goberno dos Estados Unidos de América mantén contra Cuba e maniféstase a favor dunhas relacións baseadas no respecto á legalidade internacional, a paz, a soberanía nacional, a liberdade e a cooperación entre ambos os estados.



2. Participar na campaña de solidariedade internacional promovida por Solidariedade para o Desenvolvemento e a Paz (SODEPAZ) destinada á adquisición de xiringas para a vacinación contra a covid-19 do ensaio de intervención comunitario da cidade de La Habana.

3. A que nas súas relacións coas institucións dos Estados Unidos de América expresen a condena polo mantemento do embargo económico, comercial e financeiro a Cuba, así como os anime a derrogar, o antes posible, as leis Helms Burton e Torricelli e insten o Goberno español a facer o mesmo.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 16614 (11/PNC-001685)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e catro deputados/as máis

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a creación de salas Gesell nos xulgados das sete principais cidades galegas

BOPG nº 147, do 02.06.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á creación de salas Gesell nos xulgados das sete principais cidades galegas.»

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 15 de xuño de 2021, adoptou os seguintes acordos:

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 16914 (11/PRE-003730)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da construción do Centro de Interpretación do castro Cociñadoiro, de Arteixo

- 16922 (11/PRE-003731)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis
Sobre o funcionamento do complexo de Sogama en Cerceda

- 16930 (11/PRE-003732)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín
Sobre a demanda da Xunta de Galicia á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para que leve o control da depregadura de fibra óptica nos concellos de Galicia

- 16935 (11/PRE-003733)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 3 máis
Sobre a retirada da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade pola UNESCO

- 16943 (11/PRE-003734)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín
Sobre a distribución territorial dos medios de loita contra os incendios forestais

- 16955 (11/PRE-003735)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a intención do Goberno galego de crear a figura do profesional facultativo de atención ás urxencias médicas nas quendas de mañá nos centros de saúde

- 16959 (11/PRE-003736)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para exixir á empresa San Finx, en Lousame, a execución das medidas de prevención, a reparación dos danos ambientais e a regularización da explotación

- 16965 (11/PRE-003737)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de realización de obras de eficiencia enerxética e mellora dos espazos no Colexio de Educación Infantil e Primaria Xacinto Amigo Lera, no concello de Val do Dubra

- 16976 (11/PRE-003738)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego para negociar coa Federación Galega de Municipios e Provincias o establecemento dos criterios de repartición das subvencións a favor das entidades locais

- 16998 (11/PRE-003739)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e 3 máis
Sobre a creación e funcionamento do observatorio sobre a eólica mariña

- 17006 (11/PRE-003740)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para atender a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero que viven no rural

- 17015 (11/PRE-003741)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa situación de precariedade da Oficina Agraria Comarcal da Rúa

- 17064 (11/PRE-003742)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para dotar o concello da Rúa dunha motobomba para a extinción de incendios forestais

- 17072 (11/PRE-003743)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do centro de arte rupestre de Campo Lameiro

- 17074 (11/PRE-003744)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 3 máis

Sobre a vacinación do persoal do servizo esencial de prevención e extinción de incendios de Galicia

- 17078 - 17116 (11/PRE-003745)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego ante a Organización Mundial do Consumo respecto da retirada de certas formas de subvención á pesca

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 17116.

- 17086 (11/PRE-003746)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade respecto da cobertura das dúas prazas vacantes de radioloxía que existen no Hospital da Mariña



- 17094 (11/PRE-003747)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 4 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da aplicación da Lei 2/2014 e do funcionamento do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero

- 17106 (11/PRE-003748)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da redacción, elaboración e contido do Plan de arquivos de Galicia

- 17113 (11/PRE-003749)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións do Goberno galego respecto das candidaturas do patrimonio que opten a recoñecementos internacionais e sobre a repartición, por concellos e por accións concretas, dos fondos do Plan Ribeira Sacra 2020-2023

- 17120 (11/PRE-003750)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 4 máis

Sobre as medidas previstas ante o peche da cociña do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo

- 17136 (11/PRE-003751)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as previsións e a avaliación do Goberno galego respecto do asentamento de parques eólicos mariños

- 17140 (11/PRE-003752)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para atenuar o impacto das inclemencias meteorolóxicas de febreiro na actividade marisqueira das rías galegas

- 17145 (11/PRE-003753)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade respecto da falta de persoal no Centro de Saúde de Burela

- 17152 (11/PRE-003754)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reforzar o Centro de Saúde de Baiona e o punto de atención continuada da Xunqueira no verán, recuperar a atención presencial e dotar de recursos humanos e técnicos a atención médica telefónica

- 17155 (11/PRE-003755)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para exixir ao Grupo Mineiro San Finx, en Lousame, a regularización da explotación e a execución das medidas de prevención e reparación dos danos ambientais

- 17161 (11/PRE-003756)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as previsións do Goberno galego para poñer en marcha un plan de xestión respecto do xabaril e dos danos que produce

- 17170 (11/PRE-003757)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa tramitación de proxectos eólicos e os estudos sobre os impactos ambientais, paisaxísticos, culturais e económicos que poidan causar

- 17180 - 17216 (11/PRE-003758)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia respecto da atención relixiosa no Servizo Galego de Saúde

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 17216.

- 17185 (11/PRE-003759)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a demanda por acoso laboral presentada por un traballador da Compañía de Radio Televisión de Galicia

- 17186 (11/PRE-003760)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as previsións da Corporación de Radio Televisión de Galicia respecto da resolución dos problemas do persoal que ten contratos temporais

- 17190 (11/PRE-003761)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis



Sobre a listaxe de persoas que integra o programa de asignación de recursos en materia de dependencia

- 17195 (11/PRE-003762)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da sentenza que anula a primeira fase da cidade deportiva do Celta

- 17203 (11/PRE-003763)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as previsións do Goberno galego para mellorar a calidade da Administración autonómica

- 17212 (11/PRE-003764)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para retirar o financiamento da atención relixiosa no Servizo Galego de Saúde

1.4.5. Respostas a preguntas

Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación

- 16947 - 14752 (11/PRE-003528)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as declaracións da conselleira de Política Social referidas ao incremento do número de menores tutelados pola Xunta de Galicia como consecuencia da crise xerada pola covid-19, así como respecto das medidas adoptadas para axudar as familias en situación de pobreza e exclusión social e en risco de ruptura da unidade familiar

- 16946 - 14856 (11/PRE-003538)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a implantación de escolas infantís nos centros de traballo, en particular nos da Administración autonómica

- 16945 - 15332 (11/PRE-003552)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia en materia de protección e tutela de menores, así como de loita contra a pobreza infantil

- 16944 - 15529 (11/PRE-003567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o número dos novos carnés xoves expedidos polo Goberno da Xunta de Galicia desde o mes de xaneiro de 2021

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.1. De ámbito autonómico galego

1.5.1.6. Corporación Radio e Televisión de Galicia

Informe das contas anuais da Corporación de Radio e Televisión de Galicia correspondentes ao exercicio 2020

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 15 de xuño de 2021, tomou coñecemento do Informe das contas anuais da Corporación de Radio e Televisión de Galicia correspondentes ao exercicio 2020 (11/TVCA-000002) (doc. núm. 17110) e acordou o seu traslado aos grupos parlamentarios e mais á Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, e ordena a súa publicación.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.1. Composición do Pleno

Acordo da Mesa do Parlamento, do 15 de xuño de 2015, polo que se toma coñecemento do Acordo da Xunta Electoral de Galicia polo que se proclama deputada electa do Parlamento de Galicia a dona Noelia Otero Lago (doc. núm. 17172)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 15 de xuño de 2021, adoptou o seguinte acordo: Examínase o acordo da Xunta Electoral de Galicia do 10 de xuño de 2021 polo que se proclama deputada electa da Cámara galega a dona Noelia Otero Lago, candidata do Partido dos Socialistas de Galicia PSOE nas eleccións autonómicas de 2020 pola circunscrición electoral de Pontevedra, como consecuencia do falecemento da deputada dona María Isaura Abelairas Rodríguez, así como da correspondente credencial que a acredita como tal (doc. 17253).

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Tomar coñecemento do Acordo da Xunta Electoral de Galicia do 10 de xuño de 2021 polo que se proclama deputada electa da Cámara galega a dona Noelia Otero Lago, candidata do Partido



dos Socialistas de Galicia PSOE nas eleccións autonómicas de 2020 pola circunscrición electoral de Pontevedra, como consecuencia do falecemento da deputada dona María Isaura Abelairas Rodríguez, con efectos xurídicos desde o 10 de xuño de 2021.

2º. Tomar coñecemento da credencial expedida polo citado órgano da administración electoral.

3º. Comunicar este acordo á Intervención e Asuntos Económicos, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e aos servizos de Tecnoloxías da Información e de Asistencia Parlamentaria e ao Servizo de Publicacións.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 22 de xuño de 2021, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 22 de xuño de 2021, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 15 de xuño de 2021, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (doc. núm. 16419, 11/PPL-000007)

Publicación do acordo, BOPG nº 144, do 26.05.2021

Publicación da iniciativa, BOPG nº 145, do 27.05.2021

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, orgánica para presentar perante o Congreso dos Deputados, de transferencia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia á Xunta de Galicia (doc. núm. 2021, 11/PPLC-000002)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 24.09.2020

Punto 2. Comparecencia

17295 (11/CPP-000059)

Do Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, por petición propia, para informar sobre a situación do sector turístico galego e o apoio da Xunta no bienio Xacobeo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021



Punto 3. Mocións

3.1 17223 (11/MOC-000049)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do sector eólico (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 15774, publicada no BOPG núm. 148, do 3.06.2021, e debatida na sesión plenaria do 8 de xuño)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

3.2 17244 (11/MOC-000050)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da xestión dos recursos humanos no Servizo Galego de Saúde (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 16363, publicada no BOPG núm. 148, do 3.06.2021, e debatida na sesión plenaria do 8 de xuño)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

3.3 17245 (11/MOC-000051)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do sector da automoción (Moción consecuencia da interpelación doc. núm. 14348, publicada no BOPG núm. 148, do 3.06.2021, e debatida na sesión plenaria do 8 de xuño)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 15949 (11/PNP-001543)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia relativas á creación dunha unidade de muller e saúde dependente da Consellería de Sanidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 140, do 19.05.2021

4.2 16525 (11/PNP-001610)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa contratación de servizos aéreos para a defensa contra os incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2021

4.3 16547 (11/PNP-001613)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana



Sobre o mantemento por parte da Xunta de Galicia, para o curso 2021/2022, do mesmo número de docentes que no curso actual, con independencia do incremento que se poida derivar da ampliación de oferta educativa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2021

4.4 16709 (11/PNP-001629)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Murillo Solís, María Guadalupe e cinco deputados/as máis

Sobre a defensa por parte da Xunta de Galicia da autonomía financeira e capacidade normativa en materia tributaria e a demanda ao Goberno de España da reversión da modificación do artigo 36 da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas que prevé o Proxecto de lei de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 152, do 09.06.2021

4.5 16840 (11/PNP-001639)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia

Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co mantemento do emprego nas fábricas Xallas Electricidad y Aleaciones S.A. de Cee e Dumbría

Publicación da iniciativa, BOPG nº 152, do 09.06.2021

4.6 16968 (11/PNP-001658)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e trece deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España de modificar a tramitación e autorización de proxectos eólicos en Galicia

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 152, do 09.06.2021

Punto 5. Interpelacións

5.1 8822 (11/INT-000522)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa perda de actividade industrial e de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 88, do 03.02.2021

5.2 16147 (11/INT-000923)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da incompatibilidade da renda de inclusión social de Galicia coa percepción do ingreso mínimo vital

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 140, do 19.05.2021

5.3 16780 (11/INT-000972)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a política da Consellería de Política Social respecto dos recursos destinados á dependencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 152, do 09.06.2021

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 17287 (11/POPX-000035)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre o papel que atribúe aos concellos a Xunta de Galicia para afrontar a reactivación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

6.2 17288 (11/POPX-000036)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as previsións para abaratar a factura da luz

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 17101 e c.e. 17311 (11/PUP-000192)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e sete deputados/as máis

Sobre os pasos previstos pola Xunta de Galicia para seguir impulsando a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio Mundial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

7.2 17284 (11/PUP-000189)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

7.3 12884 (11/POP-001775)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e tres deputados/as máis

Sobre a situación de temporalidade de persoal ao servizo da Administración pública galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 24.03.2021

7.4 16924 (11/POP-002197)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis

Sobre o funcionamento do complexo de Sogama en Cerceda

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 152, do 09.06.2021



7.5 10372 (11/POP-001515)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución, no primeiro semestre de 2021, das obras de renovación das beirarrúas da estrada PO-552, ao seu paso por Priegue e A Ramallosa, no concello de Nigrán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021

7.6 13679 (11/POP-001857)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e sete deputados/as máis

Sobre a dotación orzamentaria do Programa Aprod-Economía social para o ano 2021, así como respecto do número de cooperativas beneficiarias previsto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 121, do 07.04.2021

7.7 16554 (11/POP-002160)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e tres deputados/as máis

Sobre a implementación de medidas que garantan a protección e o acceso á xustiza das vítimas da violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2021

7.8 17281 (11/PUP-000187)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do cumprimento da Lei 2/2014 e do funcionamento do Observatorio Galego contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

7.9 16692 (11/POP-002223)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do distinto trato que o Goberno de España dá á reforma da Lei de saúde pública de Baleares e á reforma da Lei de saúde de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2021

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 15 de xuño de 2021, polo que se declara deserta a convocatoria para a realización de probas selectivas para ingresar por promoción interna en dúas prazas da escala técnica de publicacións do corpo superior do Parlamento de Galicia

Entre as medidas de planificación dos recursos humanos para o ano 2021 acordadas en Mesa de Negociación e aprobadas pola Mesa do Parlamento de Galicia na súa reunión do 22 de marzo de 2021, incluíase a provisión de dúas prazas da escala técnica de publicacións do corpo superior do Parlamento de Galicia.

En cumprimento do artigo 39, apartado 1, do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, a Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 4 de maio de 2021, adoptou o acordo de aprobar a convocatoria para a realización de probas selectivas para ingresar por promoción interna en dúas prazas da escala técnica de publicacións do corpo superior do Parlamento de Galicia e as bases reguladoras do procedemento de selección. Esta convocatoria e as súas bases foron publicadas no BOPG número 136, do 7 de maio de 2021.

O prazo para a presentación de solicitudes para participar no antedito proceso selectivo rematou o pasado 27 de maio de 2021. Segundo consta no informe do xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria, non se recibiu no Rexistro xeral do Parlamento ningunha solicitude de participación no proceso selectivo, nin se recibiu ningunha comunicación de que se presentasen solicitudes por algunha das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Por todo iso e para dar cumprimento ao artigo 39, apartado 1, do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, a Mesa adoptou o seguinte acordo:

Declarar deserta a convocatoria para a realización de probas selectivas para ingresar por promoción interna en dúas prazas da escala técnica de publicacións do corpo superior do Parlamento de Galicia, aprobada polo acordo da Mesa da Cámara do 28 de xaneiro de 2019 (BOPG núm. 136, do 7 de maio de 2021).

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse, potestativamente, recurso de reposición perante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* ou directamente, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a restitución do Castro Cociñadoiro (Arteixo-A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2004, a Autoridade Portuaria da Coruña convocou o concurso para a adxudicación das obras de construción das Novas Instalacións Portuarias en Punta Langosteira.

En xaneiro de 2005 iniciouse a escavación do castro. Coa chegada do verán de 2005, máis concretamente o 7 de xullo, o proceso estaba concluído e o 100% do sitio arqueolóxico estaba á vista ou liberalizada a zona do castro de Punta de Muros como consta na páxina web do porto exterior de Arteixo-A Coruña.

O xacemento do castro de Cociñadoiro ou Punta de Muros (Arteixo, A Coruña), localizado nun punto estratéxico, xusto antes da chegada ao golfo Ártabro desde o sur, hoxe en día atópase destruído como consecuencia da construción do complexo portuario de Punta Lagosteira.

Trátase dun caso excepcional, tanto pola súa función como pola súa cronoloxía, ao contar cunha datación que nos permite situalo como un dos castros máis antigos do noroeste peninsular. A súa fase de construción estímase na transición do século X ao IX a.C., aínda que o seu momento de máxima ocupación e actividade non se desenvolvería





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

até os séculos VIII e VII a.C., permanecendo activo até o seu primeiro abandono no paso da Primeira á Segunda Idade de Ferro.

A Autoridade Portuaria organizaba visitas guiadas ás obras do Porto Exterior da Coruña durante varios anos para amosarlle aos cidadáns o proxecto mais nunca as organizaron durante a escavación do castro. A escavación levouse a cabo con sumo ocultismo, pois, durante todo o proceso, non se comunicou nada á comunidade local, nin á científica nin aos medios, sobre o que alí se atopou. Todo se mantivo en silencio, malia coñecerse perfectamente a relevancia do espazo.

Os responsables da Autoridade Portuaria, canda a Dirección Xeral de Belas Artes do Ministerio de Cultura, tomaron a decisión de facer desaparecer o xacemento, de costas aos cidadáns, lexítimos propietarios e financiadores da escavación do sitio arqueolóxico, tanto da comunidade local de Arteixo como do resto do país.

Uns anos máis tarde, en 2009, e nos límites expropiados polo Porto Exterior a 200 metros do castro de Rañobre, sacaron á luz unha zona de 30 metros lineais que parecía corresponderse cunhas construcións funerarias de época tardorromana.

A veciñanza, e máis en concreto a asociación de veciños de Rañobre, arrincaron o compromiso da Autoridade Portuaria de analizar exhaustivamente os restos atopados e estudar as liñas a seguir para a súa conservación, recuperando os seus achados, valorando a súa exposición igual que se faría co Castro Cociñadoiro, promesas incumpridas até hoxe pola Autoridade Portuaria e por Fomento co pobo de Arteixo e Galiza.

Moitas son as dúbidas e a falta de coñecemento que hai sobre estas tumbas tardorromanas atopadas no entorno do Porto Exterior de Arteixo-A Coruña. A



ocultación por parte da administración do Estado segue a ser a única certeza que podemos saber.

Estatutariamente, Galiza asume como tarefa principal, a través das súas institucións democráticas, a defensa da súa identidade, e os poderes públicos galegos están na obriga de remover os obstáculos que dificulten a participación dos individuos e dos grupos na vida cultural galega.

Neste marco, o Estatuto de Autonomía de Galiza asumiu, no seu artigo 27.18, a competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese do noso país.

Recolle a Lei de patrimonio cultural de Galiza unha serie de disposicións xerais que definen o patrimonio cultural desde unha perspectiva ligada ao seu uso e disfrute pola cidadanía, concibíndoo como un instrumento de cohesión social e desenvolvemento sostible que dá soporte, como elemento integrador, á identidade do noso pobo.

Establece ademais o ámbito de competencias, como xa vimos, e o réxime de colaboración interadministrativa, fomentando a colaboración de todas as administracións implicadas na protección e promoción do patrimonio cultural de galego.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Ante a falta de determinación da Xunta de Galiza na defensa do patrimonio que lle é propio e de responsabilidade, teñen coñecemento da localización dos restos e achados do Castro Cociñadoiro de Punta Lagosteira e das tumbas tardorromanas en Arteixo e do estado de conservación na que se atopan?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Teñen, a día de hoxe, informe do inventario dos materiais aparecidos nas escavacións?

. Teñen pensado solicitar o traspaso de materiais e achados, tanto do Castro de Punta Lagosteria como das tumbas tardorromanas aparecidas en Rañobre nos terreos do Porto Exterior, atendendo ao articulado da nosa lexislación sobre patrimonio?

. A débeda coa sociedade arteixá é clarísima por parte da administración do Estado a través da Autoridade portuaria, pois en 2012 debería estar construído o Centro de Interpretación que debera aloxar os materiais aparecidos no xacemento. Pensa a Xunta de Galiza reivindicar ante o Estado a construción de dito Centro museístico? Teñen mantido conversas neste sentido?

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/06/2021 10:26:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 04/06/2021 10:26:46

Mercedes Queixas Zas na data 04/06/2021 10:26:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Mercedes Queixas Zas, Alexandra Fernández Gómez e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as irregularidades e mal funcionamento do complexo de SOGAMA en Cerceda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O grupo parlamentar do BNG tivo acceso a informacións relativas ao mal funcionamento do complexo de incineración e vertido de SOGAMA, que segundo algunhas fontes está relacionado con unha avaría na planta de incineración.

Esta situación está provocando unha situación de caos e colapso na planta de recepción e clasificación de residuos, polo que unha grande parte están sendo derivados directamente ao vertedoiro de Areosa. Tamén se estivo producindo un atasco na recepción dos camións de transporte, con esperas de máis de 8 horas para descargar.

Polo que respecta ás instalacións do vertedoiro existen denuncias do comité da empresa de transporte que alertan sobre as condicións de traballo pola falta de iluminación cando se traballa de noite e pola inestabilidade do terreo, entre outras situacións de risco.

Por outra parte, dos datos da planta de compostaxe de Areosa, que foi vendida a bombo e prato no seu día pola consellaría, son ridículos e raquíticos en canto á entrada de biorresiduos e nulos en canto á produción de compost.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outro capítulo de irregularidades ten que ver cos contratos das plantas empacadoras e do transporte, con denuncias que alertan sobre a sobrecarga dos camións e as relacións directas entre as empresas adxudicatarias dos respectivos contratos (GESECO no caso dunha parte importante das plantas de transferencia e COPASA no caso do transporte).

Por último. Cabe sinalar a situación de monopolio que se dá en catro grandes contratos do complexo de Cerceda (Planta de incineración, Planta de clasificación, Vertedoiro de Areosa, Plan de Compostaxe de Areosa), todos xestionados polo grupo Valtalia a través de diferentes empresas. Este mesmo grupo ten unha posición dominante na xestión de residuos que saen de Cerceda para a reciclaxe, e ten tamén conexións con unha das empresas que conforma a UTE adxudicataria do contrato de transporte.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que problemas se están a producir no funcionamento da planta de incineración e na planta de clasificación de SOGAMA en Cerceda?
- . Por que razón se produciron esperas de ate 8 horas na descarga dos camións de transporte?
- . Por que razón se deriva directamente ao vertedoiro de Areosa unha boa parte dos residuos que chegan a Cerceda?
- . Que medidas ten previsto adoptar SOGAMA para garantir a seguridade na planta de recepción de residuos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- . Que medidas ten previsto adoptar SOGAMA para garantir a seguridade no vertedoiro de Areosa?
- . Que previsións ten SOGAMA para cumprir os obxectivos anunciados na planta de compostaxe de Areosa?
- . Que medidas ten previsto adoptar SOGAMA en relación coas irregularidades denunciadas nos contratos das plantas de transferencia e de transporte?
- . Como valora SOGAMA a posición de dominio e case monopolio que se dá nos contratos das instalacións de Cerceda?
- . Existen solapamentos entre estes contratos no sentido de que existe persoal técnico que comparte traballo nas distintas instalacións?
- . Como valora a Xunta os resultados do sistema SOGAMA e o incumprimento de Galiza dos obxectivos de reciclaxe para 2020?
- . Por que a Xunta teima en apostar como solución dominante por sistemas finalistas e non circulares (incineración e vertedoiro) no tratamento dos residuos?

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Mercedes Queixas Zas
Alexandra Fernández Gómez
Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/06/2021 11:38:11

Mercedes Queixas Zas na data 04/06/2021 11:38:19

Alexandra Fernández Gómez na data 04/06/2021 11:38:29

Paulo Ríos Santomé na data 04/06/2021 11:38:38



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A pandemia elevou a conexión a Internet á categoría de servizo básico, así como a electricidade, e accións tan cotiás como o teletraballo ou facer unha videochamada son unha odisea nunha boa parte das zonas rurais da nosa comunidade.

Uns 10.000 veciños das parroquias de Gondomar sofren un servizo precario, cun máximo de 3 megabytes de velocidade, por iso os socialistas demandamos un acceso digno á rede en todo o territorio municipal. A razón é o atraso no despregue de fibra óptica nas parroquias, que aínda está atascado dous anos despois do seu inicio.

Orange, R e Vodafone cobren o centro urbano e áreas específicas de Morgadáns e Vincios. Pero o principal tronco de alimentación da rede rural que Movistar se encarga de estender –tras recibir 100 millóns de euros da Xunta e a banda ancha do Estado prevé chegar a poboacións de menos de 300 habitantes– chegará desde A Ramallosa e nese punto aínda está bloqueado. A falta de acordo entre a empresa e os propietarios para colocar os postes e o cableado, fan que continúe o retraso na conectividade das parroquias de Gondomar.

A situación deixa á práctica totalidade dos residentes desta vila con conexións precarias, xa que a máis de 3,5 quilómetros do centro urbano é practicamente imposible conectarse a internet.

As persoas usuarias das parroquias de Borreiros, Donas, Mañufe, Peitieiros, Couso, Morgadáns, Chaín e Vilaza optan por alternativas como routers 4G, radio ou satélite, que ofrecen conexións residuais saturadas

O problema agrávase en zonas remotas ás que nin sequera chegou o ADSL. Os veciños usan sistemas de radio ou satélite que apenas chegan a 1 megabyte e imposibilitan sequera enviar un correo electrónico.



O Grupo Parlamentario Socialista cualifica este atraso de intolerable. Por iso, esiximos á Xunta de Galicia que controle o cumprimento dos contratos que adxudica ás operadoras encargadas do acceso á conectividade.

A Plataforma Gondomar Fibra Xa! presentou o día 27 de maio ante a Delegación da Xunta de Galicia en Vigo as 1.610 sinaturas recollidas no municipio para esixir ás administracións que fagan cumprir os compromisos de execución dun servizo de internet de calidade que permita desenvolver no municipio de Gondomar as condicións doutras áreas e que obriguen ás empresas a cumprir o establecido no contrato.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai a Xunta de Galicia, concretamente a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) a controlar os contratos de despregue de fibra óptica que adxudica ás operadoras que cobren os concellos de toda Galicia?
2. Ten pensado a Xunta de Galicia, concretamente a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), controlar os contratos de despregue de fibra óptica que adxudica ás operadoras que cobren o concello de Gondomar?

Pazo do Parlamento, 4 de xuño de 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 04/06/2021 11:47:03

Martín Seco García na data 04/06/2021 11:47:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Noa Presas Bergantiños, Carmen Aira Díaz e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a retirada da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade pola UNESCO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 10 de decembro de 2019 o Presidente da Xunta presentaba perante os medios o Plan Ribeira Sacra, co que o Goberno galego anunciaba a candidatura desta área a Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, despois de conseguir o apoio do Consello do Patrimonio Histórico Español, organismo responsábel de seleccionar as propostas que o Estado presenta cada ano ante a UNESCO, quen acordara elevar ao organismo internacional a candidatura galega de cara á súa valoración polo Comité de Patrimonio Mundial de 2021.

O proxecto prevía, segundo indicaba o Presidente da Xunta, un investimento total de 34 millóns de euros ata 2023, distribuído en proxectos de actuación no patrimonio e paisaxe cultural, a ordenación do territorio, a conservación dos valores naturais e medio ambiente, o desenvolvemento económico sustentable, a xestión do turismo, a educación, formación e investigación ou a comunicación e participación.

Un plan definido como unha estratexia común para a conservación e protección desta zona poñendo en destaque valores como o seu patrimonio románico e antropolóxico, a paisaxe ou as mostras de enxeñaría vencelladas ao cultivo das vides.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O goberno galego, de forma sorprendente e apenas a un mes da reunión de votación, fai pública a decisión consensuada co goberno español de renunciar a presentar a candidatura da Ribeira Sacra perante a UNESCO.

As razóns do abandono din estar sustentadas, segundo os medios de comunicación, nas carencias técnicas que especialistas vinculados coa Unesco detectaron en aspectos concretos da documentación coa que a Xunta respalda esta candidatura e recollidos no informe de Icomos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que razóns concretas levaron a Xunta de Galiza a renunciar á presentación da Ribeira Sacra como candidata a Patrimonio da Humanidade pola UNESCO en 2021?

. Que avaliación negativa recolle o informe do Icomos? A que aspectos concretos se refire?

. Mantivo a Xunta reunións con colectivos e asociacións vinculados ao estudo e divulgación do patrimonio galego para a elaboración do documento informativo da candidatura?

. Recibiron propostas e alegacións deses colectivos? Atendéronas incorporándoas á documentación elaborada pola Xunta?

. Que calendarización contempla a Xunta para continuar a desenvolver o Plan Ribeira Sacra, á vista da retirada da candidatura para 2021?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2021

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Noa Presas Bergantiños

Carmen Aira Díaz

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/06/2021 12:37:16

María del Carmen Aira Díaz na data 04/06/2021 12:37:20

Noa Presas Bergantiños na data 04/06/2021 12:37:29

Mercedes Queixas Zas na data 04/06/2021 12:37:37



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **por escrito**.

Cada vez que se producen incendios o Partido Popular e o Goberno galego volven a incidir no de sempre en criminalizar á cidadanía falando dos moitos pirómanos e incendiarios que ao seu entender proliferan libremente polos montes de Galicia, igual que fixeron tantas veces cando as cousas se volvían en contra apelando a un suposto terrorismo incendiario, argumento que foi desmontado dun xeito contundente e repetidas veces pola Fiscalía de Galicia.

O problema dos lumes en Galicia non é un problema de orde pública, aínda que ben sabemos que é preciso manter os esforzos neste eido e na persecución do delito. O problema dos incendios en Galicia é o abandono absoluto no que está o territorio, deste mundo rural desmantelado que o Partido Popular e o Goberno galego decidiu esquecer e seguen a facer logo de gobernar a Xunta de Galicia durante a maior parte da súa existencia.

O problema dos incendios en Galicia son ese medio millón de hectáreas aptas para aproveitar sostiblemente de forma multifuncional, que na actualidade non son produtivas. O que desgraciadamente acontece e que arden todos os anos, o problema é a falla de relevo poboacional e eses dez mil galegos e galegas que abandonan de media o seu país todos os anos.

Esa é realmente a causa dos lumes en Galicia, e por iso temos aquí, en tan só un 6 % do territorio español, preto do 30 % de todos os incendios e grandes incendios que se producen en España, e por iso a cuarta parte da superficie que ardeu o ano pasado en España ardeu na provincia de Ourense, que representa unicamente o 1,4 % da superficie total do Estado; e por iso 8 dos 17 grandes incendios que houbo no 2020 ocorreron en Ourense; e por iso o lume que arrasou unha vez máis o Parque Natural do Xurés foi o terceiro máis grande de España.

É necesario, por unha banda, consolidar e mellorar a eficacia do dispositivo contra incendios forestais. Temos que darlle apoio material, pero en tal caso debería atender o Goberno galego ás achegas que se fixeron no Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política



forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, a resultas da vaga de lumes que sufriu en Galicia en Outubro do 2017.

E por esa mesma razón a Xunta de Galicia debería atender as conclusións e recomendacións que con motivo do anterior ditame fixo o grupo de expertos en incendios forestais, e que recolleron nun documento que foi entregado no Parlamento no verán do 2019.

É obvio que moitas das melloras que propoñían aínda non foron implementadas nin asumidas polo Goberno galego, todo reduciuse a creación dunha Dirección Xeral, no que non se tratou dun reparto axeitado dos medios de loita existentes na Comunidade Autónoma conforme a situación actual, nin se analizou por parte da Administración dos reforzos que sexan necesarios e a súa distribución territorial, se axuste verdadeiramente á incidencia dos lumes nesas comarcas e distritos, e aos poucos alentadores escenarios que nos augura o cambio climático.

No documento xeral elaborado polo grupo de traballo presentáronse varias táboas sobre a distribución ideal das brigadas, tanto en canto ao seu número como ao seu despregue territorial e temporal. A tal fin elaborouse un modelo mediante a aplicación dun algoritmo, en función da superficie de cada distrito e da incidencia dos lumes (número de incendios e superficies afectadas), empregando para isto o histórico dos lumes dos últimos dez anos.

Nas táboas presentadas evidénciase claramente unha forte distorsión ou descompensación no reparto actual das brigadas respecto do modelo proposto, uns desaxustes que debería ter en conta a Consellería do Medio Rural á hora de definir e distribuír o operativo.

Así por exemplo, na provincia de Ourense, e malia presentar o 41 % dos lumes e o 59 % da superficie total queimada en Galicia nos últimos 10 anos, o reparto de brigadas proposto pola Xunta de Galicia atribúelle a esta provincia unicamente o 30 % das brigadas existentes, porén, e segundo o modelo, debería corresponderlle o 43 %, e a esta provincia xunto coa de Pontevedra os dous terzos das brigadas, cun incremento porcentual similar ao anterior.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que a Consellería de Medio Rural non procedeu ao reparto de medios de loita existentes na Comunidade Autónoma, os reforzos necesarios e a súa distribución territorial, axustándose verdadeiramente á incidencia dos lumes por comarcas e distritos, tal como indicaba o comité de expertos?
2. Ten prevista realizar a Consellería de Medio Rural a tan mencionada reestruturación dos distritos forestais?
3. Cal foi a incidencia de lumes en Galicia no ano 2019 e 2020, con distribución provincial, comarcal e por distritos, con indicación de superficie queimada rasa e arborada?
4. Cal foi o reparto nos anos 2019 e 2020, dos medios de loita, por comarcas e distritos?
5. Cal é o reparto actual dos medios de loita existentes na Comunidade Autónoma, e a súa distribución territorial?
6. Cree a Consellería de Medio Rural que ese reparto se axusta verdadeiramente á incidencia dos lumes?

Pazo do Parlamento, 4 de xuño do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/06/2021 12:48:40

Martín Seco García na data 04/06/2021 12:48:49



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A situación da Atención Primaria vén sendo obxecto de debate e de queixas continuadas por parte de colectivos de profesionais e usuarios do sistema sanitario de Galicia nos últimos tempos. A pandemia provocada pola COVID sinalou, especificamente, a relevancia da primaria no conxunto do sistema sanitario, evidenciado na necesidade de que fosen os profesionais deste nivel asistencial os que afrontasen un volume de demanda moi elevado por parte da cidadanía.

Lonxe de ser resoltos os problemas enquistados dende hai anos na Atención Primaria (falta de profesionais, organización dos centros, presenza da primaria nos órganos de dirección, coordinación entre a dirección do sistema sanitaria e profesionais...), a pandemia intensificou estes problemas e fíxoos de necesaria e urxente resolución. Medidas como o inicio dun estudo serolóxico autonómico, sen consultar nin coordinar cos profesionais de primaria e existindo un estudo realizado xa polo Goberno de España, antes de dotar de medios de protección aos propios profesionais ou a negativa a realizar contratacións extraordinarias necesarias para dotar ao sistema de primaria dos medios axeitados puxeron de manifesto que, a pesares de todo, non existen avances para a mellora deste nivel asistencial.

Non en tanto as políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media Española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira Comunidade Autónoma con peor ratio de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media española está no 5,9 e a europea cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90 % de prazas de atención primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98 % (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).



A pesar diso, nos últimos 10 anos Galicia deixou de formar a 150 médicos de familia e comunitarios, dos que puideron ser solicitadas prazas MIR e non se fixo. Os últimos anos, a partir da chegada do goberno de Pedro Sánchez, foron concedidas a Galicia o maior número de prazas MIR da historia, tamén no específico de medicina de familia e pediatría.

Ante este problema a Dirección do Sergas vén de ofrecer uns acordos de xestión que marcan obxectivos moi discutidos polos profesionais, e que perpetúan a tendencia de encamiñar ao sistema de primaria a funcionar como procesadores de pacientes e non a traballar de maneira real na implantación dun verdadeiro sistema comunitario e con atención de proximidade.

As solucións laborais que o goberno da Xunta de Galicia vai debullando e soltando como globos-sonda encamiñan tamén a situación á evidencia de non comprender a realidade que se vive nos centros de saúde, como a idea proposta por Núñez Feijoo sobre a creación de profesionais nos centros de saúde dedicados só ás urxencias (o que alteraría o sistema estable de hai moito tempo coordinado cos PAC e a súa función de atención a urxencias).

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten intención o Goberno de Galicia de crear a figura do profesional facultativo de atención ás urxencias médicos nas quendas de mañá nos centros de saúde?
2. Considera o Goberno de Galicia que a posible figura dun profesional de urxencias para a quenda de mañá nos centros de saúde é compatible co sistema de funcionamento dos PAC?
3. Consultou o Goberno de Galicia cos representantes dos traballadores e os colectivos profesionais máis representativos esta figura posible?
4. Está valorando o goberno de Galicia que o Sergas implante a figura do profesional facultativo de atención ás urxencias médicos nas quendas de mañá nos centros de saúde de maneira paralela e desvinculada dos PAC?

Pazo do Parlamento, 7 de xuño do 2021





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 16955
Data envío: 07/06/2021 08:15:14.134

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 07/06/2021 08:10:13

Marina Ortega Otero na data 07/06/2021 08:10:21

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGnZeng3nsn7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 1928 e 1939 as concesionarias mineiras das Minas “San Finx”, en Lousame, construíron sobre a canle do río San Fins dúas presas de decantación de lodos mineiros, seguindo o método de ‘presas de colas fluviais’ (riverine tailings), habituais nas minas coloniais británicas da primeira metade do século pasado. Adquirida a mina polo Banco Pastor en 1940, as presas de residuos mineiros continuaron sendo utilizadas pola explotación, como evidencian os plans anuais de labores presentados ata o ano 2000, no que a explotación se abandona por completo e se deixa de presentar estes documentos preceptivos. A falla dunha das comportas da presa maior, de 14 metros de altura e 50 de lonxitude, causou o que na altura se deu en chamar a “catástrofe de 1960”.

En 1940 o enxeñeiro de minas Manuel Peón Martínez publica unha “Memoria descriptiva de la explotación de las minas de estaño y wolfram de San Finx” que describe as presas de residuos mineiros do seguinte xeito no apartado denominado “sistema de clarificación”:

“La clarificación de las aguas turbias procedentes del lavado de mineral, se efectúa por el procedimiento de decantación. En los años 1.924 y 1925 se construyeron tres estanques de decantación para recoger la grava y arena estériles del lavado, que lleva las aguas en suspensión al objeto de que estas aguas vertiesen en el río





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

debidamente clarificadas. Más tarde, en 1.928, se construye un muro-presa de 4 metros de altura, cerrando transversalmente una cañada y constituyendo un envalse [sic] de 4,200 metros cúbicos de capacidad, como complemento del sistema de clarificación y es donde se decantan las arenas que no fueron retenidas en los depósitos anteriores.

Con el fin de completar éste sistema de clarificación, se proyectó y construyó últimamente, en 1939 otro depósito de decantación de aguas, aprovechando una garganta natural del terreno y formando con azud una presa en la que las aguas sufren una suficiente pérdida de velocidad y la decantación se lleva a cabo con los resultados convenientes, que son los de que las aguas sean utilizadas en los diversos usos públicos. El volumen del embalse es de 8.400 metros cúbicos. Este depósito recoge las arenas y lodos —sobre todo estos últimos— que escapan de los anteriores estanques de decantación, con lo cual y en virtud del respetable volumen de dicha balsa, las aguas, al quedar casi en reposo, permiten favorablemente la acción sedimentaria de los materiales en suspensión en un gran recorrido y durante el tiempo suficiente para conseguir la clarificación, ya que siendo el volumen de aguas a clarificar de 34 metros cúbicos hora, se tarda unos 10 días en llenar el embalse (...) Será preciso hacer la limpieza cada cuatro años y de esa forma conseguimos la total captación de las arenas e impurezas de las aguas dejando éstas en buenas condiciones para el uso público.”

O “muro-presa” construído en 1928 é o que, en documentación posterior incluída no expediente do Grupo Mineiro San Finx, se denomina como “presa n.º 1” ou “presa menor”; mentres que o construído en 1939 é o que se ven denominando “presa n.º 2” ou “presa maior”.

Nos anos 80, e para evitar o paso de augas e area contaminadas, taponáronse as comportas da presa. Así se detallaba no Plan Anual de Labores para o ano 1983, no que se inclúe un “Informe del Director Facultativo” no que este manifesta que: “Se ha





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cerrado la compuerta que existía en una presa en el río y que origina un gran embalse para decantación de partículas en suspensión procedentes de nuestro lavadero y que ocasionaban algún daño a la agricultura ribereña aguas abajo”.

Poucos anos máis tarde, o estado de deterioro destas instalacións de residuos mineiros fan que se abran Dilixencias de Investigación Penal 851/88 e Procedemento Abreviado 43/1992 sobre Delito Ecolóxico nos Xulgados de Noia. Xa nun informe de 1988 da 611ª da Comandancia da Garda Civil constátase como: *“Aun cuando es cierto que durante el tiempo que el agua permanece en el embalse puede producirse la decantación de las materias que transporta en suspensión, es opinión de los informantes que el agua cuando sale del mismo lo hace todavía contaminada (...)”*. Nas mesmas dilixencias figura un informe asinado en 12 de setembro de 1991 polo enxeñeiro da Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes D. Ramón Giménez de Azcárate que indica: *“En su día se construyó una presa en el cauce del río con el fin, entre otros, de favorecer la decantación de las partículas sólidas provenientes de los arrastres en su vaso y evitar el enturbiamiento de las aguas. Actualmente, dicha presa se encuentra colmatada con lo que se anula su capacidad de depuración.”*

Esta presa e outra máis pequena situada augas arriba aparecen no apartado “Balsas y presas de residuos” dos Plans de Labores para os anos 1996, 1997, 1998, 1999 e 2000. Precisamente no Plan de Labores de 1997 aparecen reflectidos os traballos realizados para retirar parte dos residuos acumulados na presa menor (ou presa n.º 1). As instalacións de residuos mineiros volven a aparecer no “Inventario, Reconocimiento y Evaluación de Riesgos de balsas mineras y escombreras de la Comunidad Autónoma Gallega” de 1999, que inclúe un “Inventario de Balsas y Escombreras de la Comunidad Autónoma de Galicia”. A pesar destes antecedentes, cando en 2009 a Dirección Xeral de Enerxía e Minas aproba un novo proxecto de explotación e plan de restauración para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a mina, estas instalacións son deixadas fóra do ámbito da explotación, pretendendo eximir ilegalmente á empresa concesionaria das súas responsabilidades sobre as mesmas.

En marzo de 2017, a nova empresa concesionaria, Tungsten San Finx S.L., filial do Grupo Sacyr, recoñeceu que as presas presentan un importante grado de deterioro, aínda que poucos meses antes dicía que estaban en bo estado. A falla crítica destas instalacións de residuos mineiros implicaría liberar ao medio unha cantidade moi importante de substancias perigosas, que poderían forzar o peche dos bancos marisqueiros da ría de Muros-Noia durante anos. Así o confirma un informe sobre as presas de residuos mineiros elaborado por Augas en Galicia en 2017, que indicaba que a máis grande das presas, que protagonizara o trágico incidente da “catástrofe de 1960”, ano no que rebentaron as súas comportas inundando toda a veiga augas abaixo, *“encóntrase practicamente colmatado, e ao estar situado augas abaixo e ter unha maior altura, o arrastre dos materiais podería producir un importante impacto ambiental coa eventual rotura da presa”*. Todo o anterior supón unha evidente vulneración da normativa en materia de xestión de residuos mineiros.

En 2019 o hidrólogo experto en presas de residuos mineiros Steven H. Emerman alertaba sobre os signos dun proceso de licuefacción interna que presenta a maior das presas, no que as partículas dos líquidos que retén a presa comezan a substituír as partículas sólidas da estrutura de formigón, visíbeis a modo de filtracións tinxidas pola presenza de metais pesados. Nunha visita efectuada este mesmo mes púidose comprobar como o tabique que contén a comporta inferior da presa presenta signos de falla, xerando un caudal continuo. O colapso das comportas ou da propia presa causaría unha importante contaminación considerando o volume de lodos almacenados.



Esta situación pon de manifesto o enorme risco que representa a inacción na restauración desta zona, polo que cómpre levar a cabo canto antes as accións pertinentes para proceder á restauración do espazo natural afectado pola actividade mineira, de modo a non repetir a “catástrofe de 1960” co colapso dunha das comportas. A rotura da presa, a 5 km da ría de Noia, suporía o peor dos escenarios e podería producir un impacto ambiental moito maior, como constata Augas de Galicia. Non caben, polo tanto, máis escusas, para que a administración non tome cartas no asunto.

Tras diversas denuncias e a apertura dun “Expediente de averiguación da titularidade das presas” por parte de Augas de Galicia, que concluíu que se trata de presas de residuos mineiros, diversos funcionarios e autoridades da Dirección Xeral de Política Enerxética e Recursos Naturais emitiron informes e documentos públicos entre 2017 e 2019 afirmando que as presas serían “irrefutablemente”, nun primeiro lugar, de carácter hidroeléctrico, e máis tarde, de servizo para un pequeno muíño de millo. Así, contra toda lóxica ou criterio racional á vista dos numerosos antecedentes administrativos, históricos e xudiciais que evidencia a natureza de instalacións de residuos mineiros destas presas, en 18/02/2020 ordénaselle mediante orde verbal a unha enxeñeira técnica de minas do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña realizar un informe no que se afirma: *“puede concluirse que probablemente el conjunto se trata de algún tipo de aprovechamiento HIDRÁULICO, tanto por la disposición (distancias y diferencias de cota) como por la tipología de los diferentes elementos descritos”*, en referencia a un pequeno muíño fariñeiro.

Todo o anterior dáse ademais en ausencia dunha avaliación de impacto ambiental da actividade mineira, que resulta necesario á vista do informe de 04/03/2020 da funcionaria enxeñeira de minas con funcións facultativas responsable da supervisión do Grupo Mineiro San Finx no Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura territorial da Coruña, no que se indica:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“Polo tempo transcorrido e os labores realizados, entendo que o proxecto aprobado xa está superado e que para continuar coa explotación nos niveis inferiores, dadas as características, a envergadura, a natureza e as repercusións da actividade (susceptible de xerar augas ácidas e liberar ións metálicos que poden afectar ao medio natural), non é suficiente aprobar os sucesivos traballos de explotación a través dos plans de labores anuais, pois a dita aprobación carecería de validez segundo o artigo 9 da Lei 21/2013. É polo que, para continuar coa actividade, é necesario que se teña aprobado un proxecto de explotación completo, avaliado ambientalmente e con todas as autorizacións necesarias para a súa efectiva execución.”

Concluíndo coa recomendación á Dirección Xeral de Política Enerxética e Recursos Naturais para que: *“Ordene suspender temporalmente a actividade polo prazo dun ano para os efectos de regularizar esta explotación, requirindo ao titular a presentación dun proxecto de explotación completo cunha boa calidade técnica, ao que se xunte a solicitude de inicio da tramitación da avaliación de impacto ambiental (ou, no seu caso, achegando o informe do órgano ambiental da súa non necesidade), así como os outros requisitos esixidos pola Lei 3/2008 na maneira nela establecida, incluíndo a revisión do plan de restauración conforme ao establecido no artigo 7 do Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras.”*

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Á vista dos antecedentes administrativos, xudiciais e históricos que obran no poder da Xunta de Galicia, como é posíbel que desde a Dirección Xeral de Política





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Enerxética e Recursos Naturais se continúen emitindo informes que, faltando á verdade, asuman a natureza mineira das presas de residuos do Grupo Mineiro San Finx, obstruíndo que se adopten as medidas necesarias e urxentes para a restauración do espazo por parte da empresa concesionaria?

. Adoptou xa a Dirección Xeral de Política Enerxética e Recursos Naturais medidas disciplinarias contra os funcionarios responsábeis por emitir informes faltando á verdade sobre a natureza destas instalacións de residuos? En caso contrario, vai adoptar medidas á vista da extrema gravidade destas actuacións e das súas potenciais consecuencias ambientais e penais?

. Vai finalmente a Xunta obrigar á concesionaria mineira a adoptar e executar as medidas de prevención, evitación e reparación dos danos medioambientais, en cumprimento da Lei 26/2007, de 23 de outubro, de Responsabilidade Medioambiental, e, no caso de omisión, retraso, resistencia ou obstrución, ten pensado iniciar subsidiariamente a execución destas medidas con cargo ao patrimonio de Tungsten San Finx S.L., os seus administradores, propietarios, xerentes, director facultativo e demais responsables subsidiarios?

. Máis concretamente, vai a Xunta dar cumprimento ao programa de intervencións propostas por Augas de Galicia no seu informe final sobre a titularidade das presas de residuos mineiros, en particular procedendo á retirada dos residuos mineiros acumulados nas dúas presas de residuos así como á restauración ambiental do leito degradado e a demolición das presas?

. Vai a Xunta ordenar suspender a actividade do Grupo Mineiro San Finx mentres a concesionaria mineira non adopte e execute as medidas de prevención,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

evitación e reparación dos danos medioambientais relacionados coas presas de residuos mineiros n.º 1 e n.º 2 da referida explotación?

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 07/06/2021 10:01:14

Xosé Luis Bará Torres na data 07/06/2021 10:01:24



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O concello coruñés de Val do Dubra posúe dous centros educativos públicos, o CPI de Bembibre e o CEIP Plurilingüe Xacinto Amigo Lera, o primeiro emprazado na vila que leva o seu nome e o segundo en Portomouro.

Ambos os dous centros presentan deficiencias provocadas polo desgaste lóxico da súa actividade ao longo dos anos, para o que son precisas obras de mellora nas súas instalacións que transcenden as accións de mantemento que o Concello ten encomendadas.

Recentemente, a Xunta de Galicia anunciou que o colexio de Bembibre se incluíría no Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica de Galicia, con proxectos para mellorar a eficiencia enerxética dos edificios e eliminar o fibrocemento, mais parece non ter nada previsto para o CEIP Xacinto Amigo Lera, que ten deficiencias moi semellantes.

En concreto, o centro de Portomouro presenta un serio problema de humidades, con goteiras en aulas, ximnasio e patio, unha situación que se ve agravada pola antigüidade das fiestras e persianas. A esas accións de mellora da eficiencia enerxética debería sumarse tamén una actuación de reforma integral dos baños, que se atopan nun estado moi deficiente.

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

Ten prevista a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade realizar proximamente obras de eficiencia enerxética e mellora de espazos no CEIP Plurilingüe Xacinto Amigo Lera, no concello de Val do Dubra?

Pazo do Parlamento, 4 de xuño de 2021





Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 04/06/2021 13:57:16

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/06/2021 13:57:33



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. O Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionais.

A Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 2.1 modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece: “Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional das competencias, deberá asegurar aos concellos, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolle as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

E no artigo 105.1 establece: “de conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotarán ás facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais.”

Así, o principio de suficiencia financeira implica que as entidades locais galegas deberán dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que as leis lles atribúen e que se deben nutrir de tributos propios e da participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta lei regula a colaboración financeira da Comunidade Autónoma de Galicia coas entidades locais do seu territorio, a través da participación destas nos recursos económicos daquela, sobre a base dos principios de eficiencia, equidade, corresponsabilidade fiscal e lealdade institucional.



A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan aos recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, as administracións locais nas protagonistas máis importantes ante a cidadanía.

O Pacto local asinado entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e o Goberno autonómico no ano 2006, constituíu un paso importante cara a formulacións de diversas iniciativas que se puxeron en marcha desde a Goberno da Xunta de Galicia. A día de hoxe, o Pacto local non está desenvolvido ao 100 %.

O 14 de febreiro de 2017, a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade dos grupos políticos un documento coas demandas en materia de financiamento de cara ao debate para reformar a Lei de facendas locais. As ditas propostas materializáronse nun documento titulado “Resumo executivo da Comisión de análise para o estudo e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais”, documento que consta de tres puntos con cen propostas:

1. Antecedentes
2. Introducción
3. Propostas

Neste último punto, Propostas, trátanse varios apartados, entre os que se inclúe:

3.1. Financiamento local.

3.1.3. Participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, puntos 25 a 33.

3.1.4. Transferencias a través de subvencións, puntos 34 a 43.

O 26 de xuño de 2020, a Fegamp aprobou o Plan de acción multifocal 2020-2022, no que se fai unha análise do contexto económico post-covid-19, dos recursos locais para afrontar a crise, da resposta e das prioridades para afrontar a crise e se establece o plan de actuación, no que se acordaron unha serie de medidas multifocais necesarias para que as entidades locais poidan saír desta crise o máis axiña posible e sen deixar a ninguén atrás. Estas medidas están contempladas dentro do punto 4.2 do dito plan:

4.2.1 Medidas de financiamento das entidades locais

4.2.2 Medidas de coordinación e seguimento

4.2.3 Medidas sociais



- 4.2.4 Medidas de reactivación económica
- 4.2.5 Medidas territoriais e de xestión de servizos
- 4.2.6 Medidas tecnolóxicas
- 4.2.7 Medidas de formación e información

É dicir, novamente todas as entidades locais, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, reiteran a necesidade de que por parte da Xunta de Galicia se acorde coa Fegamp o financiamento das entidades locais, o reparto de subvencións, así como impulsar a coordinación co fin de mellorar a vida da cidadanía que vive en cada concello de Galicia.

Outras administracións, nomeadamente as deputacións da Coruña, de Lugo e de Pontevedra teñen apostado xa na pasada legislatura polo cambio aprobado no seo da Fegamp, aprobando o Plan Único, no que se unifican os antigos plans de investimentos e determinadas liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos e máis transparencia na asignación de recursos.

Durante a X Lexislatura e comezo desta XI a Xunta de Galicia ten aprobado varias normas nas que teñen incrementado as obrigas e/ou competencias das entidades locais sen que en ningún caso lle teñen achegado o financiamento necesario para poder desenvolvelas.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Vai o Goberno galego negociar coa Fegamp un proxecto de lei que regule a participación dos concellos galegos nos ingresos da Comunidade autónoma de Galicia?
- 2ª) Vai acordar o Goberno galego coa Fegamp, neste exercicio 2021, os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade autónoma a favor das entidades locais?

Pazo do Parlamento, 7 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/06/2021 14:15:09





Pablo Arangüena Fernández na data 07/06/2021 14:15:23

Paloma Castro Rey na data 07/06/2021 14:15:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Noa Presas Bergantiños, Daniel Castro García e Carme González Iglesias, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 26 de maio os grupos parlamentarios do Partido Popular e do Partido Socialista de Galiza aprobaron no Pleno do Parlamento unha Proposición non de Lei do primeiro, respecto das actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza para promover e dinamizar o sector da eólica mariña. Na mesma, incluíase un punto que recollía textualmente: “Proceder á constitución dun observatorio desta actividade para o diálogo e o coñecemento tanto das achegas propias coma de outras entidades nacionais, europeas e internacionais, no que se integren representantes de ambas actividades e sexan asistidos por técnicos da administración competente na materia. O obxectivo sería promover a realización de estudos ambientais e socioeconómicos específicos para Galiza que analicen as oportunidades e impacto que podería orixinar a implantación de parques eólicos offshore nas costas galegas”.

Apenas unha semana despois da aprobación deste acordo, o Consello Galego de Pesca convoca aos membros das Comisións sectoriais de arrastre de litoral, cerco e artes fixas en censos continxentados a unha reunión para o día 8 de xuño, cuxo punto primeiro da orde do día é “Proposta de designación de titular e suplente para formar parte do Observatorio da Eólica Mariña de Galiza”.



O primeiro que chama a atención e a axilidade na convocatoria. Pero faino aínda moito máis que non exista un regulamento que ordene a estrutura do propio observatorio, que defina o seu plan de acción e que detalle as súas funcións, a súa organización e a súa composición, entre outras. En definitiva, un regulamento que deba elaborarse con plena transparencia, aprobarse e publicarse no DOG para que todas as partes coñezan as regras básicas do mesmo.

Como mecanismo “de diálogo” non parece que esta sexa a mellor maneira de establecelo, decidíndose de xeito unilateral mesmo cantas persoas van formar parte del e cales son os criterios de escolla.

Faise necesario que nunha materia tan sensíbel os pasos que se dean non xeren dúbidas nin provoquen suspicacias e por iso a administración ten que ser a primeira en actuar con claridade e con respecto aos procedementos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Considera o Goberno galego que a creación do observatorio sobre a eólica mariña está a ser transparente e respecta os procedementos?

. Cales son os motivos da Xunta de Galiza para non elaborar e facer público un regulamento do observatorio da eólica mariña?

. Considera que un órgano desas características debe actuar sen un regulamento que pautas as regras do seu funcionamento? De ser así, quen e en base a que criterios establece esas regras?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2021

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Noa Presas Bergantiños

Daniel Castro García

Carme González Iglesias

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 08/06/2021 09:47:36

Daniel Castro García na data 08/06/2021 09:47:40

Noa Presas Bergantiños na data 08/06/2021 09:47:50

Rosana Pérez Fernández na data 08/06/2021 09:47:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Olalla Rodil Fernández e María González Albert, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En setembro de 2017 aprobouse no Parlamento Español o Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero, culminando en decembro dese ano coa implicación das administracións públicas.

A raíz dese pacto e en base ás súas medidas levouse adiante o estudo "Mujeres víctimas de violencia de género en el mundo rural" foi realizado pola Federación de Asociacións de Mulleres Rurais (FADEMUR), e publicado en outubro do 2020, a cargo da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero que tamén publicou un segundo informe, este co título de "Mujeres mayores de 65 años víctimas de violencia de género" realizado pola Cruz Vermella co apoio da Universidade Carlos III de Madrid.

No primeiro séguese a seguinte metodoloxía:

- O universo deste estudo son 1.711.011 mulleres das cales 180.025 son galegas
- 167 enquisas a mulleres en municipios de menos de 20000 habitantes
- 333 enquisas a profesionais que atenden a vítimas de violencia de xénero





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-23 entrevistas en profundidade a mulleres vítimas de violencia de xénero

As CCAA que participaron son: Andalucía, Aragón, Castela-León, Castela-A Mancha, Extremadura, Galiza e a Rioxa.

Na Galiza fixeron 18 enquisas a mulleres, descoñecemos o número de enquisas a profesionais e entrevistas a 3 das 23 mulleres entrevistadas en profundidade.

O segundo estudo:

- usa a base de datos ATENPRO na que hai 428 mulleres rexistradas de 65 ou máis anos.

-245 enquisas por CA quedando excluídas as CCAA do País Vasco, A Rioxa e a cidade de Ceuta por non contar con mulleres maiores de 65 anos no rexistro.

-As comunidades de Andalucía e Valencia son as que máis peso teñen nas enquisas, o 21 e 20% respectivamente.

De ambos poden tirarse datos aterradores que poden recoller a realidade estatal, pero como se pode demostrar polas cifras manexadas non teñen porque reflectir a realidade galega.

Está claro que Galiza é un caso singular no estado español pola súa peculiar distribución demográfica, e porque conta cun número de entidades de poboación superior ao total do resto do estado español.

É posible que poidamos discutir se na Galiza a referencia do rural está nos municipios inferiores a 20.000 habitantes, como serían Vilalba, Monforte ou Viveiro, ou se como referencia se deberían poñer o límite de habitantes nos 10000 ou por baixo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tampouco parece que a mostra galega en ambos estudos sirva para trasladar os datos á Galiza.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Vai o goberno da Xunta tomar un papel activo para darlle visibilidade á violencia contra a muller no rural encargando un estudo dende a Dirección Xeral de Igualdade co fin de descubrir a realidade da violencia de xénero no entorno rural galego para poder abordala de xeito eficiente?

. Pensa o goberno galego que as mulleres rurais teñen a suficiente cobertura de apoio para dar o paso de deixar atrás a violencia de xénero que sofren?

. Son vostedes conscientes de que no rural é moito máis difícil para as mulleres e as súas fillas e fillos atopar soporte diario para esta situación ?

. Pensaron en facer campañas específicas contra a violencia de xénero no rural?

. Vai a Dirección Xeral de Igualdade subliñar a violencia de xénero no rural nun aparte de cara a darlle visibilidade, véxase diferenciándoa nas estatísticas?

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**
María González Albert





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/06/2021 11:48:49

María González Albert na data 08/06/2021 11:48:53

María del Carmen Aira Díaz na data 08/06/2021 11:49:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Xosé Luis Rivas Cruz e Carmen Aira Díaz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a situación de precariedade á que a Xunta de Galiza ten sometida a Oficina Agraria Comarcal da A Rúa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Oficina Agraria Comarcal situada no concello da Rúa atende a unha ampla superficie territorial sendo a oficina de referencia para boa parte dos concellos da comarca de Valdeorras e atendendo a unha boa parte da cidadanía desta parte do oriente ourensán vinculada principalmente ao sector vitivinícola.

É Valdeorras unha comarca na que o sector agrario ten unha importancia fundamental e na que a tradición do sector do viño fai que case o 100% da poboación teña que acudir nalgún momento do ano á Oficina Agraria.

Nos últimos anos esta oficina, que cumpre cun servizo público fundamental, está a sofrer un progresivo proceso de deterioro e abandono debido principalmente á falta de persoal necesario para atender a unha poboación con intereses no agro case na súa totalidade e que, ao tempo, ten un envellecemento importante e que precisa da prestación dun servizo público de calidade.

Dentro do contexto actual, ao tempo, vese cada vez máis necesario o asesoramento público, dotando de medios materiais e recursos humanos suficientes ás





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

oficinas agrarias comarcais. É preciso un compromiso de apoio técnico obxectivo dende a administración pública, cunha dotación de servizos axeitada que posibilite que as oficinas desenvolvan as súas competencias completas e incluso poidan amplialas en beneficio do rural.

No caso da oficina da Rúa, antes dotada cun cadro de persoal de 3 persoas que vai xa anos se viu reducido a só 2, esta carencia do persoal necesario fai que o servizo que se presta na actualidade sexa moi deficiente, con continuos peches nos últimos anos e con horarios que non se corresponden coas que ten que manter unha oficina de servizo público tendo a conta ademais que a única técnica coa que conta a oficina ten que visitar explotacións de xeito continuado dentro do seu horario laboral.

Neste momento a situación agravouse e ante a baixa laboral das dúas traballadoras da oficina esta leva pechada ao público máis de dúas semanas obrigando á cidadanía (ou cando menos á que dispón de medios de desprazamento propios) a desprazarse até a oficina comarcal do Barco de Valdeorras que xa é deficitaria de por si e que agora non é quen de absorber toda a carga de traballo.

En todo este tempo a Xunta de Galiza non foi quen de cubrir as baixas laborais desas dúas traballadoras ao tempo que se adican a facer propaganda e presentan iniciativas neste Parlamento para “impulsar e desenvolver o Plano de Mellora de atención no rural mediante a dinamización e modernización das Oficinas Agrarias Comarcais, garantindo que manteñan as súas funcións de dinamización e de asesoramento aos gandeiros e agricultores dotándoas dos medios materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento”.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que explicacións pode dar o Goberno galego sobre o desmantelamento de servizos e persoal que está a sufrir a Oficina Agraria da Rúa?

. Van tomar algunha medida urxente para dotar á oficina do persoal preciso para cubrir as baixas laborais das traballadoras do servizo?

. Ten pensado tomar medidas a curto prazo para evitar que se volva dar esta situación na Oficina Agraria da Rúa?

. Pensan recuperar o terceiro posto de traballo que antes daba servizo nesta oficina?

. Consideran que na situación actual a Oficina Agraria da Rúa está a garantir o acceso e a calidade do servizo da cidadanía valdeorresa?

. É a oficina agraria da Rúa o modelo que seguirá a Xunta de Galiza dentro do Plano de Mellora de atención no rural mediante a dinamización e modernización das Oficinas Agrarias Comarcais que o grupo parlamentario do Partido Popular presentou no Parlamento de Galiza?

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Xosé Luis Rivas Cruz

Carmen Aira Díaz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 08/06/2021 12:43:40

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/06/2021 12:43:52

María González Albert na data 08/06/2021 12:45:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Xosé Luis Rivas Cruz e Carmen Aira Díaz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre o incumprimento do acordo parlamentario para dotar ao Concello da Rúa dunha motobomba para a extinción de lumes así como das actuacións que ten de tomar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 26 de maio de 2018 (vai xa 3 anos) o BNG acadaba por unanimidade un acordo na Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes. Porén, a día de hoxe continúa incumprido malia que no verán de 2018 a Xunta de Galiza seguiu adxudicando medios a diferentes concellos sen clarificar cales eran os seus criterios de distribución.

Con posterioridade a aquel acordo unánime deste Parlamento o BNG volveu traer a cuestión á mesma comisión ante a inacción da Xunta e o seu incumprimento flagrante dos acordos parlamentares. Estámonos a situar no 4 de xullo de 2019. Naquel momento a deputada do Bloque Nacionalista Galego dona Noa Presas Bergantiños formulou esta cuestión ante o daquela director xeral de Defensa do Monte, don Tomás Fernández- Couto Juanas que mantivo a actitude de inacción, agravio e incumprimento de acordos do goberno da Xunta de Galiza ante o Concello da Rúa.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Agora, case 2 anos despois, o Partido Popular, de novo no goberno da Xunta de Galiza, continúa a incumprir de xeito escandaloso os seus propios acordos parlamentares nunha situación que é de todo punto de vista inaceptábel.

É por estes motivos que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta esta iniciativa remarcando que o Concello da Rúa mantivera durante case dúas décadas os convenios de motobomba coa Xunta de Galiza e que o termo municipal se atopa nunha posición central e ben comunicada dentro do distrito XIII o que, en tempos pasados, ten feito que a súa motobomba participara de tarefas de extinción en practicamente todo o territorio do distrito forestal.

Naquel momento (2018) o BNG pedía para A Rúa unha motobomba que fose apta para o seu uso intensivo e a día de hoxe as necesidades continúan a ser as mesmas. Hoxe a demanda é a mesma e entendemos que o concello da Rúa, polas súas especiais circunstancias, debe de ser beneficiario daquela ou de calquera outra motobomba dispoñíbel no servizo que, sendo apta para o seu uso, non estea sendo operativa a día de hoxe.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Ten pensado a Xunta de Galiza cumprir cos acordos parlamentares e dotar ao Concello da Rúa dunha motobomba para o seu uso en labores de extinción de incendios forestais?

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Carmen Aira Díaz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 08/06/2021 16:44:19

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/06/2021 16:44:22

María González Albert na data 08/06/2021 16:44:30



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Galicia é o país dos petróglifos, e o concello de Campo Lameiro, en Pontevedra é onde se atopa a maior concentración de petróglifos da Idade de Bronce.

Nun radio de apenas tres quilómetros atópanse un conxunto de 12 gravados, atopamos exemplos como os petróglifos da Rotea de Mendo representan figuras de cervos, e na Pedra da Boullosa contémpanse escenas de pastoreo, unha figura humana e unha serpe de gran tamaño.

O parque arqueolóxico de arte rupestre de Campo Lameiro, entre as parroquias de Paredes e Praderrei, foi inaugurado en 2011, e está formado por dous recursos complementarios.

Dunha banda, o Centro de Interpretación e Documentación, que se configura como un corpo alongado, completamente cuberto por lousas de pedra, concibido como centro de referencia para a investigación e conservación dos petróglifos e como un espazo para o ocio intelixente.

Un segundo recurso é unha extraordinaria paisaxe cultural, de case 22 hectáreas de extensión, na que se observa un importante conxunto de petróglifos.

Ademais o parque de Campo Lameiro inclúe a recreación dun pequeno poboado de hai uns 4.000 anos, integrado por varias cabanas, estruturas de almacenamento e cercados para os animais construídos cos mesmos materiais que no pasado.

Ofrécense actividades como tiro con arco cara a figuras de cervos ou xabarís, talleres de manualidades con ferramentas prehistóricas, ourivaría, olería, cestería, ... co fin de poder reproducir a forma de vida prehistórica.

Dende a apertura deste parque a xestión está externalizada, cun contrato en vigor neste momento ata decembro de 2021, e cunha achega da Consellería de Cultura e Turismo de 433.6583 euros, por 3 anos.



Entre as súas funcións que aparecen neste contrato, están a xestión técnica, económica e sociocultural do parque, a difusión da importancia dos petróglifos, a organización das visitas e a vixilancia do recinto.

Pero entendemos que a conservación do espazo e sobre todo dos bens de patrimonio cultural que alí se atopan e competencia do Goberno da Xunta, e polo tanto, a pesar de verse reducida nestes dous últimos anos a actividade turística, por mor da pandemia, isto non pode ser motivo para non manter a conservación deste espazo, que forma parte do patrimonio cultural galego, e que neste momento se atopa moi deteriorado, con exemplos claros de desleixo como a situación na que se atopa este poboado.

A actividade turística comeza a repuntar novamente tralo éxito da vacinación e o centro de arte rupestre de Campo Lameiro ten que estar acondicionado para recibir aos visitantes, sen que estes poidan sufrir riscos e de forman que poidan desfrutar nun espazo natural coidado, da riqueza arqueolóxica deste territorio.

Aínda que a xestión deste espazo atópese externalizada é responsabilidade do Goberno da Xunta o mantemento do noso patrimonio histórico e o paso do tempo e a falla de coidado pode causar un grave problema irreparable nestes bens.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Entende o Goberno da Xunta que o centro de arte rupestre de Campo Lameiro é un referente estatal de arte rupestre?

2ª) Cando foi a última vez que o Goberno da Xunta fixo unha valoración do Estado no que se atopan os ben histórico-patrimoniais que se atopan neste centro de arte rupestre?

3ª) Ten previsto o Goberno da Xunta, realice un informe no que determine unha valoración da situación na que se atopa o centro de arte rupestre de Campo Lameiro?

4ª) Ten previsto o Goberno da Xunta, levar a cabo actuacións de conservación e mantemento necesarias co fin de garantir o perfecto estado tanto dos petróglifos como das construcións do poboado prehistórico?

Pazo do Parlamento, 8 de xuño de 2021





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 08/06/2021 16:31:02

Noa Susana Díaz Varela na data 08/06/2021 16:31:11

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/06/2021 16:31:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Xosé Luis Rivas Cruz e Carmen Aira Díaz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a vacinación dxs profesionais do servizo esencial de prevención e extinción de incendios de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 15 de marzo de 2020 o Centro de Coordinación Operativa (CECOP) estimou que as funcións realizadas polo persoal dos servizos de prevención e extinción de incendios forestais (que inclúe bombeiros, vixilantes, axentes, técnicos, emisoristas...) ten o carácter de esencial.

Foi en base a esa consideración que o persoal do SPDIF realizou en Galiza labores relativas á prevención e contención da pandemia da COVID desinfectando centros de saúde e residencias da terceira idade entre outras moitas funcións. É dicir: foi un servizo que estivo á cabeza da loita contra o coronavirus desde o primeiro momento no noso país, e incluso podemos asegurar que foron usados politicamente pola Xunta como elemento de propaganda política en momentos determinados sobre todo durante o confinamento.

Paralelamente é importante remarcar que segundo a Lei 17/2015 de 9 de xullo do Sistema Nacional de Protección Civil os servizos de prevención e extinción de incendios forestais realizados por bombeiros forestais, emisoristas, vixilantes técnicos,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

axentes... teñen a consideración de servizos públicos de intervención e asistencia en emerxencias.

Pese a estas dúas evidencias o Plan Galego de Vacinación fronte ao SARS-CoV-2 elaborado e publicado pola Consellaría de Sanidade, estableceu as etapas de vacinación e priorizou os grupos poboacionais clasificando dentro do grupo 6 aos colectivos en activo cunha función esencial e situando dentro do subgrupo 6A aos “profesionais de Protección Civil, Emerxencias e Forzas Armadas”.

Pese a todo isto xa a Xunta de Galiza ten comezado vai xa tres meses a vacinación dos grupos 6B e 6C sen que o persoal do SPDIF, que entendemos incluído no 6A, non teña a día de hoxe sido chamado para principiar a súa vacinación a pesares de estarmos xa entrando na campaña de incendios deste ano cos evidentes problemas que poden xurdir en caso de producirse algún gromo nalgunha brigada ou distrito durante as datas de verán nas que estamos entrando xa.

Así a día de hoxe máis de 3000 profesionais deste servizo non teñen sido vacinados como tales, aínda que é certo que moitas e moitos deles están accedendo xa á vacinación por tramo de idade, o que resulta incomprensíbel do punto de vista dunha correcta xestión dos servizos de emerxencia deste país.

Neste mesmo período, outras comunidades autónomas como Madrid, La Rioja ou Castela e León (tras a ameaza dos profesionais de non acudir aos lumes en caso de non estar vacinadx) teñen iniciado e nalgúns casos completado ese proceso polo que resulta máis sorprendente o desprezo do executivo galego ante o persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Considera a Xunta de Galiza que o servizo realizado polo persoal do SPDIF ten o carácter de esencial?
- . Tiña o persoal do SPDIF a consideración de esencial en 2020 cando realizou labores de prevención contra a COVID?
- . Considera a Xunta de Galiza ao persoal do SPDIF como persoal de emerxencias segundo a definición dada pola Lei 17/2015?
- . Que motivos levaron á Xunta de Galiza a non vacinar ao persoal do SPDIF dentro do grupo de persoal de emerxencias dentro do plan de vacinación de Galiza?
- . Estiman que houbo algún erro na xestión da vacinación deste colectivo? Pensan subsanalo?

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Xosé Luis Rivas Cruz

Carmen Aira Díaz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 08/06/2021 18:14:26

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/06/2021 18:14:30

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/06/2021 18:14:38

María González Albert na data 08/06/2021 18:14:47



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O último borrador do texto de negociación sobre subvencións á pesca presentada pola Presidencia do Grupo de Negociación sobre normas da Organización Mundial do Comercio (OMC), de data 11 de maio de 2021, inclúe o estado das negociacións en asuntos como disciplinas para eliminar as subvencións á pesca ilegal, non declarada e non regulamentada: prohibición de subvencións á pesca de poboacións sobreexplotadas: e prohibición de determinadas subvencións que poden contribuír á sobre capacidade e á sobrepesca.

Ao sector e ao propio Ministerio de Pesca preocúpalle que a OMC queira aprobar unha proposta que leva 20 anos negociando e que pretende retirar certas formas de subvención á pesca como é a bonificación ao gasóleo. CEPESCA e a Federación Nacional de Confrarías amosaron a súa preocupación pola retirada das exencións de impostos e bonificacións ao combustible.

Sen o combustible bonificado, agora a 45 céntimos o litro, a frota galega podería ver ameazada a súa viabilidade porque podería custar o dobre. No caso do gasóleo, o seu custe pode chegar a superar o 40 % dos custes de explotación na pesca. No caso dos arrastreiros pode chegar a un 50 %, e que si se eliminan estas exencións, podería pasar a representar o 75 % de ditos custes.

Esta proposta non parte só da Organización Mundial do Comercio senón que tamén o Comité Europeo da Rexións solicita a eliminación das subvencións do combustible á pesca.

Certo é que esta idea de retirada de axudas ao gasóleo na pesca non é nova, e que de momento o que formula a OMC e o CdR son propostas, pero a verdade é que o panorama é bastante incerto e ademais non se coñece a postura que vai defender a Comisión Europea.

Ante esta situación de que as axudas ao combustible se atopan entre as susceptibles de prohibirse e ante o descoñecemento sobre cal vai ser a posición da Comisión Europea, o Goberno de España, xunto con Francia presentou, no último Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea, unha proposta



conxunta para pedirle á Comisión Europea que informe sobre a posición que vai defender sobre as axudas públicas no sector da pesca. O Goberno central pídlle á Comisión Europea que coordine cos Estados membros a posición negociadora sobre as axudas á pesca ante a OMC.

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Que xestións leva realizado o Goberno galego ante a proposta da Organización Mundial do Consumo que pretende retirar certas formas de subvención á pesca como a bonificación ao gasóleo?

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 08/06/2021 18:13:01

Julio Torrado Quintela na data 08/06/2021 18:13:16



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz, solicita a esa mesa se proceda a realizar unha corrección de erros nos documentos con números de rexistro: 17076, 17077, 17078, 17079 e 17080.

Onde di: “... Organización Mundial de Consumo ...”, debe dicir: “... Organización Mundial do Comercio ...”

Pazo do Parlamento, 9 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 09/06/2021 14:06:22

Julio Torrado Quintela na data 09/06/2021 14:06:35

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/06/2021 14:06:48



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O hospital da Mariña, sito en Burela, é o hospital de referencia da zona norte da provincia de Lugo e atende a unha poboación de máis de 70.000 habitantes que se incrementa de xeito exponencial na época de vacacións.

No hospital da Mariña hai cinco prazas de radioloxía, sen embargo a día de hoxe o Hospital só conta con tres radiólogos. No hospital da Mariña dende hai moito tempo existen dúas prazas de radiólogos sen cubrir, despois da xubilación dunha das profesionais e o traslado doutra facultativa.

Unha das consecuencias desta falla de facultativos é que un gran número de mulleres da Mariña lucense están sendo derivadas cara ao Hula se as mamografías do cribado do cancro de mama necesitan unha atención ou valoración especial a xuízo dos profesionais. Isto provoca, non hai que pasalo por alto, moita inqueda por ter que pasar por situacións complexas e de certa angustia lonxe do seu hospital e dos seus profesionais de referencia. Isto ocorre tamén para a realización de probas complementarias, como ecografías, que ata agora se viñan facendo no hospital da Mariña, como así vén de denunciar a Plataforma Sanitaria da Mariña.

A non cobertura destas prazas é unha mostra máis da degradación constante e do desmantelamento da sanidade pública na comarca da Mariña por parte da Xunta de Galicia, como xa o denunciámos hai pouco tempo tamén co servizo de cardioloxía.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Entende o Goberno galego que a atención no servizo de radioloxía do hospital da Mariña se atopa garantida con criterios de calidade e proximidade nestas condicións?



2ª) Cando pensa a Consellería de Sanidade cubrir as dúas prazas vacantes de radiólogos que existen no hospital da Mariña?

Pazo do Parlamento, 8 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 08/06/2021 19:06:10

Julio Torrado Quintela na data 08/06/2021 19:06:24

Marina Ortega Otero na data 08/06/2021 19:06:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a valoración da Xunta de Galiza acerca do cumprimento da lei 2/2014 e do funcionamento do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación da lei 2/2014 pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, persoas trans, bisexuais e intersexuais de Galiza foi pola altura unha medida avanzada con respecto a outras comunidades do estado, a pesar de que xa daquela ten recibido críticas por considerarse escasa. Desde o comezo da súa aplicación, soamente se ten remitido un informe de aplicación desta lei ao Parlamento de Galiza, no que se analizan as actividades desenvolvidas desde a Xunta de Galiza neste eido ata xuño de 2018.

Máis tarde, mediante o decreto 131/2018 creouse e regulamentouse o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, que non foi constituído ata xuño de 2019. Organizacións LGBT de todo o país teñen manifestado en diferentes ocasións certo escepticismo e o temor de que este órgano viñese a funcionar como un “órgano pantasma”. Temores que non resultaron desencamiñados dada a escaseza de xuntanzas que se ten dado do dito organismo desde a súa creación ata a actualidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tristemente e a pesar destas ferramentas, seguimos constatando que a LGBTfobia aínda non foi erradicada da nosa sociedade. Informes actuais como o publicado polo Observatorio Coruñés contra a LGBTfobia alertan das denuncias recibidas en relación a acoso, agresións verbais, agresións físicas, ataques contra o patrimonio, así como difusión e publicidade de pseudoterapias que anuncian a posibilidade de mudar a orientación sexual das persoas. Aínda que a maior parte destes incidentes se produciron na vía pública, tamén teñen importancia os sucedidos no fogar ou a través das redes sociais. Tamén é importante sinalar as denuncias feitas por agresións dentro da Administración pública, que aínda que se reduciron a respecto do informe do ano previo, continúan a darse en Galiza.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Cal é a valoración que fai o goberno galego da aplicación da lei 2/2014, así como do funcionamento do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero?

. Ten algunha medida contemplada para impulsar o funcionamento deste organismo?

. Cal é a razón pola que aínda non se desenvolveron todas as medidas recollidas na lei 2/2014?

. Que plans ten contemplados para combater as agresións LGBTfóbicas que se continúan a denunciar? Cal é o plan específico para eliminar os ataques que se dan dentro da Administración autonómica?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2021

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 09/06/2021 09:20:36

Olalla Rodil Fernández na data 09/06/2021 09:20:52

Noa Presas Bergantiños na data 09/06/2021 09:21:00

Xosé Luis Bará Torres na data 09/06/2021 09:21:08

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/06/2021 09:21:15



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Lei 7/2014 de arquivos e documentos de Galicia asegura no seu preámbulo que os arquivos constitúen servizos de máxima relevancia nunha sociedade democrática pois a través deles se asegura a reunión, conservación e consulta dos documentos que integran o patrimonio documental dun pobo nas súas diversas expresións. En efecto, os arquivos son instrumentos que garanten a pervivencia da nosa memoria colectiva, social e institucional, á vez que aseguran unha mellor e maior gobernabilidade.

Partindo da súa esencialidade, e coas competencias únicas da Xunta de Galicia nesta materia, sorprende o estado dos arquivos públicos de Galicia, que se atopan nunha total precariedade tanto en materia de persoal como de espazos e recursos consecuencia da ausencia dunha política arquivística a medio e longo prazo e que ten como resultado a perda inxente de documentación, co que periga non só o noso patrimonio senón tamén a posta en marcha de maneira eficaz da Administración electrónica.

Proba desta desidia é a ausencia do plan de arquivos ao que a disposición transitoria segunda da lei mencionada obrigaba a ter aprobada no prazo dun ano desde a entrada en vigor da norma legislativa (2014), coa fin de avaliar as necesidades de persoal e de infraestruturas dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia. En recente comparecencia parlamentaria, o secretario xeral de Cultura anunciaba que estaban traballando nun plan de arquivos da Xunta de Galicia para “resolver as carencias existentes”, pero non sabemos se con esa afirmación se refería aos arquivos da Xunta de Galicia ou -tal e como obriga a lei- ao Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.

Aínda sen coñecer os detalles e marco de actuación, ese plan debería xa incluír as perspectivas feministas e/ou de xénero, totalmente ausentes nas unidades da rede do sistema de arquivos de Galicia e tamén nos plans de formación, como apuntan as arquivistas Dolores Pereira, Olimpia López e Mariám Mariño no *Informe sobre os arquivos públicos en Galicia. Unha perspectiva de xénero e feminista*. Partindo de que os e as profesionais da arquivística son axentes que participan na configuración dunha memoria social conscientemente construída, nese estudo



consideran imprescindible que ese proceso de cambio cara á inclusión das mulleres na nosa memoria documental sexa tamén asumido polas administracións, algo que suporía situar Galicia nunha posición pioneira no conxunto do Estado.

Por todo o exposto, no Día Internacional dos Arquivos, a deputada e o deputado que asinan solicitan

1ª. Cando pensa o Goberno galego ter redactado o Plan de Arquivos de Galicia ao que a Lei 7/2014 de arquivos e documentos de Galicia obrigaba a ter rematado en 2015?

2ª. Como valora a Xunta de Galicia o estado dos arquivos públicos en Galicia?

3ª. Pensa a Xunta de Galicia convocar novas prazas de arquivistas coas que cubrir as enormes carencias de persoal nos arquivos galegos?

4ª. É consciente o Goberno galego da necesidade urxente de incorporar a perspectiva de xénero na práctica arquivística para que non se siga perdendo a memoria das mulleres?

5ª. Como pensa solucionar a Xunta de Galicia o gran problema de espazos físicos que presentan os arquivos en Galicia?

Pazo do Parlamento, 9 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 09/06/2021 13:09:11

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/06/2021 13:09:26



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Programa Patrimonio da Humanidade foi constituído coa Convención para a Cooperación Internacional na Protección da Herdanza Cultural e Natural da Humanidade, adoptada pola Conferencia Xeral da UNESCO o 16 de novembro de 1972 co obxectivo de protexer, preservar e difundir sitios e eidos de singular relevancia cultural.

Consciente de que A Ribeira Sacra é merecedora da protección e do recoñecemento que ofrece ser declarada Patrimonio da Humanidade, as deputacións de Lugo e Ourense coa colaboración do Consorcio da Ribeira Sacra e o Valedor do Pobo, impulsaron en 2007 a candidatura para declárala Patrimonio da Humanidade, un proxecto que fixo seu a Xunta de Galicia.

Así, en 2018 declárase Ben de Interese Cultural a paisaxe cultural da Ribeira Sacra, paso previo para presentarse á Lista do Patrimonio Cultural da Unesco. En marzo de 2020 coñecía-se que finalmente sería unha das 24 propostas mundiais elixidas pola Unesco para ser sometida a estudo e avaliación.

Mais esta semana tomouse a decisión do “aprazamento estratéxico” do último paso para a presentación da candidatura da Ribeira Sacra, logo de coñecer o informe elaborado polo Icomos no que recomentan non seguir adiante co expediente porque, á vista da documentación xustificativa presentada, non se dan as condicións para tal recoñecemento. O organismo asesor da Unesco, que visitou a zona en outubro de 2020, pon en cuestión as principais liñas argumentais esgrimidas pola Xunta de Galicia para o seu recoñecemento como patrimonio da Humanidade.

Non obstante, dende a Xunta de Galicia xustifican esa “decisión estratéxica” para ter máis tempo para “tomar impulso e avanzar, con paso aínda máis firme, cara o si definitivo” coa fin de “seguir facendo da Ribeira Sacra un territorio máis vivo, mellor coidado e máis recoñecido en todo o mundo”, segundo afirmou o conselleiro de Cultura aos medios de comunicación.



Aproveitou tamén o conselleiro para falar do ‘Plan Ribeira Sacra. Plan de Xestión da Paisaxe cultural’ ao que asegura se destinarán 34 millóns de euros, e dun proxecto presentado aos fondos *Nex Generation* orzamentado en 40 millóns máis, pero a realidade é que nada se sabe deste plan, nin das liñas de acción estratéxicas, nin do destino das partidas específicas, nin canto lle vai corresponder a cada concello en cada exercicio e a que Consellaría pertence cada orzamento.

Diante do exposto, ao grupo socialista preocúpalle o traballo desenvolvido nesta candidatura pola Xunta de Galicia, que nos leva a pensar se o Goberno galego debe reformularse o futuro de máis candidaturas semellantes do noso patrimonio cultural e natural que optan a recoñecementos internacionais do máis alto nivel.

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Á vista do acontecido coa Ribeira Sacra, vai reformular o Goberno galego as súas estratexias para outras candidaturas do noso patrimonio que optan a recoñecementos internacionais?

2ª) Considera o Goberno galego que errou na estratexia argumental da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade?

3ª) Vai cambiar a Xunta de Galicia a súa estratexia para conseguir que a Ribeira Sacra sexa recoñecida pola Unesco?

4ª) Cantas veces se reuniu en 2020 e 2021 a comisión interdepartamental da Ribeira Sacra, presentada como ferramenta clave na coordinación de accións para avanzar coas máximas garantías no desenvolvemento da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade?

5ª) Cal é o reparto, por concellos e accións concretas, dos máis de 34 millóns de euros do Plan Ribeira Sacra previsto para 2020-2023?

Pazo do Parlamento, 9 de xuño de 2021





Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 09/06/2021 13:32:45

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/06/2021 13:32:58





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas a tomar diante do peche da cociña do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A decisión do Partido Popular de construír o Novo Hospital de Vigo polo modelo chamado eufemisticamente, Colaboración Público Privada, non só converteu á concesionaria na responsábel do proxecto de construción senón que supuxo cederlle á mesma a explotación e a xestión de moitos dos servizos do Hospital. Converteuse en propietaria do Hospital durante os 20 anos da concesión, e toma decisións relevantes.

O Sergas deixou en mans da empresa a xestión de servizos esenciais como a limpeza, lavandería, cociña ou mantemento, sen establecer absolutamente ningún mecanismo de control, de garantía de como se teñen que prestar eses servizos.

Vimos de coñecer un exemplo desta situación, A CIG ven de denunciar que o Sergas toma a decisión de pechar a cociña do hospital durante polo menos dous meses porque o chan da mesma e as paredes precisa dunha reparación importante por deficiencias estruturais e por mala calidade dos materiais empregados na construción. Estas deficiencias maniféstanse tan só tras seis anos de funcionamento. Segundo a mesma denuncia a decisión obrigará a traer a comida preparada en camións dende Zaragoza, que é onde ten a sede central a empresa que presta o servizo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Denuncian tamén que a decisión foi tomada sen informar, nin da decisión, nin das consecuencias para a calidade do servizo que ten que prestar ás persoas doentes hospitalizadas.

O Sergas debe explicar como é posíbel que en tan só seis anos exista xa un deterioro que obrigue a un peche da cociña, que responsabilidades lle vai a esixir á empresa concesionaria. Hai que lembrar que á empresa págaselle directamente 73,4 millóns de euros ao ano dos fondos públicos, dos que 42,5 millóns son para devolver o custo da construción e 30,9 millóns pola xestión de servizos como a limpeza, o mantemento ou a lavandería, ao que hai que sumarlle os beneficios por explotacións comerciais como o aparcadoiro, a cafetería, as televisións das habitacións ou as máquinas de vending.

No BNG mantemos que os chamados modelos “de colaboración público-privada” e a xestión da sanidade por empresas privadas levan consigo un maior gasto, unha mingua na calidade asistencial que recibe a poboación, perda de postos de traballo, maior precariedade. Ademais de opacidade, falta de transparencia no control da xestión da sanidade e perda de dereitos para a poboación e calidade asistencial.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que medidas vai tomar para garantir que o peche da cociña do Hospital Álvaro Cunqueiro non afecte á calidade da alimentación que se lle ofrece ás persoas ingresadas nos hospitais de Vigo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai esixirlle á concesionaria responsabilidades polas deficiencias existentes na cociña do Hospital Álvaro Cunqueiro tan só seis anos despois da súa posta en funcionamento?

. Que control realiza a Xunta da xestión que realiza a Sociedade Concesionaria do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo dos servizos que ten concesionados?

. Vai realizar unha auditoría da xestión realizada pola Sociedad Concesionaria do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo dos servizos que ten concesionada a súa xestión?

. Que opinión lle merece que grandes empresas ,fondos de investimento e multinacionais sexan as propietarias do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo e mercantilicen e especulen coa sanidade da Área Sanitaria de Vigo?

. Vai actuar para rescatar o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo e que se converta no hospital público que sempre debeu ser e que a área sanitaria de Vigo precisa?

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 09/06/2021 14:12:13

María do Carme González Iglesias na data 09/06/2021 14:12:16

Alexandra Fernández Gómez na data 09/06/2021 14:12:23

María Montserrat Prado Cores na data 09/06/2021 14:12:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente vimos de coñecer a consulta pública de avaliación ambiental de dous proxectos de parques eólicos mariños flotantes nas costas galegas que a empresa Iberdrola Renovables Galicia, S. A. solicitou á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio para a Transición Ecolóxica.

Un dos proxectos é para un parque en San Cibrao (Cervo-Lugo), cunha potencia total de 490 MW e a súa liña de evacuación a subestacións en terra. O outro é en San Brandan (sic), con igual potencia e liña de evacuación.

Segundo declaracións posteriores de portavoces da empresa, o denominado San Brandan situaríase na costa ártabra. O primeiro estaría a uns 13,5 km. da costa e o segundo a uns 12 e as plataformas flotantes poderían oscilar entre os 100 e os 200 metros.

A autorización dun parque eólico mariño é nestes momentos competencia do goberno do Estado e nunha recente resposta dese goberno a unha iniciativa parlamentar do BNG asegúrase que a *Hoja de Ruta para el Desarrollo de la Eólica Marina y las Energías del Mar en España*, no marco do *Plan Nacional Integrado de Energía y Clima (PNIIEC) 2021-2030*, “se encuentra en avanzado estado de elaboración y está prevista la realización de un trámite de audiencia al objeto de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recabar observacións e contribucións con carácter previo a su aprobación Ademais, actualmente se encontran en proceso de tramitación os Planes de Ordenación do Espacio Marino (POEM) Así, a norma que eventualmente modifique ou substitúa al Real Decreto 1028/2007, de 20 de xullo, por el que se establece o procedemento administrativo para a tramitación de las solicitudes de autorización de instalacións de xeración eléctrica en el mar territorial, que se encontra desactualizado, deberá definir su ámbito de aplicación e los procedementos aplicables a las solicitudes presentadas con anterioridade a su entrada en vigor...”.

Á vista desta resposta é pois de supoñer que aínda hai certo camiño por percorrer antes da admisión a trámite da solicitude de autorización administrativa previa e de construción dun parque eólico mariño en Galiza.

Por outra banda, o Parlamento galego aprobou, tamén hai moi poucas datas, unha iniciativa na que se incluía o seguinte punto: “Avaliar o asentamento de parques no contorno mariño contiguo garantindo o respecto e compatibilidade coas actividades pesqueiras e a preservación do ecosistema mariño”.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1.- Cal é a valoración que fai o goberno galego da consulta pública de avaliación ambiental de dous proxectos de parques eólicos mariños flotantes nas costas galegas?

2.- É coñecedor o Goberno galego de que, antes da aprobación da *Hoja de Ruta para el Desarrollo de la Eólica Marina y las Energías del Mar en España*, está prevista a realización dun trámite de audiencia co obxecto de recabar observacións e contribucións?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Entra dentro das previsións da Xunta de Galiza aportar observacións e contribucións á *Hoja de Ruta para el Desarrollo de la Eólica Marina y las Energías del Mar en España*? De ser así, en que sentido?

4.- Segundo o goberno do Estado “a norma que eventualmente modifique o sustituya al Real Decreto 1028/2007 deberá definir su ámbito de aplicación”. Vai reclamar a Xunta de Galiza a capacidade de decisión sobre a implantación de eólica mariña en Galiza?

5.- Vai avaliar a Xunta de Galiza o que significaría o asentamento dos dous parques que nestes momentos atópanse en consulta pública de avaliación ambiental? En que espazo temporal?

6.- Nese proceso de avaliación vaise ter en conta ao sector pesqueiro e ás súas aportacións?

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 09/06/2021 17:34:46

María do Carme González Iglesias na data 09/06/2021 17:34:49

Xosé Luis Bará Torres na data 09/06/2021 17:34:56

Noa Presas Bergantiños na data 09/06/2021 17:35:06

Daniel Castro García na data 09/06/2021 17:35:12





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias, Daniel Pérez López e Luis Bará Torres,, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de febreiro varias praias da ría da Arousa, da ría de Pontevedra, da ría de Vigo, da ría de Noia e da de Camariñas víronse gravemente danadas polas intensas choivas que caeron sobre todo no litoral galego. Zonas como Rianxo, Cabo de Cruz, Carril, Vilagarcía, Pontevedra, Poio, Arcade, Cesantes, Redondela, Vilaboa, Noia e Camariñas quedaron considerabelmente afectadas polos sucesivos temporais.

Todas as confrarías concernidas coincidiron en subliñar que os grandes aportes de auga doce recibidos provocaron unha baixada importante da salinidade da auga do mar e, no referido ás de Arousa, tamén se incidía directamente como contribución a esa baixa salinidade o exceso de auga doce procedente da presa de Portodemouros (Vila de Cruces e Arzúa). Unha presa que carece de comportas e funciona un sistema de rebose que xa ten causado problemas na ría noutras ocasións.

No caso dos Lombos do Ulla morreu o 100% do berberecho e entre o 80 e o 90% da ameixa xapónica. Na praia de Compostela recolleron máis de 500 kg. de marisco morto e os biólogos da Xunta de Galiza certificaron a morte do 100% da ameixa babosa prantada había un ano e o 80% da xapónica e do berberecho. Na ría de Pontevedra, a mortalidade afectou significativamente á ameixa xapónica, sobre todo no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

banco de Praceres e nas zonas máis baixas dos bancos. Na ría de Vigo chegou a contabilizarse máis dun 60% de ameixa morta.

En definitiva, produciuse unha situación que provocou o peche da maioría dos bancos e mantivo inactivos durante días a centos de mariscadores e mariscadoras e, ademais da moltaldade, as confrarías prevían que a produción que se salvou tería dificultades para medrar e problemas para reproducirse e, en moitos casos, consideraban moi difícil sobrevivir o resto da campaña co que quedou.

A todo isto sumábase a problemática xeral que xa tiña provocado a pandemia no relacionado coa comercialización deste tipo de produtos e a consecuente merma nos ingresos dos traballadores e traballadoras do mar.

Profesionais que tampouco naquelas circunstancias contaron co respaldo da Consellería do Mar. As declaración da propia conselleira non contribuíron a mitigar a verdadeira angustia que vivían e remitíanse aos técnicos que “traballan no seguimento das zonas nas que se rexistrou baixa salinidade da auga e desprazamento de marisco cara as praias como consecuencia do mal tempo” e a insistir en que se podía recorrer ás convocatorias das axudas ordinarias que se realizan anualmente.

Ditas axudas foron convocadas o 5 de febreiro para a rexeneración dos bancos marisqueiros cunha dotación dun millón de euros e cun importe máximo subvencionábel de 75.000 euros. Para adquisición de semente para repoboar os bancos marisqueiros con perda de produción destináronse 300.000 euros, cun importe máximo subvencionábel de 15.000 euros. E para proxectos colectivos para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños dirixíronse 980.000 euros, dos que unha boa parte destinábanse non á rexeneración nin á repoboación senón á compensación aos mariscadores e mariscadoras pola recollida activa de lixo mariño.



Diante dunha pregunta deste Grupo parlamentario na sesión plenaria do pasado 9 de marzo, a conselleira non avanzou máis vías nin posibilidades para que os profesionais puideran afrontar as consecuencias do impacto dos temporais e da baixa salinidade das augas nos bancos marisqueiros. Volveu a insistir en que debía agardarse á avaliación completa dos técnicos e aos informes das confrarías para estudar o incremento das axudas.

Despois de máis de tres meses, as mariscadoras e mariscadores non dan levantado cabeza, seguen a botar de menos un apoio real da Administración e critican a inexistencia de axudas extraordinarias para afrontar un día a día no que apenas teñen traballo. Os seus ingresos diminuíron e as súas expectativas de cara ao verán non son boas. As confrarías tamén se están a ver gravemente afectadas e nalgúns casos xa contemplan prescindir de traballadores aos que se lles fai imposible continuar remunerando.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai o goberno galego da rexeneración e recuperación dos bancos marisqueiros afectados polas persistentes choivas no mes de febreiro e da redución de ingresos que provocaron ao sector?

. Cales son as conclusións que se derivan dos estudos e da avaliación feita polos técnicos nos citados bancos e a raíz desas condicións climatolóxicas?

. Cales son as conclusións que se derivan dos informes que as confrarías afectadas remitiron á Consellería do Mar?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Partindo das conclusións extraídas da avaliación dos técnicos e dos informes das confrarías, que medidas vai implementar a Xunta de Galiza? Con que previsión temporal?

. Vai convocar novas axudas extraordinarias para aliviar os efectos nos bancos e as consecuencias económicas que aínda están a padecer os mariscadores, mariscadoras e confrarías? De non ser así, como prevé que se recuperen os bancos marisqueiros e subsista dignamente o sector?

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Daniel Pérez López

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 10/06/2021 09:50:11

Daniel Pérez López na data 10/06/2021 09:50:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 10/06/2021 09:50:26

María do Carme González Iglesias na data 10/06/2021 09:50:32

Rosana Pérez Fernández na data 10/06/2021 09:50:38



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O fortalecemento da atención primaria faise se cabe máis necesario na situación que estamos a atravesar derivada da pandemia xerada pola covid-19. Non obstante, estamos a ver que o Goberno popular da Xunta de Galicia opta na provincia de Lugo polos peches de centros de saúde ou pola non cobertura das baixas dos profesionais sanitarios de atención primaria.

En xaneiro de 2020 o Sergas anunciaba que o Centro de Saúde de Burela tamén abriría e se pasarían consultas polas tardes a partir do mes de febreiro, en horario de 14:00 a 21:00 horas de luns a venres e para iso contrataríanse tres novos profesionais: un médico de familia, un profesional de enfermería e unha persoa de servizos xerais. Pero a realidade é que a día de hoxe a axenda do médico de tarde está pechada ata finais de ano e os seus pacientes terán citas polas mañás e co médico que lles toque ese día.

Esta semana no centro de saúde só hai 3 médicos, porque unido á non cobertura do profesional da quenda de tarde, súmaselle agora que dous profesionais se atopan en Incapacidade Temporal e outro de permiso por asuntos propios. Polo tanto, hai tres médicos para atender aos máis de 10.000 veciños e veciñas de Burela. Ás críticas dos veciños e veciñas que se queixan de que non conseguen cita na quenda de tarde, situación que xa vimos denunciando dende o PSdeG dende principios de ano, súmanse agora tamén as queixas dos sanitarios que din chegar a unha situación límite esta semana, xa que dos 7 médicos adscritos a este centro de saúde só están en activo, agora mesmo, 3. Os profesionais sanitarios levan denunciando e reclamando melloras perante as autoridades da Área sanitaria Lugo-A Mariña-Monforte de Lemos, por considerar que nestas condicións é imposible prestar unha atención médica de calidade aos pacientes. Reclamacións que caeron en saco baleiro.



No eido da enfermería a situación tamén é moi preocupante. No centro de saúde de Burela existen dúas enfermeiras con praza e dous substitutos, no cadro de persoal, pero dous destes profesionais atópanse de baixa médica e só se lles cubre en días soltos. Estes profesionais en activo neste servizo teñen unha carga tremenda de traballo: moitos domicilios, test covid-19, vacinas a domicilio etc.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Entende a Consellería de Sanidade que nestas condicións se pode prestar unha atención médica e de enfermería de calidade no centro de saúde de Burela?

Pazo do Parlamento, 9 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 09/06/2021 17:40:10

Julio Torrado Quintela na data 09/06/2021 17:40:23

Marina Ortega Otero na data 09/06/2021 17:40:33



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Goberno municipal de Baiona tras realizar unha análise coas técnicas de turismo para coñecer as previsións de ocupación do municipio durante os meses de verán chegaron á conclusión de que será do 95 %, por este motivo reivindicamos aumentar os facultativos do centro de saúde desta vila no verán.

Ante a previsión desta gran demanda dos servizos sanitarios o persoal do centro de saúde ve inviable a atención a todas aquelas persoas que non residan no municipio. O alcalde mostra a súa preocupación ante esta situación e esixe á Consellería de Sanidade “que asuma a responsabilidade de dar cobertura a esta zona para atender a unha poboación que se multiplica no verán como consecuencia do turismo. Esta situación require dunha solución inminente”. A Administración municipal de Baiona reclama un servizo de plena restitución dos servizos de atención primaria e de máis persoal e recursos para o centro de saúde baionés e para o PAC de A Xunqueira.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, froito dunha ineficiente xestión en termos, especialmente, de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia e, no seu momento, dende o Goberno de España.

As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira Comunidade Autónoma con peor ratio de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media española está no 5,9 e a europea cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90 % de prazas de Atención Primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas,



como Asturias, supera o 98 % (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).

Resulta necesario poñer á dispor dos centros de saúde os recursos humanos e técnicos necesarios para evitar a demora na atención telefónica das citas médicas; e dotar aos centros do persoal e equipamento suficiente para atender as necesidades de cada municipio conforme a súa poboación e ante o aumento desta durante a época estival, incluída a substitución das baixas dos especialistas para non interromper a atención aos pacientes.

O Grupo Parlamentario Socialista e o Goberno local baionés comparten a preocupación e o malestar existente polas deficiencias do funcionamento do Sergas e a negación da Xunta de Galicia da existencia de problemas en xeral, e máis en concreto no centro de saúde de Baiona e no propio PAC da Xunqueira, que son os casos coñecidos directamente no Val Miñor e obxecto de reiteradas queixas e denuncias por parte dos usuarios e usuarias, e profesionais dos propios centros sanitarios.

O Grupo Parlamentario Socialista esixe á Consellería de Sanidade a cobertura necesaria para dar servizo ao Centro de Saúde de Baiona e ao PAC da Xunqueira que dá servizo ao Val Miñor polo importante aumento de persoas usuarias que atraerá ata estes servizos sanitarios a tempada estival.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai a Consellería de Sanidade dotar do persoal sanitario suficiente nos meses de verán no Centro de Saúde de Baiona ante o aumento da poboación na vila nesas datas?
2. Vai a Consellería de Sanidade a dar a cobertura necesaria de facultativos para ter servizo no PAC de A Xunqueira nos meses de verán?
3. Ten pensado a Consellería de Sanidade recuperar progresivamente a atención presencial nos centros de saúde, garantindo as medidas de prevención oportunas?
4. A Consellería de Sanidade vai poñer a disposición dos centros de saúde os recursos humanos e técnicos necesarios para evitar a demora na atención telefónica das citas médicas?

Pazo do Parlamento, 10 de xuño do 2021





Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 10/06/2021 10:57:14

Julio Torrado Quintela na data 10/06/2021 10:57:20

Marina Ortega Otero na data 10/06/2021 10:57:27





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Luis Bará Torres, Ramón Fernández Alfonso, Carme González Iglesias e Daniel Pérez López, deputados e deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Mineiro “San Finx”, en Lousame, conta cun proxecto de explotación e un plan de restauración aprobados mediante Resolución de 28 de decembro de 2009 asinada polo entón director xeral de Enerxía e Minas Ángel Bernardo Tahoces. Precisamente, en decembro de 2008, ditárase outra resolución administrativa de transmisión de dereitos mineiros polo entón director xeral de Industria, Enerxía e Minas, Anxo R. Calvo Silvosa, que condicionaba a transmisión á presentación no prazo de tres meses dun proxecto de explotación actualizado e dun plan de restauración actualizado e a “*presentar, no prazo de tres meses, un estudo de Impacto Ambiental do proxecto que nos ocupa, conforme o Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, e demais normativa de aplicación*”.

Non entanto, na altura, nin o órgano ambiental foi informado da tramitación dos proxectos, nin foi sometido ao trámite de avaliación de impacto ambiental, e nin tan sequera o plan de restauración foi sometido ao trámite de información pública que establece a lexislación.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como consecuencia de todo o anterior, os proxectos e plans aprobados omitiron a presenza de dúas presas de residuos mineiros (que pola contra aparecen en toda a documentación administrativa e histórica sobre a mina, incluíndo os Plans de Labores para os anos 1996, 1997, 1998, 1999 e 2000 e o “Inventario de Balsas y Escombreras de la Comunidad Autónoma de Galicia” de 1999), colmatadas de residuos e con risco de falla crítico, omitiron a xeración de drenaxes ácidas da mina que implican unha inxección constante de metais pesados ao ambiente e que fan que se superen os límites legais de cadmio, cobre e cinc no río contiguo e ameacen con acumularse perigosamente nas zonas de marisqueo da ría de Noia e no LIC Esteiro do Tambre, e omitiron a existencia de centos de pozos e chemineas de ventilación sen restaurar nin balizar que xeran un risco para a integridade das persoas e da fauna, como se evidenciou nos últimos meses mentres se realizaban traballos forestais nas zonas contiguas.

En data 04/03/2020 a funcionaria da escala de enxeñeiros de minas con funcións facultativas sobre o Grupo Mineiro San Finx no Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura territorial da Coruña, emitiu informe sobre o proxecto de suspensión temporal de labores da mina de San Finx solicitada por Tungsten San Finx S.L., filial de Valoriza Minería (Grupo Sacyr). No referido informe indícase:

Por outra banda, comprobei que na unidade Minas-T, na carpeta arquivo dixital, para esta mina consta unicamente o proxecto de explotación suscrito polo enxeñeiro técnico de minas Joaquín Eulalio Ruíz Mora, que foi aprobado polo Conselleiro de Economía e Industria o 28.12.2009. Ao dito proxecto de explotación subrogouse TUNGSTEN SAN FINX SL ao adquirir no ano 2015 a titularidade das concesións mineiras que constitúen esta explotación.

O devandito proxecto de explotación recolle un plan xeral de explotación da mina en 5 fases sucesivas, se ben unicamente desenvolve os traballos a realizar nos 5





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

primeiros anos. Estes traballos correspóndense coa primeira fase que se concreta na explotación da 4ª planta Buenaventura. Neste proxecto orzaméntase unicamente o primeiro ano de explotación.

Polo tempo transcorrido e os labores realizados, entendo que o proxecto aprobado xa está superado e que para continuar coa explotación nos niveis inferiores, dadas as características, a envergadura, a natureza e as repercusións da actividade (susceptible de xerar augas ácidas e liberar ións metálicos que poden afectar ao medio natural) non é suficiente aprobar os sucesivos traballos de explotación a través dos plans de labores anuais, pois a dita aprobación carecería de validez segundo o artigo 9 da Lei 21/2013. É polo que, para continuar coa actividade é necesario que se teña aprobado un proxecto de explotación completo, avaliado ambientalmente e con todas as autorizacións necesarias para a súa efectiva execución.

O informe conclúe indicando que procede elevar o expediente á Dirección Xeral de Enerxía e Minas para que:

1. *Resolva denegar a suspensión de traballos solicitada por non apreciarse causas de forza maior nos motivos expostos.*
2. *Ordene suspender temporalmente a actividade polo prazo dun ano para os efectos de regularizar esta explotación, requirindo ao titular a presentación dun proxecto de explotación completo cunha boa calidade técnica, ao que se xunte a solicitude de inicio da tramitación da avaliación de impacto ambiental (ou, no seu caso, achegando o informe do órgano ambiental da súa non necesidade), así como os outros requisitos esixidos pola Lei 3/2008 na maneira nela establecida, incluíndo a revisión do plan de restauración conforme ao establecido no artigo 7 do Real Decreto*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras.

3. *Durante o prazo de suspensión o titular, ademais de estar obrigado ao mantemento dos labores de conservación, de vixilancia, de ventilación e de desaugue cando este proceda, deberá adoptar as medidas que garantan a mitigación dos danos ambientais que poidan provocarse polo estado actual da mina, en particular os que poidan afectar ao estado do medio receptor das augas que saian dela.*

4. *Transcorrido o prazo da suspensión sen terse regularizada a situación da explotación, o titular debería **presentar o proxecto para o seu peche**.*

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza da actividade mineira en San Finx, en Lousame, e do cumprimento por parte desas instalacións de toda a normativa vixente que lle atinxe?

. Ordenou a Dirección Xeral de Política Enerxética e Recursos Naturais a suspensión da actividade do Grupo Mineiro San Finx requirindo ao titular a presentación dun proxecto de explotación completo cunha boa calidade técnica, así como os outros requisitos esixidos pola Lei 3/2008 na maneira nela establecida, incluíndo a revisión do plan de restauración conforme ao establecido no artigo 7 do Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Se aínda non foi ordenado o anterior, porque desoú esa Dirección Xeral o informe técnico do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña do que ten coñecemento, como mínimo, desde marzo deste ano?

. Vai asumir a sra. directora xeral de Política Enerxética e Recursos Naturais as responsabilidades persoais, tanto penais como patrimoniais, que lle poidan corresponder por non ordenar a suspensión da actividade mineira, á vista dos impactos ambientais continuados que os vertidos de drenaxes ácidas na explotación causan, por non procederse ás medidas de mitigación necesarias?

. Permitted esa Dirección Xeral, entre 2016 e 2020, mediante a aprobación dos correspondentes Plans Anuais de Labores, manter desaugada mediante bombeo forzado a 5ª planta do sector “Buenaventura”, aínda carecendo a explotación de autorización de verteduras? É consciente das implicacións ambientais e penais desa actuación?

. Deuse inicio xa á tramitación do procedemento de avaliación de impacto ambiental en relación aos proxectos e plans que deben tramitarse, á vista de que se trata dunha explotación susceptible de xerar augas ácidas e liberar ións metálicos que poden afectar ao medio natural? Foi informado o órgano ambiental sobre a situación actual da actividade?

. É coñecedora a sra. Directora Xeral de Política Enerxética e Recursos Naturais que a vixente Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental (art. 9) non se aparta das súas precedentes ao sancionar coa falta de validez a aprobación ou autorización dos proxectos que non teñan sido sometidos a avaliación ambiental cando era necesaria para a actividade en causa, o que afecta aos proxectos de explotación, restauración e mellora de instalacións de tratamento aprobados en 2009 e aos que se subrogou 2015 a actual concesionaria?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Resolveu denegar a Dirección Xeral de Política Enerxética e Recursos Naturais as suspensións de traballos solicitadas en 2020 e 2021 pola concesionaria do Grupo Mineiro San Finx, seguindo o informe técnico de 04/03/2020?

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Luis Bará Torres

Ramón Fernández Alfonso

Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 10/06/2021 11:07:16

María do Carme González Iglesias na data 10/06/2021 11:07:19

Ramón Fernández Alfonso na data 10/06/2021 11:07:29

Xosé Luis Bará Torres na data 10/06/2021 11:07:41





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 10/06/2021 11:07:53



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A principios de novembro de 2020 na Comisión 7ª do Parlamento de Galicia aprobábase o seguinte texto da proposición non de lei que presentabamos dende o Grupo Parlamentario Socialista:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a seguir traballando para:

- 1º. Poñer en marcha un plan de xestión do xabaril para controlar e estabilizar a súa poboación, consensuado cos sectores afectados e implicados.
- 2º. Poñer en marcha un fondo de corresponsabilidade dotado economicamente de xeito suficiente para o pagamento das axudas por danos, e de medidas preventivas.
- 3º. Establecer un plan de indemnización dos danos causados polo xabaril nos terreos agrícolas e de axudas para as medidas preventivas para evitar estes danos (rozas perimetrais).
- 4º. Solucionar o colapso do teléfono 012 de atención e información á cidadanía, que está a impedir que as persoas afectadas polos danos dos xabarís nos cultivos poidan solicitar as axudas dentro do prazo de 72 horas que marca a normativa da Consellería de Medio Ambiente e dar solucións ás persoas afectadas polo dito colapso que non puideron tramitar as axudas polo motivo citado.
- 5º. Extremar o control biosanitario nas fronteiras para evitar a chegada de partidas de carne de porco que puidesen vir contaminadas co virus (PPA), ademais de elaborar un plan de continxencia ante a posibilidade de que aparecese un caso en Galicia.

Transcorridos 7 meses, o Goberno galego esqueceu a iniciativa aprobada por unanimidade dos grupos con representación no Parlamento de Galicia e segue sen tomar medidas cun problema que está fóra de control.



O malestar polos cuantiosos danos desta especie nas terras de cultivo é grande, cada vez máis urxente a necesidade de que a Xunta de Galicia se involucre e impulse dunha vez por todas unha xestión efectiva desta especie, xa que en paralelo ao abandono do rural e o decaemento da actividade agrogandeira a poboación desta especie animal foise apoderando do territorio e entrando en conflito coas actividades do sector primario e mesmo coa circulación viaria. Os danos xerados en praderías e cultivos (como a pataca, millo forraxeiro e fundamentalmente do país e outros cereais) aos que nos últimos anos se lle engadiron as desfeitas no viñado de varias denominacións de orixe son os efectos máis salientables da difícil convivencia entre estes animais e as actividades agrogandeiras que en determinados casos e zonas provocan tal impacto negativo que mesmo comprometen a pervivencia do traballo no sector.

A presenza do xabaril, ponse xa de manifesto ata en zonas urbanas como manifestan multitude de alcaldes que denuncian os danos que este mamífero xera nas súas zonas verdes e a inseguridade que orixina na súa poboación. O xabaril, no tema de tráfico, tamén ampliou o seu radio de actuación ata ser, a día de hoxe, unha das principais causas da sinistralidade viaria, ata o 5 de setembro de 2019 producíronse 1.805 accidentes de tráfico relacionados con este mamífero, máis de sete ao día. En 2019 os danos orixinados nos cultivos de horta e forraxe, especialmente no millo do país, foron moi elevados, causando que algúns gandeiros abandonasen o millo por outras alternativas ou simplemente por non plantalo.

O desleixo da Administración autonómica fixo que desde o ano 2016 ata o 2019, outra vez coincidindo coa convocatoria de eleccións o Goberno galego renunciase a convocar as axudas polos danos ocasionados polo xabaril en cultivos agrícolas e visualizar o esperpento da Consellería coas cartas enviadas a poucos días das eleccións anunciando a aprobación de axudas económicas para a prevención de danos causados por lobos e xabarís que foran denegadas no mes de xuño e todo sen indicar orzamento nin prazos para levalo a cabo.

Por outra banda, os cidadáns que teñen necesidade de recorrer ao servizo do teléfono 012 para iniciar trámites administrativos, estanse a atopar con que o sistema os pon en espera ata que transcorre o tempo máximo e a chamada se cancela, tendo que volver a se repetir as chamadas de xeito infrutuoso.

Por todo iso, o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:



Cando pensa o Goberno galego cumprir o acordo das tres forzas do Parlamento para poñer en marcha un plan de xestión do xabaril, un fondo de corresponsabilidade e un plan de indemnización axeitado polos danos desta especie?

Pazo do Parlamento, 10 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 10/06/2021 11:29:00

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/06/2021 11:29:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Numerosas comarcas do noso país están a sufrir unha enorme presión pola solicitude e tramitación de proxectos de parques eólicos e liñas eléctricas de evacuación e conexión. Trátase dunha auténtica avalancha e dunha situación descoñecida en cantidade, intensidade, prazos de tramitación, o que está xerando unha crecente alarma social e un contexto de tensión, angustia e gran preocupación nas comunidades locais afectadas por esta auténtica “invasión” eólica. Moitos colectivos teñen que enfrontarse a un grande número de proxectos tramitados simultaneamente e de ter que facelo cunhas regras de xogo que favorecen de maneira descarada os intereses das promotoras.

Cómpre tamén ter en conta novos factores que acompañan este proceso de intensificación dos usos industriais do rural galego, que teñen que ver fundamentalmente con dous elementos:

a) o desenvolvemento tecnolóxico, o que supón un forte incremento das dimensións das infraestruturas e do seu impacto no territorio (sobre todo tendo en conta que a distancia mínima a núcleos habitados é de 500m)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) a implantación dos proxectos non só en espazos de monte senón tamén en zonas residenciais e en áreas de marcado interese agrario e gandeiro, o que xera unha conflitividade que até unha época recente estaba solapada. Un dos aspectos desta conflitividade ten que ver coas implicacións e impactos das poligonais nos usos e no valor do solo.

Por outra parte, o plan eólico promovido pola Xunta, modificado sucesivamente con cambios normativos pensados para favorecer os intereses das empresas promotoras e xerar indefensión nas comunidades afectadas, ten un claro compoñente de espolio e unha clara vocación extractiva e produtivista. Como consecuencia deste deseño, deixa fortes impactos negativos no territorio e moi escasas rendas, o que leva consigo que mesmo os concellos con maior intensidade de implantación destes proxectos teñan unha evolución económica e demográfica claramente negativa. O que quere dicir que os supostos ingresos derivados dos impostos municipais e do canon eólico non están contribuíndo á dinamización deses territorios e en moitos casos estase producindo o efecto contrario, pola incidencia negativa da intensificación, do monocultivo e do monopolio.

Unha das características da nova fase de desenvolvemento eólico, iniciada a partir do ano 2019 e intensificada ao abeiro das directrices estatais e europeas, é o intento de acaparamento de terras de alto valor ambiental, social e agrogandeiro, como está a ocorrer nas comarcas de Ordes, Xallas, Deza ou Tabeirós-Montes. Aos efectos negativos no patrimonio natural e cultural, engádese nestes casos unha forte afectación a actividades económicas esenciais e a usos residenciais, polo emprazamento dos parques nas inmediacións de granxas e de zonas habitadas.

Un dos exemplos máis claros desta intensificación, avalancha, presión e intento de ocupación masiva de terras témola na Terra de Montes no ámbito dos concellos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Forcarei, A Estrada e Cerdedo-Cotobade, no que están en diferentes fases de tramitación os seguintes parques eólicos (que se suman aos 254 muiños xa instalados principalmente nas serras do Candán e do Cando, incluídas na Rede Natura e ameazadas por futuros proxectos de reopotenciación):

-PE CAMPO DAS ROSAS, Naturgy

8 aerogeradores de 3,45 MW e 163 m total 27,6 MW

Aféctalle á Estrada (parroquias de Souto e Codeseda), Cerdedo (Quireza e Castro), Campo Lameiro (San Isidro e Morillas)

-PORTO VIDROS, Naturgy, 3 aerogeradores de 163 m e 3,45 MW, total de 10,35 MW

Parroquias afectadas Cerdedo, Corredoira e Pedre (antigo concello de Cerdedo)

-ROSA DOS VENTOS: 3 aerogeradores de 163 m

Wind Power Rosa dos Ventos (Greenalia?)

Afecta a Souto (A Estrada), Castro (Cerdedo), Couso (Campo Lameiro) e Cuntis

-TOURIÑÁN III-2 8 aerogeradores de 160 m e 3 MW, total 24 MW

Afecta a Souto (A Estrada), Castro (Cerdedo), Couso (Campo Lameiro) e Cuntis.

-OUTEIRO GRANDE

AV Outeiro Rubio S.L (Enel Green Power). 6 aerogeradores (3 MW, 150 m).
PT: 18 MW





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-A Estrada (Olives, Pardemarín)

-Forcarei (Meavía)

Evacuación L Alta Tensión cara Silleda: Conexión P.Touriñán- Outeiro Grande-
Monte Festeiros – Carboeiro

- MONTE FESTEIROS

AV Monte Festeiros SLU (Enel Green Power?). 16 no proxecto pero 24
aeroxeradores no Rexistro Eólico de Galicia. (150 m). PT: 48 MW

-Silleda (Graba e Xestoso)

- Forcarei (Aciveiro e Pereira)

Evacuación L Alta Tensión cara Silleda: Conexión P.Touriñán- Outeiro Grande-
Monte Festeiros – Carboeiro

- PEDRA LONGA

Pedra Longa S.L (Greenalia). 3 aeroxeradores (5.6 MW, 180 m) P.T: 16.8 MW

-A Estrada (Liripio, Codeseda e Sabucedo)

-Forcarei (Quintillán, Castrelo e Forcarei)

-Cerdedo (Tomonde)

Evacuación L Alta Tensión 132 k Beariz : Tramontana- P.Longa- Cabanelas-As
Penizas- Paraño

- CABANELAS





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Greenalia, 4 aeroxeradores (160 m.) P.T: 18 MW

-A Estrada (Liripio, Codeseda, Sabucedo)

-Forcarei (Quintillán e Castrelo)

Evacuación L Alta Tensión 132 k Beariz: Tramontana- P.Longa- Cabanelas-As
Penizas- Paraño

- AS PENIZAS

Greenalia. 8 (proxecto)-9 (no Rexistro Eólico) aeroxeradores (4.2 MW). PT:33.6
MW

-Cerdedo (Tomonde e Loureiro)

-Forcarei (Castrelo)

Evacuación L Alta Tensión 132 k Beariz : Tramontana- P.Longa- Cabanelas-As
Penizas- Paraño

-TRAMONTANA

Tramitación estatal

Greenalia, 13 aeroxeradores (5.6 MW, 180 m). PT: 72.8 MW

-Silleda (Xestoso)

-Forcarei (Meavía, Pereira, Quintillán, Aciveiro)

Evacuación L Alta Tensión 132 K Beariz: Tramontana-As Penizas- Paraño





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-SIROCCO

Tramitación estatal

Greenalia, 11 aerogeradores de 5,6 megavatios, total 61,6 MW

Cerdedo-Cotobade: parroquias de Corredoira, Carballedo, San Xurxo e Santa María de Sacos

A maiores destes parques eólicos, que suman 85 muíños e 341 MW, hai que ter en conta as inmensas afeccións das poligonais e os impactos doutras infraestruturas como as subestacións, as canalizacións, as pistas de acceso, as gabias, as explanacións da fase construtiva... así como as liñas eléctricas, que teñen unha forte afectación en zonas habitadas, como é o caso das seguintes liñas de alta tensión

LAT PORTOVIDROS-CAMPO DAS ROSAS

LAT TRAMONTANA- AS PENIZAS

LAT AS PENIZAS-BEARIZ

E aínda temos que engadir novos proxectos que están en fase inicial e do que aínda non hai información no rexistro eólico de Galiza como

- Ampliación As Penizas
- Borreiro (SET)
- SUÍDO II (SET)
- Campos Vellos (SET)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais das afeccións ambientais, paisaxísticas, ao patrimonio cultural, sociais, económicas, algúns destes parques e infraestruturas asociadas poñen en risco proxectos singulares da comarca de Terra de Montes como a Rapa das Bestas, festa declarada de Interese Internacional, ou o Observatorio Astronómico de Forcarei.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Considera a Xunta que os numerosos proxectos en tramitación en moitas zonas do país son compatíbeis coa protección do medio e con desenvolvemento racional e sustentábel do medio rural?

. Considera o goberno galego a necesidade de avaliar conxuntamente os impactos de parques que están nunha mesma zona e comparten infraestruturas?

. Como valora o goberno galego a forte oposición social e por parte dos concellos a proxectos eólicos como os que se están a tramitar na Terra de Montes?

. Que opinión lle merecen á Xunta as denuncias por parte das persoas afectadas sobre a falta de información e a indefensión que sofren?

. Considera o goberno galego razoábel a distancia de 500 m dos aeroxeradores a núcleos habitados, tendo en conta os cambios tecnolóxicos e as dimensións destes artefactos?

. Vai levar a cabo a Xunta estudos sobre os impactos ambientais, paisaxísticos, sobre os recursos hídricos, sobre o patrimonio cultural, sobre as zonas habitadas e sobre as actividades económicas do total dos parques en tramitación na Terra de Montes e nas súas infraestruturas asociadas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que medidas ten previsto adoptar o goberno galego para salvagardar e protexer a Rapa das Bestas de Sabucedo e o hábitat das bestas, afectado polo parque eólico Campo das Rosas?

. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta para impedir a grave afectación dos proxectos eólicos sobre o Observatorio Astronómico de Forcarei?

. Ten previsto a Xunta de Galiza poñerse do lado das persoas e comunidades afectadas ou vai seguir ao servizo das empresas enerxéticas que están a espoliar o país e a depredar o territorio galego?

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 10/06/2021 13:41:08

María Montserrat Prado Cores na data 10/06/2021 13:41:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 10/06/2021 13:41:19

Xosé Luis Bará Torres na data 10/06/2021 13:41:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á necesidade de deixar de costear con cartos públicos a atención relixiosa no Sergas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pesares de que o Estado español e polo tanto Galiza recoñécense aconfesionais, o Servizo Galego de Saúde mantén cregos con salario a cargo da Administración pública, ademais de espazos propios nos hospitais reservados ao culto, en exclusiva á igrexa católica. Esta circunstancia, non parece acorde a ese principio de aconfesionalidade nin eticamente asumíbel, nun contexto no que o Partido Popular tenlle realizado á sanidade pública galega enormes recortes e o persoal ten sufrido eliminación de prazas e non substitucións que repercutiron enormemente na calidade da asistencia prestada.

No orzamento da Xunta para o ano 2021 hai consignados un total de 52 capeláns, 41 a xornada completa e 11 a media xornada, cunhas retribucións que ascenden a 706.997,42 €. Na área de A Coruña-Cee 6, Lugo a Mariña e Monforte 6, Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras 7, Pontevedra o Salnés 6, Vigo 7, Santiago a Barbanza 7 e Ferrol 2.

Un número e contías que non deixou de medrar toda vez que no 2013 o número era de 41, cunhas retribucións de 531.384€.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste contexto vimos de coñecer unha resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, TSXG, na que consideran que a relación que manteñen os “capeláns” no Sergas sexa laboral e que en ningún caso pode considerarse persoal laboral do Sergas.

Consideran que a “actividade pastoral” que realizan estes capeláns é allea totalmente ao Sergas, que nin coincide coa propia do Sergas, nin este pode impartir ordes e directrices na súa execución, e que a prestación que derivan da asistencia relixiosa son alleas á competencia da Administración e polo tanto a súa fixación corresponde de forma exclusiva ás autoridades eclesiásticas, pois en outro caso estaríase infrinxindo o principio de laicidade do Estado.

Esta resolución do TSXG é clarificadora, e reafirma a posición de demanda de que con cartos públicos se estea costeando un servizo que debe quedar no ámbito privado. Consideramos que a Xunta de Galiza non debe seguir mantendo os privilexios da Igrexa Católica na Sanidade Pública, incluídos a satisfacción de salarios dos capeláns, contradicindo a aconfesionalidade e liberdade de culto e crenzas.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Vai a Xunta de Galiza efectivizar o principio de laicidade e aconfesionalidade, recollido no noso ordenamento xurídico, e polo tanto deixe de costear con cartos públicos a “atención pastoral” da igrexa católica dentro do Sergas?

. Que valoración fai a Xunta da resolución do TSXG sobre os servizos dos capeláns no Sergas?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera o Goberno galego que é compatíbel a situación actual co que se establece na resolución do TSXG de que a “actividade pastoral que realizan estes capeláns é allea totalmente ao Sergas”?

. Vai realizar todas as actuacións precisas para deixar de pagar as nóminas dos 52 capeláns que reciben retribucións do Sergas?

. Non lle parece máis acaído destinar os 706.997,42€ da retribución aos capeláns á contratación de persoal sanitario?

. Parécelle acorde coa laicidade e aconfesionalidade reservar nos centros sanitarios espazos propios para o culto relixioso?

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 10/06/2021 16:30:09





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 10/06/2021 16:30:14

María Montserrat Prado Cores na data 10/06/2021 16:30:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, solicitan a seguinte corrección de erros nos documentos con números de rexistro 17179, 17180, 17181 e 17182

Onde dí:

Na parte expositiva, no parágrafo terceiro, “Neste contexto vimos de coñecer unha resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, TSXG, na que *consideran...*”

Na parte expositiva, no parágrafo quinto, “Esta resolución do TSXG é clarificadora, e reafirma a posición de *demanda de...*”

Debe dicir:

Na parte expositiva, no parágrafo terceiro, “Neste contexto vimos de coñecer unha resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, TSXG, na que *rexeitan...*”

Na parte expositiva, no parágrafo quinto, “Esta resolución do TSXG é clarificadora, e reafirma a posición de *denuncia do BNG de...*”

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/06/2021 12:35:52

Iria Carreira Pazos na data 11/06/2021 12:36:08

Olalla Rodil Fernández na data 11/06/2021 12:36:20



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, deputada pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Xusto cando a CRTVG está impartindo un curso en liña obrigatorio para o seu persoal sobre o acoso laboral, coñecemos que un traballador da TVG irá a xuízo o 15 de xuño logo de interpoñer unha demanda ante o Xulgado do Social número 2 de Santiago de Compostela. Nesa demanda denuncia a situación de acoso que leva sufrindo desde hai anos pola súa actividade sindical, política e, de forma especial, pola súa orientación sexual.

A situación de acoso e discriminatoria que sofre ao facer público o seu activismo LGTBI afectaría aos seus dereitos fundamentais e á conciliación da súa vida persoal e laboral, así como á promoción e formación profesional. Así, todas as súas demandas profesionais, de formación e de conciliación foron desouvidas en todo este tempo, sen que houbera xustificación para as sucesivas negativas.

O artigo 91.4.1 do Convenio Colectivo da CRTVG tipifica como falta moi grave toda actuación que supoña discriminación por razón de sexo, estado civil, idade, lingua, orixe racial ou étnica, condición social, relixión ou conviccións, ideas políticas, orientación sexual, afiliación ou non a un sindicato ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

O curioso é que este traballador chega a xudicializar o seu caso logo de non ter ningunha resposta ou solución por parte da Dirección de Recursos Humanos do ente público nin da comisión fronte ao acoso da CRTVG, que si se reuniu para tratar o asunto pero sen ningunha garantía e moito menos solución.

Diante destes feitos, inaceptables no tempo actual, a deputada que asina solicita en resposta escrita contestación a seguinte pregunta:

1ª) Como valora a denuncia interposta por un traballador da TVG por acoso laboral debido fundamentalmente a razóns de orientación sexual?

2ª) Era coñecedor o director xeral da CRTVG desta denuncia?

3ª) Logo da reunión da comisión fronte ao acoso da CRTVG por este caso, tomouse algunha decisión ao respecto?

4ª) Cantos casos de acoso semellantes se teñen presentado na CRTVG nos últimos anos? Déuselle solución a todos eles? Hai algún expediente máis aberto neste momento?



5ª) Considera conveniente mudar a configuración da comisión de acoso da CRTVG para dotala de imparcialidade e efectividade, tal e como solicitan os sindicatos?

6ª) Dispón a CRTVG dalgunha ferramenta efectiva para evitar o acoso laboral por razóns de discriminación sexual?

Pazo do Parlamento, 10 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 10/06/2021 13:24:02



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, deputada pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Pese ao manifestado en reiteradas ocasións na Comisión Permanente de Control da CRTVG polo seu director xeral, a situación de precariedade laboral da CRTVG segue a ser algo endémico ao que tería que poñerse solución inmediata xa que presenta problemas estruturais serios que afectan sen dúbida á calidade do servizo.

A CRTVG atópase inmersa no proceso de negociación da OPE, que parece alongarse demais, pero mentres isto non se resolve, hai profesionais con contratos temporais que ven como se lles rematan o seus contratos mentres as baixas, vacacións ou licenzas non se cobren.

As únicas contratacións que se están a cubrir son as incapacidades temporais de longa duración e os de persoal traballador que se xubila, e na maior parte das ocasións estes contratos fanse a tempo parcial ata o punto que existe persoal con máis de 20 anos de experiencia que está contratado baixo esta fórmula.

Este grupo parlamentario xa denunciou esta situación en numerosas ocasións, por canto este problema laboral redunda nun maior deterioro dos medios públicos. A realidade é que a conflictividade laboral da CRTVG se resolve a golpe de denuncias, e que esa inestabilidade e precariedade laboral é xa case un sinal de identidade da Corporación.

Por iso a deputada que asina solicita en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten pensado algunha solución para resolver con urxencia o problema dos e das profesionais con contratos temporais mentres non se resolva a OPE?

2ª) Cal é a razón de non cubrir as baixas, licenzas ou vacacións na CRTVG?

3ª) Pensa que alta contratación temporal e en precario da CRTVG está a afectar a calidade do servizo?

Pazo do Parlamento, 10 de xuño de 2021





Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 10/06/2021 16:35:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a listaxe de persoas que integran o Programa de Asignación de Recursos (PAR).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza reducíronse de maneira notábel nos últimos anos as listaxes de agarda nos procesos de tramitación e valoración do grao de dependencia.

Porén, o feito de contar coa valoración non significa que unha persoa dependente acceda ao servizo que precisa e ao que ten dereito. Neste senso, en 2020 no noso país situábanse en 67.467 as persoas con dereito recoñecido a prestación por dependencia das que 6.923 non estaban ao finalizar ese ano atendidas.

No marco da normativa en materia de dependencia a Xunta de Galiza e, no concreto, a Consellaría de Política Social, conta co Programa de Asignación de Recursos (PAR), unha sorte de listaxe de agarda na que se atopan aquelas persoas que, por exemplo, tendo recoñecido formalmente o dereito a unha praza de residencia nun centro público non poden acceder a el por falta de prazas.

Malia que a Xunta de Galiza utiliza como argumento nos sucesivos pregos de licitación para a concertación de prazas na privada o número de persoas que agardan no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PAR por este recurso público, descoñécese o número exacto de persoas que o compoñen así como o tempo de espera medio que permanecen nel.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Cantas persoas integran o Programa de Asignación de Recursos (PAR)?
- . Canto tempo agarda (de media) unha persoa no PAR até o acceso ao recurso?
- . Que tipo de recurso é polo que agardan as persoas dependentes con dereito recoñecido?
- . Canto tempo agarda en Galiza unha persoa para acceder a unha praza pública en residencia?

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 10/06/2021 16:50:09

María Montserrat Prado Cores na data 10/06/2021 16:50:13

Olalla Rodil Fernández na data 10/06/2021 16:50:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a valoración da Xunta da sentenza que anula a primeira fase da cidade deportiva do Celta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A través do Concello de Mos e da Xunta, o Partido Popular leva catro anos amparando e facilitando o pelotazo urbanístico que pretende facer a sociedade anónima deportiva Real Club Celta coa Cidade Deportiva privada do clube que integraría un centro comercial. Este macroproxeito pretende arrasar case 1 millón de metros cadrados de solo rústico, grande parte de uso forestal con instrumentos de ordenación aprobados.

Esta operación ten por obxectivo obter unha ganancia rápida e fácil grazas á construción dunha cidade deportiva privada ao que iría asociado tamén unha superficie comercial de 142.000 m² e todo sobre solo rústico expropiado a prezo barato. A propia empresa reconece que este centro comercial é unha peza fundamental da rendibilidade desta operación. Unha operación altamente lucrativa a costa da perda de solo mancomunal e dos valores ambientais do monte.

Para sacar adiante este auténtico pelotazo, o propietario do Real Club Celta, o empresario Carlos Mouriño, contou en primeira instancia co apoio do Concello de Mos





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gobernado polo PP, quen iniciou os trámites para a modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Así, en decembro de 2017 o Concello de Mos acorda co Celta o procedemento e os pasos para sacar adiante o proxecto. Un mes despois o Concello envía escrito á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático para iniciar o procedemento ambiental estratéxico da Modificación do Plan Xeral de Mos para a delimitación dun sector de solo urbanizable de usos dotacionais e terciarios.

En 2018 a Xunta resolve esta petición mediante un informe que incluían numerosas obxeccións a este proxecto por parte de numerosos organismos: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Instituto de Estudos do Territorio, Concello de Vigo, Confederación Hidrográfica Miño-Sil ou Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.

Todos estes evidencian a importante incidencia sobre o territorio que comportaría esta actuación en numerosos planos: no medio ambiental, nomeadamente a nivel dos solos, a auga ou a paisaxe, sobre os usos e actividades locais, especialmente no comercio, ou sobre a ordenación das infraestruturas..

O rexeitamento da veciñanza e todas estas alertas sobre o impacto do proxecto no seu conxunto deberan supor un cuestionamento a este proxecto. Pola contra empresa, Concello e Xunta buscaron como subterfuxio a fragmentación do macroproxecto en diversas fases. A primeira destas fases consistiu na construción dos vestiarios e edificacións auxiliares e dos primeiros campos de fútbol mediante dúas licenza municipal directa. A seguinte fase (na que se atopa actualmente) requiriu da colaboración da Xunta para aprobar un Plan Especial de Infraestruturas e Dotación





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mediante tramitación simplificada que evitase avaliar en profundidade os impactos ambientais.

Esta fragmentación fíxose co obxectivo claro de axilizar o inicio das obras e facilitar o asentamento e inicio da actividade deportiva, a pesar de seguir sen contar aínda coas licenzas para a totalidade do complexo. De forma que en lugar de agardar a someter a totalidade do proxecto a avaliación ambiental estratéxica, procurouse un modus operandi consistente en ir construíndo e ocupando solo grazas a licenzas fragmentadas e tramitacións exprés de Concello e Xunta, xerando así unha dinámica coercitiva.

As obras correspondentes á primeira fase foron xa concluídas grazas á colaboración das Administracións Públicas. Esta fase, en concreto, contou coa implicación do Concello de Mos outorgando a licenza municipal directa para a tramitación exprés, mais tamén co beneplácito e complicidade da Xunta de Galiza e incluso co apoio e aval persoal do Presidente da Xunta, como así o demostra o seu longo historial de actos e declaracións a este respecto. Un claro exemplo foi a participación do sr. Feijóo o pasado 28 de novembro na inauguración desta primeira fase do complexo deportivo privado, aínda cando este non conta cos permisos necesarios para a totalidade do proxecto urbanístico.

Esta fragmentación fraudulenta da totalidade do proxecto é precisamente un dos elementos fundamentais sobre os que ven de pronunciarse esta mesma semana o xulgado do Contencioso-Administrativo. A sentenza, que xira sobre esta primeira fase, considera que as obras son parte dun conxunto que opera como un todo, é dicir, que as obras inauguradas nesta primeira fase non podían ser fragmentadas da totalidade do proxecto. Segundo a xuíza, a entidade desa unidade resulta cualificable como “equipamento deportivo privado” a instalar en chan rústico. Polo tanto, en aplicación da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

normativa vixente, non era posible que aos vestiarios se lle outorgase licenza directa do Concello senón que era necesario tramitalo mediante o Plan Especial de Dotacións e Infraestruturas. Iso supón o incumprimento da Lei do Solo de Galicia.

Esta sentenza ven dar a razón á veciñanza ao tempo que supón un auténtico varapau para o PP. Vista a implicación e aval directo do presidente da Xunta de Galiza en toda esta operación, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre a sentenza do Contencioso-Administrativo?
- . Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza á vista desta sentenza?
- . Cree a Xunta de Galiza que se produciu unha fragmentación fraudulenta do proxecto da Cidade Deportiva do Celta?
- . Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre a autorización dada polo Concello de Mos para facilitar a construción desta primeira fase?
- . Que opinión ten a Xunta de Galiza sobre unha posible legalización a posteriori das obras realizadas?
- . Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre os impactos que comportaría o conxunto do proxecto da cidade deportiva?
- . Baixo que criterio foi o presidente da Xunta a inaugurar as obras da primeira fase da Cidade Deportiva do Celta?

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Carme González Iglesias

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 10/06/2021 17:13:40

María do Carme González Iglesias na data 10/06/2021 17:13:43

Alexandra Fernández Gómez na data 10/06/2021 17:13:50



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Segundo o prestixioso índice europeo de calidade de goberno elaborado pola Universidade de Gotemburgo, Galicia é a decimocuarta comunidade entre as dezasete do Estado en calidade de goberno, moi por debaixo da media estatal, o cal dá idea da aguda necesidade de mellora dunha administración que con demasiada frecuencia entorpece en lugar de dinamizar, sobre todo considerando que España, en conxunto, está lonxe de países veciños como Portugal e aínda máis lonxe doutros como Francia, por non falar dos países nórdicos que ocupan as primeiras posicións en calidade de goberno no noso ámbito europeo. A Administración autonómica xestiona inxentes recursos humanos, técnicos e financeiros, sendo o instrumento principal das políticas públicas en Galicia, de cuxo axeitado funcionamento dependen en gran medida o presente e o futuro do noso país, o seu éxito ou o seu fracaso.

Os fondos *Next Generation* apostan pola dixitalización e modernización das administracións, pero dificilmente pode haber dixitalización nin modernización sen un cambio progresivo da cultura directiva e organizativa no noso eido público, que debe partir da complicidade e cooperación do conxunto dos traballadores públicos.

Baseándonos no anterior, dende o PSdeG consideramos moi importante e urxente abordar un proceso de modernización e transformación da Administración para facela moito menos burocrática, opaca e ineficiente, superando a propaganda e autocomplacencia na que leva instalado o Goberno de Galicia desde hai unha década, reiteradamente desmentida non só por indicadores como o antes referido senón pola realidade dunha administración con tintes decimonónicos en pleno século XXI.

Curiosamente, moi pouco tempo despois de coñecerse a escasa puntuación de Galicia no índice arriba referido, a Xunta emitiu unha nota de prensa sinalando que “A Xunta aproba o primeiro programa de integridade institucional para avanzar na transparencia e na eficiencia da Administración autonómica”, no cal presúmese de ser a primeira administración en facelo pero que consiste nun conxunto de vaguedades carente de contido, na liña do tan publicitado programa



de impulso democrático do ano 2015, que o Goberno de Galicia sacou da manga ante a presión mediática dos numerosos casos de corrupción asociados ao PP naquel tempo.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno de Galicia o feito de que a nosa Administración autonómica ocupe a decimocuarta posición entre as dezasete CC.AA do Estado, cunha puntuación lonxe da media e superada por trece comunidades no principal índice europeo de calidade de goberno?

2ª) Considera o Goberno de Galicia que figurar nese índice entre as últimas comunidades do Estado indica a necesidade de abordar con urxencia medidas reais e non cosméticas de reforma da Administración autonómica para facela máis eficiente, efectiva, resiliente, transparente e participativa?

3ª) Vai abordar o Goberno de Galicia as reformas necesarias para dotar Galicia dunha Administración autonómica máis eficiente, efectiva, resiliente, transparente e participativa?

Pazo do Parlamento, 10 de xuño de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 10/06/2021 18:01:41

Paloma Castro Rey na data 10/06/2021 18:01:55



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de rexeitar considerar que os curas que desempeñan a súa actividade no Sergas sexan considerados persoal sanitario. Este rexeitamento vai na liña do que numerosos colectivos veñen trasladando dende hai anos, considerando que a inclusión dos sacerdotes no persoal do Sergas non ten sentido e non se corresponde coas funcións que deben desempeñar os distintos profesionais que o sistema sanitario debe ter no seu plantel.

Dende hai anos o Grupo Parlamentario Socialista vén defendendo no Parlamento de Galicia que esta situación é unha anomalía, incorporando iniciativas a debate e presentando emendas aos orzamentos autonómicos de maneira continuada todos os anos. Tanto as iniciativas, que formulaban a retirada deste persoal como parte do cadro do Sergas por non ser persoal propio do sistema, como as emendas aos orzamentos que pretendían darlle forma a esta proposta, foron rexeitadas polo voto en contra do Grupo Popular, maioritario na Cámara. Nos últimos orzamentos aprobados a Xunta de Galicia financia a presenza de sacerdotes no Sergas cunha cantidade en torno aos 700.000 que financia 52 sacerdotes, a maior parte deles a tempo completo. Esta cantidade podería ser reorientada a contratar profesionais asistenciais doutro tipo, que son extremadamente necesarios no sistema.

A maiores da cuestión orzamentaria, o goberno da Xunta de Galicia non foi quen de argumentar nin explicar en ningún momento as preguntas feitas polo Grupo Socialista, sobre a condición laboral baixo a que son contratados, a selección do persoal, os espazos que ocupan e as funcións que teñen asignadas no plano funcional do sistema.

O pronunciamento do TSXG vén de dar a razón á posición do Grupo Socialista e evidenciar que esta anomalía non ten sentido, e que a presenza de sacerdotes no Sergas é un feito fora do aceptable en termos legais, ademais de selo tamén en termos asistenciais.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cando vai o goberno da Xunta de Galicia a retirar a financiación de sacerdotes no Sergas?
2. Considera o goberno da Xunta de Galicia que o pronunciamento do TSXG é suficientemente claro sobre a inaxeitada presenza de sacerdotes dentro do cadro de persoal do Sergas?
3. Existiron informes ou advertencias dentro do persoal do Sergas da inapropiada inclusión dos sacerdotes no cadro de persoal do Sergas?

Pazo do Parlamento, 10 de xuño do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 10/06/2021 18:12:40

Marina Ortega Otero na data 10/06/2021 18:12:47





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2021 13:46:30
Nº Rexistro: 16947

Data envío: 04/06/2021 13:46:30.817

Data 04/06/2021 13:46

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 14752**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as declaracións da conselleira de Política Social referidas ao incremento do número de menores tutelados pola Xunta de Galicia como consecuencia da crise xerada pola covid-19, así como respecto das medidas adoptadas para axudar as familias en situación de pobreza e exclusión social e en risco de ruptura da unidade familiar”**, (publicada no BOPG número 135 do 6 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O sistema de inclusión da Comunidade Autónoma de Galicia encárgase de garantir que as familias galegas podan cubrir as necesidades básicas dos fillos e fillas. Neste sentido, tanto as distintas prestacións tramitadas pola Comunidade Autónoma, como os programas desenvolto polos servizos sociais de base comunitaria, contribúen a paliar as posibles dificultades económicas das familias.

En calquera caso, nunca e baixo ningunha circunstancia a Consellería de Política Social realiza intervencións de separación de familias en función da súa capacidade económica, e polo tanto en ningún momento se asumiu medida de protección nin recurso de acollemento nin familiar nin residencial por motivos económicos.

Este é un principio fundamental do ordenamento xurídico no eido da protección da infancia e que forma parte de todas as actuacións que realiza a Administración nesta materia, sendo especialmente escrupuloso na aplicación do artigo 18 da Lei orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015, de 28 de xullo, no que se establece claramente que “a situación de pobreza dos proxenitores, titores ou gardadores non poderá ser tida en conta para a valoración da situación de desamparo”.

Neste sentido, a Consellería de Política Social vén apostando nos últimos anos polo acollemento familiar, realizando un intenso traballo de cara á potenciación deste recurso de protección e á mellora das condicións nas que as familias acolledoras afrontan este reto tan importante impagable.



Xacobeo 21-22





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2021 13:46:30
Nº Rexistro: 16947
Data envío: 04/06/2021 13:46:30.817

De feito, nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017 incrementouse, despois de varios anos, a partida para as familias acolledoras, cunha subida do 9% ata chegar aos 2.400.000 euros, como mostra do compromiso da Xunta de Galicia co dereito de todo menor a ter unha familia. E nese mesmo ano 2017 incrementouse a remuneración dos acollementos dos menores na franxa de idade máis numerosa (3-18 anos) pasando de 240 a 280 euros.

Un ano máis tarde, no 2018 mantívose a liña de reforzo da partida destinada ao acollemento familiar cun novo incremento dun millón de euros, chegando aos 3.400.000 euros (incremento do 42%). Ademais, nese ano mellorouse o sistema de pagamento co obxectivo de que a familia extensa perciba unha axuda en todos os casos nos que os seus ingresos per cápita sexan inferiores a 7.500 euros.

Na actualidade, o 100% das familias acolledoras en Galicia perciben a remuneración por acollemento, tanto as familias alleas como extensas e con independencia do nivel de renda de cada unha delas.

Con todo, dende a Consellería de Política Social trabállase intensamente na priorización do acollemento familiar fronte a calquera outro recurso e, sobre todo, potenciando o acollemento en familia extensa como xeito de garantir o mantemento dos nenos, nenas e adolescentes no seu entorno máis próximo e favorecer ás reintegracións familiares sempre que iso sexa posible.

Cómpre aclarar que a posición da Conselleira de Política Social nesta materia foi explicitada pola propia conselleira na entrevista á que se alude na pregunta, xa que afirmou textualmente o seguinte: “O noso deber é estar ao carón de todas as familias que o están a pasar mal, para dotalas de todos os recursos que necesiten para poder sacar aos seus fillos adiante; que todos os pais poidan quedar cos seus fillos, que é o que queremos, pero temos que facer un traballo intenso con todas as entidade sociais que coñecen moi ben os casos, que nos trasladan cada día eses casos de familias que teñen necesidades, e o noso deber é estar ao seu carón”. E esta posición xa foi tamén trasladada ás dúas entidades que remitiron o escrito motivo da pregunta.

Por outro lado, o compromiso do Goberno galego na loita contra a pobreza e a exclusión social vese reflexado nos orzamentos do ano 2021. Así os fondos que se dedican á paliar a pobreza ascenden a 125,5 M€ un 4,5% máis que no ano 2020.



Xacobeo 21-22





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2021 13:46:30
Nº Rexistro: 16947
Data envío: 04/06/2021 13:46:30.817

Entre as medidas postas en marcha polo Goberno galego para axudar ás familias en situación de pobreza e exclusión social, están:

- Os fondos dedicados á Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) que ascenden a 64,4 M€;
- As axudas de Inclusión Social, que se incrementaron nun 35%, de 3,3 M€ a 4,5 M€;
- Os fondos para o tecido asociativo de loita contra a exclusión social, ao abeiro da orde de entidades 2020-2022, que é a máis elevada da historia, e que se incrementaron un 20%;
- A achega autonómica aos Bancos de Alimentos de Galicia incrementouse un 50%;
- Axudas a concellos para o desenvolvemento de Programas de Educación Familiar, dirixidos a familias con menores en situación ou risco de pobreza ou exclusión social;
- Axudas a concellos para o desenvolvemento de actividades de reforzo educativo a menores vulnerables, inmigrantes ou poboación xitana;
- Axudas a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de actividades de reforzo educativo a menores vulnerables ou inmigrantes;
- Ou o convenio coa Fundación LaCaixa para o desenvolvemento do Programa LaCaixa ProInfancia, un programa integral de intervención con nenos e nenas menores de 16 anos en situación de pobreza e vulnerabilidade e as súas familias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2021 13:46:30
Nº Rexistro: 16947
Data envío: 04/06/2021 13:46:30.817

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/06/2021 13:46:26

CSV: BOPGDSPGnZemg3nsn7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2021 13:46:22
Nº Rexistro: 16946

Data envío: 04/06/2021 13:46:22.380

Data 04/06/2021 13:46

g

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 14856**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a implantación de escolas infantís nos centros de traballo, en particular nos da Administración Autonómica”**, (publicada no BOPG número 135 do 6 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, vén realizando unha aposta firme e decidida polo acceso á educación infantil na etapa 0-3 como ferramenta imprescindible de conciliación para as familias galegas.

Froito desta aposta aprobáronse nos últimos anos as seguintes actuacións, que fan de Galicia unha comunidade autónoma pioneira no ámbito da conciliación:

- O incremento de prazas na etapa educativa entre 0 e 3 anos, a través dunha rede de escolas que supera o medio milleiro de centros e as 25.000 prazas;
- A posta en marcha do Bono Concilia, para facilitar o acceso a unha praza 0-3 para aquelas nais e pais que non obteñen unha praza nunha escola pública;
- A creación da rede de casas-niño no rural, un proxecto pioneiro en España para facilitar a atención educativa en concellos de menos de 5.000 habitantes onde non existe recurso de conciliación, e que está sufragado exclusivamente pola Xunta de Galicia
- E, por suposto, a aprobación da gratuidade na matrícula e na atención educativa para o segundo fillo e sucesivos nas escolas 0-3, unha medida que Galicia foi a primeira comunidade autónoma en adoptar e que se está a aplicar en todas as escolas infantís da Comunidade Autónoma con independencia da súa titularidade.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2021 13:46:22
Nº Rexistro: 16946
Data envío: 04/06/2021 13:46:22.380

Todas estas medidas teñen como obxectivo facilitar que todas as familias galegas, sexa cal sexa o seu lugar de residencia, poidan acceder a unha praza nunha escola infantil. E grazas a estas medidas, Galicia é unha das comunidades autónomas coa maior ratio de escolarización na etapa 0-3 de toda España.

Ademais, no caso concreto dos empregados públicos, Galicia conta desde hai anos cun procedemento específico para o ingreso ou renovación de praza en escolas infantís 0-3 para fillas/os do persoal da Xunta de Galicia. Este procedemento vai dirixido a fillos e fillas do persoal dos servizos centrais e das xefaturas territoriais da Xunta de Galicia en escolas infantís 0-3 dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais da localidade onde presta servizos.

En todo caso, desde a Xunta de Galicia estase a analizar a posibilidade de poñer en marcha novas escolas infantís e espazos de conciliación en grandes centros de traballo onde a demanda deste recurso así o requira”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2021 13:46:22
Nº Rexistro: 16946
Data envío: 04/06/2021 13:46:22.380

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/06/2021 13:46:18

CSV: BOPGDSPGnZemg3nsn7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2021 13:46:14
Nº Rexistro: 16945

Data envío: 04/06/2021 13:46:14.177

Data 04/06/2021 13:46

g

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 15332**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as actuacións da Xunta de Galicia en materia de protección e tutela de menores, así como de loita contra a pobreza infantil”**, (publicada no BOPG número 135 do 6 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O sistema de inclusión da Comunidade Autónoma de Galicia encárgase de garantir que as familias galegas podan cubrir as necesidades básicas dos fillos e fillas. Neste sentido, tanto as distintas prestacións tramitadas pola Comunidade Autónoma, como os programas desenvolto polos servizos sociais de base comunitaria, contribúen a paliar as posibles dificultades económicas das familias.

En calquera caso, nunca e baixo ningunha circunstancia a Consellería de Política Social realiza intervencións de separación de familias en función da súa capacidade económica, e polo tanto en ningún momento se asumiu medida de protección nin recurso de acollemento nin familiar nin residencial por motivos económicos.

Este é un principio fundamental do ordenamento xurídico no eido da protección da infancia e que forma parte de todas as actuacións que realiza a Administración nesta materia, sendo especialmente escrupuloso na aplicación do artigo 18 da Lei orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015, de 28 de xullo, no que se establece claramente que “a situación de pobreza dos proxenitores, titores ou gardadores non poderá ser tida en conta para a valoración da situación de desamparo”.

Neste sentido, a Consellería de Política Social vén apostando nos últimos anos polo acollemento familiar, realizando un intenso traballo de cara á potenciación deste recurso de protección e á mellora das condicións nas que as familias acolledoras afrontan este reto tan importante e impagable. De feito, nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017 incrementouse, despois de varios anos, a partida para as familias





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



galiçia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2021 13:46:14
Nº Rexistro: 16945
Data envío: 04/06/2021 13:46:14.177

acolledoras, cunha subida do 9% ata chegar aos 2.400.000 euros, como mostra do compromiso da Xunta de Galicia co dereito de todo menor a ter unha familia. E nese mesmo ano 2017 incrementouse a remuneración dos acollementos dos menores na franxa de idade máis numerosa (3-18 anos) pasando de 240 a 280 euros.

Un ano máis tarde, no 2018 mantívose a liña de reforzo da partida destinada ao acollemento familiar cun novo incremento dun millón de euros, chegando aos 3.400.000 euros (incremento do 42%). Ademais, nese ano mellorouse o sistema de pagamento co obxectivo de que a familia extensa perciba unha axuda en todos os casos nos que os seus ingresos per cápita sexan inferiores a 7.500 euros.

Na actualidade, o 100% das familias acolledoras en Galicia perciben a remuneración por acollemento, tanto as familias alleas como extensas e con independencia do nivel de renda de cada unha delas.

Con todo, dende a Consellería de Política Social trabállase intensamente na priorización do acollemento familiar fronte a calquera outro recurso e, sobre todo, potenciando o acollemento en familia extensa como xeito de garantir o mantemento dos nenos, nenas e adolescentes no seu entorno máis próximo e favorecer ás reintegracións familiares sempre que iso sexa posible.

Cómpre aclarar que a posición da Conselleira de Política Social nesta materia foi explicitada pola propia conselleira na entrevista á que se alude na pregunta, xa que afirmou textualmente o seguinte: “O noso deber é estar ao carón de todas as familias que o están a pasar mal, para dotalas de todos os recursos que necesiten para poder sacar aos seus fillos adiante; que todos os pais poidan quedar cos seus fillos, que é o que queremos, pero temos que facer un traballo intenso con todas as entidade sociais que coñecen moi ben os casos, que nos trasladan cada día eses casos de familias que teñen necesidades, e o noso deber é estar ao seu carón”. E esta posición xa foi tamén trasladada ás dúas entidades que remitiron o escrito motivo da pregunta.

Por outro lado, o compromiso do Goberno galego na loita contra a pobreza e a exclusión social vese reflexado nos orzamentos do ano 2021. Así os fondos que se dedican á paliar a pobreza ascenden a 125,5 M€ un 4,5% máis que no ano 2020.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2021 13:46:14
Nº Rexistro: 16945
Data envío: 04/06/2021 13:46:14.177

Entre as medidas postas en marcha polo Goberno galego para axudar ás familias en situación de pobreza e exclusión social, están:

- Os fondos dedicados á Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) que ascenden a 64,4 M€;
- As axudas de Inclusión Social, que se incrementaron nun 35%, de 3,3 M€ a 4,5 M€;
- Os fondos para o tecido asociativo de loita contra a exclusión social, ao abeiro da orde de entidades 2020-2022, que é a máis elevada da historia, e que se incrementaron un 20%;
- A achega autonómica aos Bancos de Alimentos de Galicia incrementouse un 50%;
- Axudas a concellos para o desenvolvemento de Programas de Educación Familiar, dirixidos a familias con menores en situación ou risco de pobreza ou exclusión social;
- Axudas a concellos para o desenvolvemento de actividades de reforzo educativo a menores vulnerables, inmigrantes ou poboación xitana;
- Axudas a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de actividades de reforzo educativo a menores vulnerables ou inmigrantes;
- Ou o convenio coa Fundación LaCaixa para o desenvolvemento do Programa LaCaixa ProInfancia, un programa integral de intervención con nenos e nenas menores de 16 anos en situación de pobreza e vulnerabilidade e as súas familias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2021 13:46:14
Nº Rexistro: 16945
Data envío: 04/06/2021 13:46:14.177

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/06/2021 13:46:10

CSV: BOPGDSPGnZemg3nsn7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2021 13:45:59
Nº Rexistro: 16944

Data envío: 04/06/2021 13:45:59.614

Data 04/06/2021 13:45

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 15529**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número dos novos carnés xoves expedidos polo Goberno da Xunta de Galicia desde o mes de xaneiro de 2021 ”**, (publicada no BOPG número 135 do 6 de maio de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social vén de implementar importantes novidades no programa Carné Xove, que supoñen cambios transcendentais e moi positivos para a mocidade galega con idades comprendidas entre os 12 e os 30 anos. O obxectivo final é convertelo no instrumento de referencia para a nosa xuventude á hora de acceder e beneficiarse de diferentes descontos en multitude de servizos que contribúen a incrementar o seu benestar.

Cunha nova imaxe máis moderna e adaptada aos novos tempos, así como aos requisitos da EYCA (European Youth Card), o carné xove pasa de ser un recurso que os mozos e mozas tiñan que solicitar á Xunta de Galicia -previo pagamento dunha taxa de 6 euros e cunha vixencia limitada a dous anos dende a súa expedición-, a ser unha tarxeta totalmente gratuíta, e que ademais chega directamente aos domicilios. Así mesmo, a partir de agora o carné ten tamén unha vixencia ilimitada ata cumprir os 31 anos, que é a idade máxima establecida nos protocolos europeos que resultan de aplicación no programa.

As vantaxes para a xuventude derivadas destes cambios son innegables e tratan de facilitar que os mozos e mozas podan acceder directamente a unha ampla gama de beneficios, como descontos no cine, en distintos medios de transporte, nos sectores culturais e de lecer, no ámbito tecnolóxico, sector servizos en xeral, actividades promovidas pola propia Xunta de Galicia, etc .

Tal e como se trasladou publicamente, neste 2021 a Xunta de Galicia enviou o novo carné xove aos domicilios dos mozos e mozas galegos que xa eran usuarios actuais da tarxeta ou esta viña de caducar recentemente. Así mesmo, logo de completar este proceso e tras tramitar o correspondente expediente de contratación administrativa, por primeira vez neste ano 2021



Xacobeo 21-22





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2021 13:45:59
Nº Rexistro: 16944
Data envío: 04/06/2021 13:45:59.614

estase remitindo o carné xove ao resto da poboación moza galega no citado rango de idade (arredor de 400.000 persoas), envío que se ultimarás nas vindeiras semanas.

Tal e como informamos publicamente, durante este tempo, e para o caso daquelas persoas mozas que por calquera razón non quixeran esperar a que lles chegara o carné aos seus domicilios, tamén podían solicitalo de balde nalgún dos centros expendedores indicados na páxina web informativa do programa carné xove na nosa comunidade autónoma.

Paralelamente a todas estas medidas, o Goberno galego impulsou novos beneficios e acordos de colaboración que amplían as vantaxes derivadas da titularidade do carné, como poden ser descontos en establecementos da Federación Galega de Jóvenes Empresarios (AJE Galicia), nas librerías da Federación Galega, no Centro Dramático Galego ou en servizos vinculados á xuventude de distintos concellos. Tamén se adheriu a este programa a Asociación de Establecementos Asociados do Ribeiro, entre outros. E tamén terán descontos en hoteis, casas rurais, balnearios e outras opcións en 50 establecementos turísticos do Clúster de Turismo de Galicia.

Sen dúbida, todas estas medidas (envío directo ao mozo/a, gratuidade e non necesidade de renovación periódica), xunto coa ampliación dos descontos vinculados a este programa, supoñen un escenario moito máis vantaxoso para a mocidade galega”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2021 13:45:59
Nº Rexistro: 16944
Data envío: 04/06/2021 13:45:59.614

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/06/2021 13:45:48



CSV: BOPGDSPGnZemg3nsn7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

galicia



Achégolle tres copias, en formato dixital, **das Contas Anuais da Corporación da Radio Televisión de Galicia correspondentes ao exercicio 2020**, que serán presentadas polo director xeral da CRTVG na súa próxima comparecencia na sesión da Comisión de Control da CRTVG, coa finalidade da súa distribución entre os grupos parlamentarios representados na *Comisión Permanente non lexislativa de Control da Corporación de RTVG*.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 21-22



CONTAS ANUAIS EXERCICIO 2020

ESTADO DE
INFORMACIÓN FINANCIERA
DO EXERCICIO 2020

CRTVG

CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA



CRTVG

60208

CSV: BOPGDSPGnZemg3nsn7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.**

**CONTAS ANUAIS
INFORME DE XESTIÓN
INFORME DE AUDITORÍA
APROBACIÓN DE CONTAS**

EXERCICIO

2020

25.03.2021



CRTVG

Contas Anuais

2020

- *Balances de Situación ó 31 de decembro de 2020 e 2019*
- *Contas de Perdas e Ganancias correspondentes aos exercicios anuais rematados o 31 de decembro de 2020 e 2019*
- *Estados de Cambios no Patrimonio Neto correspondentes aos exercicios anuais rematados o 31 de decembro de 2020 e 2019*
- *Estados de Fluxos de Efectivo correspondentes aos exercicios anuais rematados o 31 de decembro de 2020 e 2019*
- *Memoria das Contas correspondentes ao exercicio anual rematado o 31 de decembro de 2020*



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Balances ó 31 de decembro de 2020 e 2019

(Expresados en euros)

	Nota	2020	2019
A) ACTIVO NON CORRENTE		59.552.746	55.582.410
I. Inmobiliado intanxible	6	25.262.697	28.994.482
1. Desenvolvemento		25.000	25.000
2. Concesións		-	-
3. Patentes, licenzas, marcas e similares		-	-
4. Fondo de comercio		-	-
5. Aplicacións informáticas		168.596	303.638
6. Outro inmovilizado intanxible		25.069.101	28.665.844
II. Inmobiliado material	7	13.840.089	16.330.455
1. Terreos e construcións		5.319.844	5.636.738
2. Instalacións técnicas e outro inmovilizado material		8.520.245	10.693.717
3. Inmovilizado en curso e anticipos		-	-
III. Inversións inmobiliarias		-	-
1. Terreos		-	-
2. Construcións		-	-
IV. Inversións en empresas Grupo e asociadas a longo prazo		-	-
1. Instrumentos de patrimonio		-	-
2. Créditos a empresas		-	-
3. Valores representativos de débeda		-	-
4. Derivados		-	-
5. Outros activos financeiros		-	-
V. Inversións financeiros a longo prazo	8	107.960	342.676
1. Instrumentos de patrimonio	9	97.086	97.086
2. Créditos a terceiros	8 e 10	-	236.027
3. Valores representativos de débeda		-	-
4. Derivados		-	-
5. Outros activos financeiros	8 e 10	10.874	9.563
VI. Debedores comerciais e outras contas para cobrar a longo prazo	21	20.342.000	9.914.797
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos		-	-
2. Clientes, empresas do Grupo e asociadas		-	-
3. Outros créditos coas administracións públicas		20.342.000	9.914.797
4. Debedores varios		-	-
VII. Activos por imposto diferido		-	-
B) ACTIVO CORRENTE		26.109.644	19.603.056
I. Activos non correntes mantidos para a venda		-	-
II. Existencias	11	170.125	229.949
1. Comerciais		-	-
2. Materias primas e outros aprovisionamentos		170.125	229.949
3. Produtos en curso		-	-
4. Produtos rematados		-	-
5. Subprodutos, residuos e materiais recuperados		-	-
6. Anticipos a provedores		-	-
III. Debedores comerciais e outras contas para cobrar	8 e 10	4.784.836	5.884.626
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos		2.791.051	2.731.610
2. Clientes, empresas do Grupo e asociadas	25	129.237	137.500
3. Debedores varios		810.206	10.184
4. Persoal		28.846	30.271
5. Activos por imposto corrente		-	-
6. Outros créditos coas administracións públicas		1.025.496	2.975.061
7. Accionistas (socios) por desembolsos esixidos		-	-
IV. Inversións en emp. Grupo e asociadas a curto prazo	8 e 25	-	-
1. Instrumentos de patrimonio		-	-
2. Créditos a empresas		-	-
3. Valores representativos de débeda		-	-
4. Derivados		-	-
5. Outros activos financeiros		-	-
V. Inversións financeiros a curto prazo	8 e 10	600.952	881.542
1. Instrumentos de patrimonio		-	-
2. Créditos a terceiros	8 e 10	596.152	876.742
3. Valores representativos de débeda		-	-
4. Derivados		-	-
5. Outros activos financeiros	8 e 10	4.800	4.800
VI. Periodificacións a curto prazo		187.669	260.323
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	8	20.366.062	12.346.616
1. Tesourería		20.366.062	12.346.616
2. Outros activos líquidos equivalentes		-	-
TOTAL ACTIVO (A+B)		85.662.390	75.185.466

* A memoria adxunta forma parte integrante das contas anuais do exercicio 2020.



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Balances ó 31 de decembro de 2020 e 2019

(Expresados en euros)

	Nota	2020	2019
A) PATRIMONIO NETO		46.135.514	43.415.068
A-1) Fondos propios		45.461.854	42.606.670
I. Capital	12	25.000.000	25.000.000
1. Capital escriturado		25.000.000	25.000.000
2. (Capital non esixido)		-	-
II. Prima de emisión		-	-
III. Reservas	13	17.606.670	16.741.918
1. Legal e estatutarias		2.322.589	2.322.589
2. Outras reservas		15.284.081	14.419.329
IV. (Accións e participacións en patrimonio propias)		-	-
V. Resultados de exercicios anteriores	13	-	-
1. Remanente		-	-
2. (Resultados negativos de exercicios anteriores)		-	-
VI. Outras achegas de socios	15	102.763.022	99.866.882
VII. Resultado do exercicio	14	(99.907.838)	(99.002.130)
VIII. (Dividendo a conta)		-	-
IX. Outros instrumentos de patrimonio neto		-	-
A-2) Axustes por cambio de valor		-	-
I. Activos financeiros dispoñibles para a venda		-	-
II. Operacións de cobertura		-	-
III. Outros		-	-
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos	16	673.660	808.398
B) PASIVO NON CORRENTE		24.930.791	16.222.998
I. Provisións a longo prazo	17	1.899.223	1.293.911
1. Obrigas por prestacións a longo prazo ao per.		-	-
2. Actuacións ambientais		-	-
3. Provisións por reestruturación		-	-
4. Outras previsións		1.899.223	1.293.911
II. Débedas a longo prazo		3.653.879	5.407.741
1. Obrigas e outros valores negociables		-	-
2. Débedas con entidades de crédito		-	-
3. Acredores por arrendamento financeiro		3.653.879	5.407.741
4. Derivados		-	-
5. Outros pasivos financeiros		-	-
III. Débedas con empresas do Grupo e asociadas a longo prazo	8, 19 e 25	19.377.689	9.521.346
IV. Pasivos por impostos diferidos		-	-
V. Periodificacións a longo prazo		-	-
C) PASIVO CORRENTE		14.596.085	15.547.400
I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda		-	-
II. Provisións a curto prazo		-	-
III. Débedas a curto prazo	8 e 19	7.138.121	7.772.805
1. Obrigas e outros valores negociables		-	-
2. Débedas con entidades de crédito		-	-
3. Acredores por arrendamento financeiro		1.753.862	1.753.862
4. Derivados		-	-
5. Outros pasivos financeiros		5.384.259	6.018.943
IV. Débedas con empresas do Grupo e asociadas	8 e 25	311.825	433.221
V. Acredores comerciais e outras contas por pagar	8 e 19	7.146.139	7.341.374
1. Provedores		66.107	63.766
2. Provedores, empresas do Grupo e asociadas		-	-
3. Acredores varios		4.113.289	4.460.975
4. Persoal (remuneracións pendentes de pagamento)		287.237	244.810
5. Outras débedas coas administracións públicas		2.476.040	2.522.753
6. Anticipos de clientes		203.466	49.070
VI. Periodificacións a curto prazo		-	-
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)		85.662.390	75.185.466

* A memoria adxunta forma parte integrante das contas anuais do exercicio 2020.

CSV: BOPGDSPGnZemg3nsn7
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Contas de Perdas e Ganancias
para os exercicios anuais rematados
o 31 de decembro de 2020 e 2019
(Expresadas en euros)

	Nota	2020	2019
A) OPERACIÓN CONTINUADAS			
1. Importe neto da cifra de negocios	22	6.257.209	6.852.398
a) Ventas		6.254.174	6.838.006
b) Prestacións de servizos		3.035	14.392
2. Variación de existencias de produtos rematados e en curso de fabricación		-	-
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo		3.082.249	3.293.170
4. Aprovisionamentos		(544.616)	(402.145)
a) Consumo de mercadorías		-	-
b) Consumo de materias primas e outras materias consumibles	22	(364.122)	(155.960)
c) Traballos realizados por outras empresas		(136.476)	(145.704)
d) Deterioración de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos		(44.018)	(100.481)
5. Outros ingresos de explotación		555.204	223.386
a) Ingresos accesorios e outros de xestión corrente		555.204	223.386
b) Subvencións de explotación incorporadas ao resultado do exercicio		-	-
6. Gastos de persoal	22	(50.439.975)	(50.993.632)
a) Soldos, salarios e asimilados		(36.809.937)	(37.575.736)
b) Cargas sociais		(12.362.707)	(12.480.683)
c) Provisións	17	(1.267.331)	(937.213)
7. Outros gastos de explotación		(14.375.020)	(14.446.236)
a) Servizos exteriores		(14.253.680)	(14.527.365)
b) Tributos		(128.763)	(139.646)
c) Perdas, deterioración e var. de prov. por oper. comerc.		28.174	242.298
d) Outros gastos de xestión corrente		(20.751)	(21.523)
8. Amortización do inmovilizado	6 e 7	(46.542.140)	(43.665.497)
9. Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras	16	384.738	312.323
10. Exceso de provisións	17	533.984	645.005
11. Deterioración e resultado por alleamento do inmovilizado	22	(333.706)	13.217
a) Deterioracións e perdas		-	-
b) Resultados por alleamentos e outras		(333.706)	13.217
12. Outros resultados		1.287.626	(20.000)
A.1) Resultado de Explotación (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12)		(100.134.447)	(98.188.011)
13. Ingresos financeiros	23	210.153	7.827
a) De participacións en instrumentos de patrimonio		-	-
a.1) En empresas do Grupo e asociadas		-	-
a.2) En terceiros		-	-
b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros		210.153	7.827
b.1) De empresas do Grupo e asociadas		-	-
b.2) De terceiros		210.153	7.827
14. Gastos financeiros	17 e 23	(20.070)	(828.802)
a) Por débedas con empresas do Grupo e asociadas		-	(786.687)
b) Por débedas con terceiros		(2.551)	(104)
c) Por actualización de provisións		(17.519)	(42.011)
15. Variación do valor razoable de instrumentos financeiros		-	-
a) Carteira de negociación e outros		-	-
b) Imputación ao resultado do exercicio por activos financeiros dispoñibles para a venda		-	-
16. Diferenzas de cambio	23	36.526	6.856
17. Deterioración e resultado por alleamentos de instrumentos financeiros		-	-
a) Deterioracións e perdas		-	-
b) Resultados por alleamentos e outras		-	-
A.2) Resultado financeiro (13+14+15+16+17)		226.609	(814.119)
A.3) Resultado antes de impostos (A.1+A.2)		(99.907.838)	(99.002.130)
18. Impostos beneficios exercicio	21	-	-
A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓN CONTINUADAS (A.3+18)		(99.907.838)	(99.002.130)
B) OPERACIÓN INTERROMPIDAS		-	-
19. Resultado do exercicio procedente de operacións interrompidas neto de impostos		-	-
A.5) RESULTADO DO EXERCICIO	14	(99.907.838)	(99.002.130)

* A memoria adxunta forma parte integrante das contas anuais do exercicio 2020.

* A conciliación entre o resultado contable e o resultado orzamentario está incluída no Informe de Xestión.

CSV: BOPGDSPGnZemg3nsn7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Estados de Cambios no Patrimonio Neto
correspondentes aos exercicios anuais rematados
o 31 de decembro de 2020 e 2019
(Expresados en euros)

A) ESTADOS DE INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS CORRESPONDENTES AOS EXERCICIOS REMATADOS O 31 DE DECEMBRO DE 2020 E 2019

	Nota	2020	2019
A. Resultado da conta de perdas e ganancias		(99.907.838)	(99.002.130)
Ingresos e gastos imputados directamente ao patrimonio neto			
I. Por valoración instrumentos financeiros		-	-
1. Activos financeiros dispoñibles para a venda		-	-
2. Outros ingresos/gastos		-	-
II. Por coberturas de fluxos de efectivo		-	-
III. Subvencións, doazóns e legados recibidos	16	250.000	250.000
IV. Por ganancias e perdas actuariais e outros axustes		-	-
V. Efecto impositivo		-	-
B. Total ingresos e gastos imputados directamente no patrimonio neto (I+II+III+IV+V)		250.000	250.000
Transferencias á conta de perdas e ganancias			
VI. Por valoración instrumentos financeiros		-	-
1. Activos financeiros dispoñibles para a venda		-	-
2. Outros ingresos/gastos		-	-
VII. Por coberturas de fluxos de efectivo		-	-
VIII. Subvencións, doazóns e legados recibidos	16	(384.738)	(312.323)
IX. Efecto impositivo		-	-
C. Total transferencias á conta de perdas e ganancias (VI+VII+VIII+IX)		(384.738)	(312.323)
TOTAL DE INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS (A+B+C)		(100.042.576)	(99.064.453)

* A memoria adxunta forma parte integrante das contas anuais do exercicio 2020.



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Estados de Cambios no Patrimonio Neto
correspondentes aos exercicios anuais rematados
o 31 de decembro de 2020 e 2019
(Expresados en euros)

B) ESTADOS TOTAIS DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO CORRESPONDENTES AOS EXERCICIOS REMATADOS O 31 DE DECEMBRO DE 2020 E 2019

	Capital escriturado	Reservas	Resultado exercicios anteriores	Outras achegas de socios	Resultado do exercicio	Subvencións doazóns e legados recibidos	Total
Saldo, final ano 2018	25.000.000	13.152.353	(1.477.741)	96.958.138	(91.890.832)	870.721	42.612.639
Total ingresos e gastos recoñecidos	-	-	-	-	(99.002.130)	(62.323)	(99.064.453)
Operacións con socios ou propietarios	-	-	-	-	-	-	-
-Aumento de capital	-	-	-	-	-	-	-
-Redución de capital	-	-	-	-	-	-	-
-Conversión de pasivos financeiros en patrimonio neto	-	-	-	-	-	-	-
-Distribución de dividendos	-	-	-	-	-	-	-
-Operacións con accións ou participacións propias (netas)	-	-	-	-	-	-	-
-Incremento (redución) de patrimonio neto resultante dunha combinación de negocios	-	-	-	-	-	-	-
-Outras operacións con socios ou propietarios	-	-	-	99.866.882	-	-	99.866.882
-Outras variacións do patrimonio neto	-	3.589.565	1.477.741	(96.958.138)	91.890.832	-	-
Saldo, final ano 2019	25.000.000	16.741.918	-	99.866.882	(99.002.130)	808.398	43.415.068
Total ingresos e gastos recoñecidos	-	-	-	-	(99.907.838)	(134.738)	(100.042.576)
Operacións con socios ou propietarios	-	-	-	-	-	-	-
-Aumento de capital	-	-	-	-	-	-	-
-Redución de capital	-	-	-	-	-	-	-
-Conversión de pasivos financeiros en patrimonio neto	-	-	-	-	-	-	-
-Distribución de dividendos	-	-	-	-	-	-	-
-Operacións con accións ou participacións propias (netas)	-	-	-	-	-	-	-
-Incremento (redución) de patrimonio neto resultante dunha combinación de negocios	-	-	-	-	-	-	-
-Outras operacións con socios ou propietarios	-	-	-	102.763.022	-	-	102.763.022
-Outras variacións do patrimonio neto	-	864.752	-	(99.866.882)	99.002.130	-	-
Saldo, final ano 2020	25.000.000	17.606.670	-	102.763.022	(99.907.838)	673.660	46.135.514

* A memoria adxunta forma parte integrante das contas anuais do exercicio 2020.



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Estados de Fluxos de Efectivo
correspondentes aos exercicios anuais rematados
o 31 de decembro de 2020 e 2019
(Expresados en euros)

	Nota	2020	2019
A. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN			
1. Resultado do exercicio antes de impostos		(99.907.838)	(99.002.130)
2. Axustes do resultado		47.031.210	43.975.579
a) Amortización do inmovilizado (+)	6 e 7	46.542.140	43.665.497
b) Correccións valorativas por deterioración existencias (+/-)	6	44.018	100.481
c) Variacións de provisiones (+/-)		750.867	(36.680)
d) Imputación de subvencións (-)	7 e 16	(384.738)	(312.323)
e) Resultados por baixas e alleamentos do inmovilizado (+/-)	22	333.706	(13.217)
f) Resultados por baixas e alleamentos de instrumentos financeiros (+/-)		-	-
g) Ingresos financeiros (-)	23	(210.153)	(7.827)
h) Gastos financeiros (+)	23	20.070	828.802
i) Diferenzas de cambio (+/-)	23	(36.526)	(6.856)
j) Perdas, deterioración e variación de provisión por operac. comerciais (+/-)		(28.174)	(242.298)
k) Outros ingresos e gastos (+/-)		-	-
3. Cambios no capital corrente		(9.406.014)	(1.717.117)
a) Existencias (+/-)	11	15.806	(38.489)
b) Debedores e outras contas a cobrar (+/-)	10	1.100.426	2.185.442
c) Outros activos correntes (+/-)	8	72.654	16.197
d) Acredores e outras contas a pagar (+/-)	19	(195.235)	(1.410.375)
e) Outros pasivos correntes (+/-)	19	-	5.383
f) Outros activos e pasivos non correntes (+/-)		(10.399.665)	(2.475.275)
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación		44.528	(820.975)
a) Pagamentos de xuros (-)		(20.070)	(828.802)
b) Cobramentos de dividendos (+)		-	-
c) Cobramentos de xuros (+)		210.153	7.827
d) Cobramentos (pagamentos) por imposto sobre beneficios (+/-)		-	-
e) Outros pagamentos (cobramentos) (+/-)		(145.555)	-
5. Fluxos de efectivo das actividades de explotación (+/-1+/-2+/-3+/-4)		(62.238.114)	(57.564.643)
B. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVERTIMENTO			
6. Pagamentos por investimentos (-)		(41.268.301)	(46.129.741)
a) Empresas do Grupo e asociadas		-	-
b) Inmovilizado intanxible	6	(39.965.749)	(43.201.763)
c) Inmovilizado material	7	(1.302.552)	(2.927.978)
d) Invertementos inmobiliarios		-	-
e) Outros activos financeiros		-	-
f) Activos non correntes mantidos para venda		-	-
g) Outros activos		-	-
7. Cobramentos por desinvertementos (+)		700.544	544.916
a) Empresas do Grupo e asociadas		-	-
b) Inmovilizado intanxible	6	-	119.911
c) Inmovilizado material	7	185.238	-
d) Invertementos inmobiliarios		-	-
e) Outros activos financeiros	10	515.306	425.005
f) Activos non correntes mantidos para venda		-	-
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimento (6+7)		(40.567.757)	(45.584.825)

(Segue)

* A memoria adxunta forma parte integrante das contas anuais do exercicio 2020.



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Estados de Fluxos de Efectivo

correspondentes aos exercicios anuais rematados

o 31 de decembro de 2020 e 2019

(Expresados en euros)

	Nota	2020	2019
C. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO			
9. Cobramentos por instrumentos de patrimonio	12 y 15	103.013.022	100.116.882
a) Emisión de instrumentos de patrimonio e outras achegas de accionistas (+)		102.763.022	99.866.882
b) Amortización de instrumentos de patrimonio (-)		-	-
c) Adquisición de instrumentos de patrimonio (-)		-	-
d) Enaxenación de instrumentos de patrimonio (+)		-	-
e) Subvencións, doazóns e legados recibidos (+)	16	250.000	250.000
10. Cobramentos y pagamentos por instrumentos de pasivo financeiro		7.775.769	1.221.346
a) Emisión			
1. Obrigas e outros valores negociables (+)		-	-
2. Débedas con entidades de crédito (+)		-	-
3. Débedas con empresas do Grupo e asociadas (+)		9.856.343	9.521.346
4. Outras débedas (+)		-	-
b) Devolución e amortización			
1. Obrigas e outros valores negociables (-)		-	-
2. Débedas con entidades de crédito (-)		-	-
3. Débedas con empresas do Grupo e asociadas (-)		(121.396)	(8.300.000)
4. Outras débedas (-)		(1.959.178)	-
11. Pagamentos por dividendos e remuneracións de outros instrum. patrimonio		-	-
a) Dividendos (-)		-	-
b) Remuneracións de outros instrumentos de patrimonio (-)		-	-
12. Fluxos de efectivo das actividades de financiamento (+/-9+/-10+/-11)		110.788.791	101.338.228
D. EFECTO DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO	23	36.526	6.856
E. AUMENTO/DIMINUCCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (+/-5+/-8+/-12+/-D)		8.019.446	(1.804.384)
Efectivo ou equivalentes ao comezo do exercicio		12.346.616	14.151.000
Efectivo ou equivalentes ao final do exercicio		20.366.062	12.346.616

* A memoria adxunta forma parte integrante das contas anuais do exercicio 2020.



1. Información xeral

a) Constitución, natureza e obxecto social

Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., (en adiante a Sociedade ou Corporación RTVG) é a sucesora dende o día 1 de xaneiro de 2016 da Televisión de Galicia, S.A., constituída o día 18 de abril de 1985 como sociedade anónima. Corporación Radio e Televisión de Galicia é unha sociedade mercantil pública autonómica de capital integramente participado pola Comunidade Autónoma de Galicia, baixo a forma xurídica de sociedade anónima, suxeita á Lei de Sociedades de Capital e a Lei de Galicia 9/2011, do 9 de novembro, dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, e ten o seu domicilio social en Bando-San Marcos s/n, 15820 Santiago de Compostela (A Coruña).

O seu obxecto social constitúeo:

- A produción e transmisión de imaxes e sons, simultaneamente, a través de ondas ou mediante cables, destinados ao público en xeral, con fins informativos, culturais, artísticos, comerciais, recreativos e publicitarios, así como medio de cooperación co sistema educativo e de fomento e difusión da cultura galega, e en especial de fomento e desenvolvemento do galego.
- A produción e transmisión de sons mediante emisións radio-eléctricas, a través de ondas ou mediante cables destinados, mediata ou inmediatamente, ao público en xeral, con fins informativos, culturais, artísticos, comerciais, recreativos, publicitarios, así como medio de cooperación co sistema educativo e de fomento e difusión da cultura galega, e, en especial, o fomento e desenvolvemento do idioma galego.
- Cantas actividades sexan anexas ou complementarias ás anteriores.

Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. conta con dotacións orzamentarias dentro dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia (CAG) -véxase nota 1d e 29-.

De acordo coa escritura de constitución e os seus correspondentes estatutos da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. será o Consello de Administración quen formulará as contas anuais, as cales serán depositadas no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela.

En virtude das obrigas de reestruturación do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia, derivada da aplicación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, a cal encomenda a xestión de este servizo público a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., o Consello da Xunta de Galicia adoptou os acordos seguintes: na súa reunión do 29.08.2013, "Designar a Televisión de Galicia, S.A." coma futura "Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A." e na reunión do 10.10.2013, "Autorizar a fusión por absorción entre as sociedades mercantís públicas autonómicas Televisión de Galicia, S.A.U (sociedade absorbente) e Radiotelevisión Galicia, S.A.U (sociedade absorbida) -véxase nota 4-.

b) Extinción do ente público Compañía de Radio-Televisión de Galicia e integración de activos e pasivos na Televisión de Galicia, S.A. (Actualmente Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.)


Con data 4 de decembro de 2015, publicouse por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o Decreto 177/2015, de 3 de decembro, polo que se extinguiu a entidade de dereito público Compañía de Radio-Televisión de Galicia.

As principais consecuencias do citado Decreto 177/2015, de 3 de decembro, foron as seguintes:


b).1 A totalidade das accións que constituían o capital social da sociedade Televisión de Galicia, S.A., que ata o momento pertencían á Compañía de Radio-Televisión de Galicia, incorporáronse á Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento do artigo 7.2 da Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia e de acordo co artigo 89.1 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio de Galicia.

CSV: BOPGDSPGnZemg3nsn7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>






b).2 Aprobouse a transmisión dos activos e pasivos necesarios para a prestación do servizo público de radio e televisión á Televisión de Galicia, S.A., designada como a actual Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., en virtude do Acordo do 29 de agosto de 2013 do Consello da Xunta de Galicia. Os indicados activos e pasivos obxecto de transmisión veñen constituídos polo conxunto dos bens, dereitos e obrigas pertencentes á Compañía de Radio-Televisión de Galicia, por resultaren todos eles necesarios para a prestación do servizo público de radio e televisión excepto as propias accións que constituían o capital social da sociedade Televisión de Galicia, S.A.




b).3 O persoal da entidade Compañía de Radio-Televisión de Galicia incorporouse á Corporación RTVG cando esta comezou a exercer a súa actividade de prestación do servizo público de radio e televisión o día 1 de xaneiro de 2016, de acordo co establecido no decreto e de acordo co disposto no artigo 44 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores. A Corporación RTVG quedará subrogada nos dereitos e obrigas laborais correspondentes.

En consecuencia, o conxunto de activos e pasivos obxecto da transmisión mencionada no apartado b).2 foron integrados ó 31 de decembro de 2015, con cargo ó Patrimonio Neto da Televisión de Galicia S.A.




Así mesmo, en virtude do mencionado decreto, Televisión de Galicia, S.A. cambiou de denominación social e comezou a exercer a súa actividade de prestación do servizo público de radio e televisión como "Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A." o día 1 de xaneiro de 2016.

c) Réxime xurídico patrimonial



En virtude da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, Disposición adicional primeira, os bens e dereitos que integran o patrimonio da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A, teñen a consideración de patrimoniais e, por tanto, poderán ser obxecto de gravame, carga, transacción ou arbitraje.



A xestión, administración e disposición dos bens e dereitos que integran o patrimonio da Sociedade, rexeráse polo disposto na súa normativa específica, polas normas reguladoras do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e, na súa falta, polo ordenamento privado.


d) Recursos públicos de explotación

Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. elabora anualmente un orzamento de explotación e de capital no que se detallan os recursos e dotacións anuais. Os orzamentos de explotación e de capital intégranse de forma consolidada nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia (véxase nota 29).

A Sociedade financia as súas operacións de explotación, entre outros, con recursos achegados pola Comunidade Autónoma de Galicia, imputando as cantidades correspondentes á conta "Achegas de socios" no exercicio no que se devengan. Esta achega de fondos ascendeu en 2020 a 102.763.022 euros (99.866.882 euros no exercicio 2019) -véxase nota 15-.

2. Bases de presentación

a) Imaxe fiel



As contas anuais formuláronse a partir dos rexistros contables da Sociedade, de acordo coa lexislación mercantil vixente, coas normas establecidas no Plan Xeral de Contabilidade aprobado mediante Real Decreto 1514/2007, as modificacións incorporadas a este mediante Real Decreto 1159/2010 e Real Decreto 602/2016, e co establecido na Orde EHA/733/2010, do 25 de marzo, pola que se aproban aspectos contables de empresas públicas que operan en determinadas circunstancias (a Orde), co obxecto de mostrar a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira ó 31 de decembro de 2020 e dos resultados das súas operacións, dos cambios no patrimonio neto e dos seus fluxos de efectivo correspondentes ao exercicio anual rematado na devandita data.



O Consello de Administración da Sociedade estima que as presentes contas anuais do exercicio 2020, serán aprobadas sen modificación algunha.

b) Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza

A preparación das contas anuais esixe o uso por parte da Sociedade de certas estimacións e xuízos en relación co futuro que se avalían continuamente e se basean na experiencia histórica e outros factores, incluídas as expectativas de sucesos futuros que se cren razoables baixo as circunstancias actuais.

As estimacións contables resultantes, por definición, dificilmente igualarán os correspondentes resultados reais; non obstante o Consello de Administración da Sociedade considera que non existen estimacións contables de carácter significativo que puidesen dar lugar a axustes nos valores en libros dos activos e pasivos dentro do exercicio financeiro seguinte.

Litixios

A Sociedade é parte en distintos procesos xudiciais. Para afrontar a responsabilidade derivada dos devanditos procesos, a Sociedade ten constituídas certas provisións seguindo os criterios establecidos na nota 3.15. Da resolución definitiva dos devanditos procesos xudiciais poderían derivarse axustes sobre os valores rexistrados ó 31 de decembro de 2020.

Recuperabilidade de saldos a cobrar por IVE

A Dirección da Sociedade avalía a recuperabilidade dos saldos pendentes de cobro polo IVE dos anos 2017, 2018, 2019 e 2020 a raíz das inspeccións iniciadas por parte da AEAT, considerando que os devanditos saldos son de probable recuperación en base as estimacións dos asesores fiscais (véxase nota 21).

Perdas por deterioración do valor dos activos non financeiros non xeradores de fluxos de efectivo

A deterioración de valor dun activo non xerador de fluxos de efectivo é a perda de potencial de servizo dun activo, distinta á depreciación sistemática e regular que constitúe a amortización. A deterioración responde, polo tanto, a unha diminución na utilidade que lle proporciona o activo á entidade que o controla (véxase nota 3.6).

Dereitos de propiedade audiovisual (coproducións)

Os custos incorridos na realización de coproducións son activados como inmovilizado intanxible e amortízanse no tempo en que se estima que xerarán fluxos de efectivo para a Sociedade.

Dereitos de películas e programas

A Sociedade amortiza os dereitos de emisión de películas e programas de acordo cunhas porcentaxes establecidas en función do número de pases e da natureza do dereito. Adicionalmente a Sociedade corrixe o valor dos dereitos (así como os custos que se lle imputan) daquelas películas, series, etc., para as que a súa emisión non estea prevista, ben polo seu nulo interese, ben porque a proximidade do vencemento do dereito e os requisitos de programación o fagan imposible.

c) Principio de empresa en funcionamento

A actividade da Sociedade xera resultados de explotación negativos, dado que os ingresos son insuficientes para a cobertura global dos seus gastos. Nesta situación, a viabilidade futura das actividades da Sociedade ven determinada pola percepción de achegas da Comunidade Autónoma.

O Consello de Administración da Corporación RTVG formulou estas contas anuais do exercicio 2020 seguindo o principio de xestión continuada ao considerar que non existe dúbida en canto á continuidade das operacións da Sociedade para o exercicio 2021, dado que mediante a Lei 3/2021 do Parlamento de Galicia, do 28 de xaneiro, se aproban para o devandito exercicio os orzamentos de explotación e capital da Corporación RTVG por un importe de 110.351.000 euros. En dito orzamento contéplanse achegas da Comunidade Autónoma de Galicia á Corporación RTVG por importe de 103.478.478 euros (véxase nota 29).

CSV: BOPGDSPGnZemg3nsn7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



3. Criterios contables

3.1. Activos non xeradores de fluxos de efectivo

A Sociedade atópase no ámbito de aplicación da Orde por realizar as súas actividades mediante a utilización de activos non xeradores de efectivo, estar orientada non á obtención dun beneficio ou á xeración dun rendemento económico ou comercial, senón á obtención de fluxos económicos sociais que benefician a colectividade por medio do «potencial de servizo» ou utilidade pública.

“Activos xeradores de fluxos de efectivo” considéranse os elementos de inmovilizado material, intanxible e investimentos inmobiliarios que se posúen co fin de obter un beneficio ou xerar un rendemento comercial a través da entrega de bens ou a prestación de servizos.

“Activos non xeradores de fluxos de efectivo” considéranse os elementos de inmovilizado material, intanxible e investimentos inmobiliarios que se posúen con finalidade distinta á de xerar un rendemento comercial, como poden ser os fluxos económicos sociais que xeran os devanditos activos e que benefician á colectividade, isto é, o seu beneficio social ou potencial servizo.

Un activo, aínda que sexa mantido principalmente para producir fluxos económicos sociais que benefician á colectividade, pode tamén proporcionar rendementos comerciais a través dunha parte das súas instalacións ou compoñentes, ou ben a través dun uso incidental e diferente ao seu uso principal. Cando o compoñente ou uso xerador de fluxos de efectivo se poida considerar como accesorio con respecto ao obxectivo principal do activo como un todo, ou ben non poida operar ou explotarse con independencia do resto de compoñentes e instalacións integrantes do activo, este considerárase integramente como non xerador de fluxos de efectivo.

Dado que os obxectivos xerais da Sociedade se atopan enmarcados no establecido na Orde, os activos da Sociedade no seu conxunto son considerados como non xeradores de fluxos de efectivo.

3.2. Inmovilizado intanxible

a) Propiedade industrial e similares

Recóllense baixo esta epígrafe os gastos derivados do rexistro de marcas correspondentes a títulos de programas, logotipos, anagramas, etc., así como gastos de imaxe corporativa cuxa amortización se realiza integramente no exercicio no que se incorre no investimento, e procédese ao peche do exercicio a súa baixa en contas.

b) Aplicacións informáticas

As licenzas para programas informáticos adquiridas a terceiros capitalízanse sobre a base dos custos en que se incorreu para adquirilas e preparamas para usar o programa específico. Estes custos amortízanse durante as súas vidas útiles estimadas en tres anos.

Os gastos relacionados co mantemento de programas informáticos recoñécense como gasto cando se incorre neles. Os custos directamente relacionados coa produción de programas informáticos únicos e identificables controlados pola Sociedade, e que sexa probable que vaian xerar beneficios económicos superiores aos custos durante máis dun ano, recoñécense como activos intanxibles. Os custos directos inclúen os gastos do persoal que desenvolve os programas informáticos e unha porcentaxe estimada de gastos xerais.

Os custos de desenvolvemento de programas informáticos recoñecidos como activos amortízanse durante as súas vidas útiles estimadas (que non superan os tres anos).

CSV: BOPGDSPGnZemg3nsn7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



c) Dereitos de propiedade audiovisual

De acordo coa Orde, os dereitos e programas que a Sociedade adquire para a emisión de contidos pasaron a considerarse activos intanxibles non xeradores de fluxos de efectivo, tomando en consideración o seu carácter de dereito intanxible dado que se posúen cunha finalidade distinta á de xerar un rendemento comercial, ao estar destinados, como finalidade primordial xunto ao resto dos investimentos en activos fixos, á prestación do servizo público de televisión, polo que non se consideran como existencias nin, en consecuencia, o seu consumo como aprovisionamentos e variación de existencias. Este criterio aplícase para os únicos efectos de presentación e valoración dos bens nas contas anuais sen que afecte ao resultado do exercicio, á liquidación orzamentaria e aos criterios de clasificación orzamentaria por natureza aplicados.

Recóllense baixo este epígrafe os importes correspondentes ás coproducións e dereitos de explotación comercial de creacións audiovisuais nas que participa a Sociedade. Estes dereitos actívanse no momento en que a obra é susceptible de xerar recursos económicos para a Sociedade e séguese o criterio de amortizar o seu valor dende o mes seguinte de forma lineal a razón dun 5% mensual. Mentres a obra audiovisual non se poña en explotación, os importes entregados pola Sociedade á empresa produtora rexístranse, de ser o caso, polo seu nominal en "Anticipos" baixo a rúbrica "Outro Inmobilizado intanxible" do activo do balance, cancelándose con cargo á conta "Dereitos da propiedade audiovisual" na data en que sexa susceptible de xerar recursos para a Sociedade.

d) Dereitos de emisión de películas e programas

d).1 Producción allea

Inclúese como inmovilizado intanxible o valor dos dereitos de emisión de produción allea a partir do inicio do período de licenza, sempre e cando se dispoña do soporte material do dereito, independentemente da data (normalmente anterior) de formalización do contrato, e estes rexístranse polo seu custo de adquisición, segundo contrato, máis os gastos incorridos en material soporte, dobraxes, subtítulos, elaboración de banda sonora e outros traballos realizados por empresas alleas á Sociedade e minorados, de acordo coas porcentaxes indicadas neste apartado, pola amortización calculada en función dos pases emitidos e dos pases totais contratados para cada dereito de emisión.

No caso de adquisición de grupos de películas, a Sociedade valora os dereitos de emisión de acordo co prezo establecido en contrato, considerando que o custo individualizado de cada un deles, se non se especifica en contrato, é igual para todos dentro do grupo.

Non obstante, nalgúns casos nos que o custo individualizado non se deduce do contrato, a Sociedade segue o criterio de valorar individualmente os dereitos para os que se define o prezo en contrato de forma global, de acordo co valor relativo destes e en función de determinadas categorías preestablecidas en función da calidade, dos ingresos por venda de entradas ou doutras variables.

Cando varias televisións autonómicas participan nun mesmo contrato para a adquisición de dereitos de emisión, a repartición do custo faise en función de porcentaxes fixadas por todas estas televisións con base no número de habitantes das respectivas comunidades autónomas.

En función da valoración establecida nos parágrafos anteriores, os dereitos de emisión amortízanse seguindo os seguintes criterios:

- Se o número de pases contratados é un, o 100% do seu valor na data da súa emisión.
- Se o número de pases contratados son dous, un 70% do valor na primeira emisión e o 30% restante na segunda emisión.
- Se o número de pases contratados son tres ou máis, o 70% do seu valor na data da súa primeira emisión, un 20% na segunda emisión e o 10% restante ao se producir a terceira emisión.



- Nos casos de series de capítulos séguense os mesmos criterios, se ben a amortización correspondente a cada pase se realiza en función dos capítulos emitidos.

d).2 Producción propia externa

Inclúese como inmovilizado intanxible o valor dos dereitos de emisión de produción propia externa a partir da recepción de materiais (xeralmente estipulada no contrato), tanto para unidades como para series (varios capítulos nun contrato/expediente). Neste último caso considerase a mesma data de inicio de cómputo para tódolos capítulos contratados.

Os dereitos de emisión de produción propia externa, tamén denominada produción contratada ou encargos de produción, valóranse pola Sociedade polo seu custo de adquisición segundo contrato máis os gastos incorridos, se é o caso, polas dobraxes e outros traballos realizados por empresas alleas á Sociedade e minorados, de acordo coas porcentaxes indicadas neste apartado, pola amortización calculada en función dos pases emitidos.

Os dereitos de emisión da produción propia externa amortízanse en función das seguintes porcentaxes:

- 50% na primeira emisión.
- 25% na segunda emisión.
- 15% na terceira emisión.
- O valor neto contable resultante amortízase na súa totalidade unha vez transcorridos 4 anos dende o inicio dos dereitos (véxase nesta nota o apartado d.4).

O valor dos dereitos de emisión daqueles programas que se emiten en directo ou en diferido nos que intervéñ público ou se fai referencia a datas determinadas amortízanse integramente na súa primeira emisión.

Nos casos en que exista a posibilidade de emisión de varios pases sen unha eventual venda posterior, séguese o criterio sinalado para a produción allea no referente aos dereitos para os que contratan tres ou máis pases.

Nos casos de series de capítulos séguense os mesmos criterios, se ben a amortización dos dereitos de emisión correspondentes a cada pase se realiza en función dos capítulos emitidos.

d).3 Producción propia interna

O valor dos dereitos de emisión da produción propia interna recolle unicamente os custos externos imputables directamente á produción do programa.

En xeral, o custo de produción amortízase integramente na súa primeira emisión.

No caso de programas seriados, a amortización realízase de forma proporcional aos capítulos emitidos.

d).4 Deterioración de valor dos dereitos de emisión

A Sociedade avalía e determina as correccións valorativas por deterioración e as reversións das perdas por deterioración de valor do inmovilizado intanxible de acordo cos criterios que se mencionan no apartado "3.6. Perdas por deterioración do valor dos activos non financeiros non xeradores de fluxos de efectivo".

A Sociedade corrixe o valor dos dereitos (así como os custos que se lle imputan) daquelas producións externas (allea e propia externa) nas que a súa emisión non estea prevista a curto prazo, ben polo seu nulo interese, ben porque a proximidade do vencemento do dereito e os requisitos de programación o fagan imposible. Ata o exercicio 2007 o valor de cada unha destas producións, xa deterioradas, é inferior a un euro.



Dende o exercicio 2008, os dereitos cunha antigüidade superior a 4 anos son totalmente amortizados, excepto naqueles casos nos que estea prevista a súa emisión no exercicio seguinte. A estes efectos o computo da antigüidade segue os criterios xa comentados (véxase nesta nota o apartado d.1 para produción allea e d.2 para produción propia externa).

3.3. Inmobilizado material

O inmobilizado material adquirido pola Corporación RTVG con cargo ás súas dotacións orzamentarias (véxase nota 7), así como aquel co que desenvolve as súas actividades o cal foi adquirido a través da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e adscrito á Corporación RTVG, ten a consideración de patrimonial.

Os elementos do inmobilizado material recoñécense polo seu prezo de adquisición ou custo de produción menos a amortización acumulada e o importe acumulado das perdas recoñecidas.

O importe dos traballos realizados pola empresa para o seu propio inmobilizado material calcúlase sumándolle ao prezo de adquisición das materias consumibles, os custos directos ou indirectos imputables aos devanditos bens.

Os custos de ampliación, modernización ou mellora dos bens do inmobilizado material incorpóranse ao activo como maior valor do ben exclusivamente cando supoñen un aumento da súa capacidade, produtividade ou alongamento da súa vida útil, e sempre que sexa posible coñecer ou estimar o valor contable dos elementos que resultan dados de baixa do inventario por ser substituídos.

O inmobilizado adquirido directamente pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e adscrito á Corporación RTVG rexístrase contablemente pola súa natureza, con aboamento ó epígrafe de "Subvencións, doazóns e legados recibidos" (véxase nota 3.11).

A amortización do inmobilizado material, con excepción dos terreos que non se amortizan, calcúlase sistematicamente polo método lineal en función da súa vida útil estimada, atendendo á depreciación efectivamente sufrida polo seu funcionamento, uso e gozo. Os % de amortización correspondentes ás vidas útiles estimadas son:

	<u>% de amortización</u>
Construcións	3
Maquinaria e instalacións técnicas	8-20
Ferramentas	8-30
Mobiliario e outras instalacións	8-20
Equipos para procesos de información	25
Elementos de transporte e outro inmobilizado	8-16

O valor residual e a vida útil dos activos revísase, axustándose se fose necesario, na data de cada balance.

Cando o valor contable dun activo é superior ao seu importe recuperable estimado, o seu valor redúcese de forma inmediata ata o seu importe recuperable.

As perdas e ganancias pola venda de inmobilizado material calcúlanse comparando os ingresos obtidos pola venda co valor contable e rexístranse na conta de perdas e ganancias.

3.4. Custos por xuros

Os gastos financeiros directamente atribuíbles á adquisición ou construción de elementos do inmobilizado que necesiten un período de tempo superior a un ano para estar en condicións de uso incorpóranse ao seu custo ata que se encontran en condicións de funcionamento.



3.5. Deterioración de valor dos activos

A Sociedade avaliou as correccións valorativas por deterioración de valor do inmovilizado conforme ao mencionado no apartado 3.6. "Perdas por deterioración do valor dos activos non financeiros non xeradores de fluxos de efectivo".

3.6. Perdas por deterioración do valor dos activos non financeiros non xeradores de fluxos de efectivo

A deterioración de valor dun activo non xerador de fluxos de efectivo (véxase nota 3.1) é a perda de potencial de servizo dun activo, distinta á depreciación sistemática e regular que constitúe a amortización. A deterioración responde, polo tanto, a unha diminución na utilidade que lle proporciona o activo á entidade que o controla.

A avaliación da existencia de deterioración dos activos non xeradores de fluxos de efectivo debe efectuarse para cada activo individualmente considerado. Non obstante, cando a identificación do potencial de servizo dun activo individualmente considerado non fose evidente, a Sociedade determina o importe recuperable da unidade de explotación ou servizo á que pertence.

Deberase contabilizar unha perda por deterioración nun activo non xerador de fluxos de efectivo ou unidade de explotación ou servizo se o seu valor contable supera o seu importe recuperable na súa data de determinación.

Para estes efectos enténdese por importe recuperable o maior importe entre o seu valor razoable menos os custos de venda e o seu valor en uso. Salvo mellor evidencia, o valor en uso dun activo non xerador de efectivo ou unidade de explotación ou servizo determínase por referencia ao seu custo de reposición depreciado.

Enténdese por custo de reposición depreciado o custo de reposición do devandito activo menos a amortización acumulada calculada sobre a base de tal custo, de forma que reflecta o funcionamento, uso e gozo xa efectuado do activo, sen prexuízo de considerar tamén a obsolescencia técnica que puidese afectalo.

En caso de que a Sociedade deba recoñecer unha perda por deterioración dunha unidade de explotación ou servizo, reducirá o valor en libros dos activos non xeradores de efectivo que a integran en proporción ao seu valor contable, ata o límite do maior valor entre os seguintes: o seu valor razoable menos os custos de venda, o seu custo de reposición depreciado e cero.

As correccións valorativas por deterioración dos activos non xeradores de fluxos de efectivo, así como a súa reversión cando as causas que a motivaron deixasen de existir, recoñécense como un gasto ou un ingreso, respectivamente, na conta de perdas e ganancias. A reversión da deterioración ten como límite o valor contable do activo que estaría recoñecido na data de reversión se non se rexistrase a deterioración de valor.

O recoñecemento dunha perda por deterioración do valor dun activo non xerador de fluxos de efectivo, así como a súa reversión, motivará un recálculo das cotas de amortización. Así mesmo, no caso de deterioración, pode ser indicativo de que a vida útil restante do activo, o método de amortización ou o seu valor residual necesiten ser revisados.

3.7. Activos financeiros

a) Préstamos e partidas para cobrar

Os préstamos e partidas para cobrar son activos financeiros non derivados con cobramentos fixos ou determinables que non cotizan nun mercado activo. Inclúense en activos correntes, agás para vencementos superiores a 12 meses dende da data do balance que se clasifican como activos non correntes. Os préstamos e partidas para cobrar inclúense en "Créditos a terceiros" e "Debedores comerciais e outras contas para cobrar" no balance.

CSV: BOPGDSPGnZemg3nsn7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Estes activos financeiros valóranse inicialmente polo seu valor razoable, incluídos os custos de transacción que lles sexan directamente imputables, e posteriormente a custo amortizado recoñecendo os xuros devengados en función do seu tipo de xuro efectivo, entendido como o tipo de actualización que iguala o valor en libros do instrumento coa totalidade dos seus fluxos de efectivo estimados ata o seu vencemento.

Non obstante o anterior, os créditos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano valóranse, tanto no momento de recoñecemento inicial como posteriormente, polo seu valor nominal sempre que o efecto de non actualizar os fluxos non sexa significativo.

Polo menos ao peche do exercicio efectúanse as correccións valorativas necesarias por deterioración de valor se existe evidencia obxectiva de que non se cobrarán todos os importes que se deben.

O importe da perda por deterioración do valor é a diferenza entre o valor en libros do activo e o valor actual dos fluxos de efectivo futuros estimados, descontados ao tipo de xuro efectivo no momento de recoñecemento inicial. As correccións de valor, así como no seu caso a súa reversión, recoñécense na conta de perdas e ganancias.

b) Investimentos mantidos ata o vencemento

Os investimentos mantidos ata o vencemento son valores representativos de débeda con cobramentos fixos ou determinables e vencemento fixo, que se negocian nun mercado activo e que a Dirección da Sociedade ten a intención efectiva e a capacidade de conservar ata o seu vencemento. Se a Sociedade vendese un importe que non fose insignificante dos activos financeiros mantidos ata o vencemento, a categoría completa reclasificaríase como dispoñible para a venda. Estes activos financeiros inclúense en activos non correntes, excepto aqueles con vencemento inferior a 12 meses a partir da data do balance que se clasifican como activos correntes.

Os criterios de valoración destes investimentos son os mesmos que para os préstamos e partidas para cobrar.

3.8. Existencias

Repostos técnicos e material de consumo e reposición

Comprenden cintas virxes, repostos e outro material de oficina e material auxiliar técnico. Estas existencias figuran valoradas polo seu custo de adquisición, e de ser caso os impostos que non sexan recuperables, determinado conforme ao método FIFO (primeiras entradas, primeiras saídas).

A Sociedade realiza dotacións á provisión por deterioración das existencias con custo superior ao seu valor de mercado ou cando existen dúbidas sobre a súa recuperabilidade debido a problemas de lento movemento ou de obsolescencia.

En todo caso, dende o exercicio 2008 os repostos técnicos e o material de consumo e reposición inventariado son deteriorados de forma lineal e nun período de cinco anos.

3.9. Patrimonio neto

O capital social está representado por accións ordinarias.

Os custos de emisión de novas accións ou opcións preséntanse directamente contra o patrimonio neto, como menores reservas.

No caso de adquisición de accións propias da Sociedade, a contraprestación pagada, incluído calquera custo incremental directamente atribuible, dedúcese do patrimonio neto ata a súa cancelación, emisión de novo ou alleamento. Cando estas accións se venden ou se volven emitir posteriormente, calquera importe recibido, neto de calquera custo incremental da transacción directamente atribuible, inclúese no patrimonio neto.


CSV: BOPGDSPGnZemg3nsn7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>






3.10. Pasivos financeiros

Débitos e partidas para pagar




Esta categoría inclúe débitos por operacións comerciais e débitos por operacións non comerciais. Estes recursos alleos clasifícanse como pasivos correntes, a menos que a Sociedade teña un dereito incondicional a diferir a súa liquidación durante polo menos 12 meses despois da data do balance.

Estas débedas recoñécense inicialmente ao seu valor razoable axustado polos custos de transacción directamente imputables, rexistrándose posteriormente polo seu custo amortizado segundo o método do tipo de xuro efectivo. O devandito xuro efectivo é o tipo de actualización que iguala o valor en libros do instrumento coa corrente esperada de pagamentos futuros previstos ata o vencemento do pasivo.




Non obstante o anterior, os débitos por operacións comerciais con vencemento non superior a un ano e que non teñen un tipo de xuro contractual valóranse, tanto no momento inicial como posteriormente, polo seu valor nominal cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.




A Sociedade dá de baixa un pasivo financeiro ou unha parte del cando cumpriu coa obriga contida no pasivo ou ben está legalmente dispensada da responsabilidade fundamental contida no pasivo, xa sexa en virtude dun proceso xudicial ou polo acredor.

3.11. Subvencións recibidas



As subvencións que teñan carácter de reintegrables rexístranse como pasivos ata cumprir as condicións para considerarse non reintegrables, mentres que as subvencións non reintegrables rexístranse como ingresos directamente imputados ao patrimonio neto e recoñécense como ingresos sobre unha base sistemática e racional de forma correlacionada cos gastos derivados da subvención. As subvencións non reintegrables recibidas do accionista único rexístranse directamente en fondos propios.

Para estes efectos, unha subvención considérase non reintegrable cando existe un acordo individualizado de concesión da subvención, se cumpriron todas as condicións establecidas para a súa concesión e non existen dúbidas razoables de que se cobrará.




As subvencións de carácter monetario valóranse polo valor razoable do importe concedido e as subvencións non monetarias polo valor razoable do ben recibido, referidos ambos os dous valores ao momento do seu recoñecemento.

As subvencións non reintegrables relacionadas coa adquisición de inmovilizado intanxible, material e investimentos inmobiliarios impútanse, como ingresos do exercicio en proporción á amortización dos correspondentes activos ou, se é o caso, cando se produza o seu alleamento, corrección valorativa por deterioración ou baixa en balance. Pola súa banda, as subvencións non reintegrables relacionadas con gastos específicos recoñécense na conta de perdas e ganancias no mesmo exercicio en que se producen os correspondentes gastos.

As transferencias percibidas pola Corporación RTVG da Comunidade Autónoma de Galicia son con finalidade indeterminada, para financiar déficits de explotación ou gastos xerais de funcionamento da empresa, non asociados con ningunha actividade ou área de actividade en concreto senón co conxunto das actividades que realiza, non constitúen ingresos, senón achegas de socios para compensación de perdas.

3.12. Bens adscritos CAG



Trátase dos bens cedidos pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en concepto de adscripción de uso, que se rexistran contablemente pola súa natureza, con aboamento á conta de "Ingresos por bens adscritos CAG" recollida dentro do epígrafe de "Subvencións, doazóns e legados recibidos". Para a súa amortización séguense os mesmos criterios que para o inmovilizado material (véxase nota 3.3), así como o establecido na nota 3.11 para as subvencións non reintegrables relacionadas coa adquisición de inmovilizado.



O conxunto de activos e pasivos obxecto da transmisión mencionada na nota 1b, e que son integrados ó 31 de decembro de 2015, con cargo ó Patrimonio Neto da Televisión de Galicia S.A., inclúen bens que foron cedidos pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia á Compañía de Radio-Televisión de Galicia nos mesmos termos descritos no parágrafo anterior.

3.13. Impostos correntes e diferidos

O gasto (ingreso) por imposto sobre beneficios é o importe que, por este concepto, se devenga no exercicio e que comprende tanto o gasto (ingreso) por imposto corrente como por imposto diferido.

Tanto o gasto (ingreso) por imposto corrente como o diferido se rexistra na conta de perdas e ganancias. Non obstante, recoñécese no patrimonio neto o efecto impositivo relacionado con partidas que se rexistran directamente no patrimonio neto.

Os activos e pasivos por imposto corrente valóranse polas cantidades que se espera pagar ou recuperar das autoridades fiscais, de acordo coa normativa vixente ou aprobada e pendente de publicación na data de peche do exercicio.

Os impostos diferidos calcúlanse sobre as diferenzas temporais que xorden entre as bases fiscais dos activos e pasivos e os seus valores en libros. Non obstante, se os impostos diferidos xorden do recoñecemento inicial dun activo ou un pasivo nunha transacción distinta dunha combinación de negocios que no momento da transacción non afecta nin ao resultado contable nin á base imponible do imposto, non se recoñecen. O imposto diferido determinase aplicando a normativa e os tipos impositivos aprobados ou a punto de aprobarse na data do balance e que espera aplicar cando o correspondente activo por imposto diferido se realice ou o pasivo por imposto diferido se liquide.

Os activos por impostos diferidos recoñécense na medida en que resulte probable que se vaia dispoñer de ganancias fiscais futuras coas que poder compensar as diferenzas temporais.

3.14. Prestacións aos empregados

a) Compromisos por pensións

A Sociedade tiña un plan de achega definida.

Un plan de achegas definidas é aquel baixo o cal o achegador realiza contribucións fixas a unha entidade separada e non ten ningunha obriga legal, contractual ou implícita de realizar contribucións adicionais se a entidade separada non dispuxese de activos suficientes para atender os compromisos asumidos.

Para os plans de achegas definidas, o achegador paga achegas a plans de seguros de pensións xestionados de forma pública ou privada sobre unha base obrigatoria, contractual ou voluntaria. Unha vez que se pagaron as achegas, o achegador non ten obriga de pagamentos adicionais. As contribucións recoñécense como prestacións aos empregados cando se devengan. As contribucións pagadas por anticipado recoñécense como un activo na medida en que unha devolución de efectivo ou unha redución dos pagamentos futuros se atopen dispoñibles.

A Sociedade recoñecía un pasivo polas contribucións para realizar cando, ao peche do exercicio, figuraban contribucións devengadas non satisfeitas.

A partires do 31 de decembro de 2011 en virtude do Real Decreto Lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, publicado no BOE o 31 de decembro de 2011, a Sociedade non realizou achegas adicionais ao plan de pensións.



b) Indemnizacións por cesamento

As indemnizacións por cesamento páganse aos empregados como consecuencia da decisión de rescindir o seu contrato de traballo antes da idade normal de xubilación ou cando o empregado acepta renunciar voluntariamente a cambio desas prestacións. A Sociedade reconece estas prestacións cando se comprometeu de forma demostrable a destituír no seu emprego aos traballadores de acordo cun plan formal detallado sen posibilidade de retirada ou a proporcionar indemnizacións por cesamento como consecuencia dunha oferta para animar a unha renuncia voluntaria. As prestacións que non se van pagar nos doce meses seguintes á data do balance descóntanse ao seu valor actual.

3.15. Provisións e pasivos continxentes

As provisións para restauración medioambiental, custos de reestruturación e litixios recoñécense cando a Sociedade ten unha obriga presente, xa sexa legal ou implícita, como resultado de sucesos pasados, é probable que vaia ser necesaria unha saída de recursos para liquidar a obriga e o importe se pode estimar de forma fiable. As provisións por reestruturación inclúen sancións por cancelación do arrendamento e pagamentos por despedimento aos empregados. Non se recoñecen provisións para perdas de explotación futuras.

As provisións valóranse polo valor actual dos desembolsos que se espera que sexan necesarios para liquidar a obriga usando un tipo antes de impostos que reflecta as avaliacións do mercado actual, do valor temporal do diñeiro e os riscos específicos da obriga. Os axustes na provisión con motivo da súa actualización recoñécense como un gasto financeiro conforme se van devengando.

As provisións con vencemento inferior ou igual a un ano cun efecto financeiro non significativo non se descuentan.

Cando se espera que parte do desembolso necesario para liquidar a provisión sexa reembolsada por un terceiro, o reembolso recoñécese como un activo independente, sempre que sexa practicamente segura a súa recepción.

Pola súa parte, considéranse pasivos continxentes aquelas posibles obrigas xurdidas como consecuencia de sucesos pasados cuxa materialización está condicionada a que aconteza ou non un ou máis eventos futuros independentes da vontade da Sociedade. Os devanditos pasivos continxentes non son obxecto de rexistro contable e preséntanse detalle destes, se é o caso, na memoria.

3.16. Recoñecemento de ingresos

Os ingresos rexístranse polo valor razoable da contraprestación para recibir e representan os importes para cobrar pola publicidade, os dereitos de emisión cedidos e os servizos prestados no curso ordinario das actividades da Sociedade, menos devolucións, rebaixas, descontos e o imposto sobre o valor engadido.

A Sociedade reconece os ingresos cando o seu importe se pode valorar con fiabilidade, é probable que os beneficios económicos futuros vaian fluír á Sociedade e cúmprense as condicións específicas para cada unha das actividades que desenvolve. Non se considera que se poida valorar o importe dos ingresos con fiabilidade ata que non se resolveron todas as continxencias relacionadas coa venda. A Sociedade basea as súas estimacións en resultados históricos, tendo en conta o tipo de cliente, o tipo de transacción e os termos concretos de cada acordo.


Os ingresos por xuros recoñécense usando o método do tipo de xuro efectivo. Cando unha conta para cobrar sofre perda por deterioración do valor, a Sociedade reduce o valor contable ao seu importe recuperable, descontando os fluxos futuros de efectivo estimados ao tipo de xuro efectivo orixinal do instrumento, e continúa levando o desconto como menos ingreso por xuros. Os ingresos por xuros de préstamos que sufrisen perdas por deterioración do valor recoñécense utilizando o método do tipo de xuro efectivo.






3.17. Arrendamentos

a) Arrendamento financeiro




Os arrendamentos de inmovilizado nos que a Sociedade ten substancialmente todos os riscos e beneficios derivados da propiedade clasifícanse como arrendamentos financeiros. Os arrendamentos financeiros capitalízanse ao inicio do arrendamento polo seu valor razoable do ben arrendado ou ó valor actual dos pagamentos mínimos acordados polo arrendamento, ou ó menor dos dous. Para o cálculo do valor actual emprégase o tipo de xuro implícito do contrato e se este non pódese determinar, o tipo de xuro da Sociedade para operacións similares.



Cada pagamento por arrendamento distribúese entre o pasivo e a carga financeira. A carga financeira total distribúese ao longo do prazo de arrendamento e impútase á conta de perdas e ganancias do exercicio no que se incorre, aplicando o método de tipo de xuro efectivo. As cotas continxentes son custo do exercicio no que se incorre nelas. As correspondentes obrigas por arrendamento, netas de cargas financeiras, inclúense en "Acredores por arrendamento financeiro". O inmovilizado adquirido en réxime de arrendamento financeiro amortízase durante a súa vida útil.

b) Arrendamento operativo




Os arrendamentos nos que o arrendador conserva unha parte importante dos riscos e beneficios derivados da titularidade clasifícanse como arrendamentos operativos. Os pagamentos en concepto de arrendamento operativo (netos de calquera incentivo recibido do arrendador) cárganse na conta de perdas e ganancias do exercicio en que se devengan sobre unha base lineal durante o período de arrendamento.



3.18. Clasificación de activos e pasivos entre corrente e non corrente

A Sociedade presenta o balance clasificando activos e pasivos entre corrente e non corrente. Para estes efectos son activos ou pasivos correntes aqueles que cumpran os seguintes criterios:


- 
- Os activos clasifícanse como correntes cando se espera realizalos ou se pretende vendelos ou consumilos no transcurso do ciclo normal da explotación da Sociedade, se manteñen fundamentalmente con fins de negociación, se espera realizalos dentro do período dos doce meses posteriores á data de peche ou se trata de efectivo ou outros activos líquidos equivalentes, agás naqueles casos nos que non poidan ser intercambiados ou utilizados para cancelar un pasivo, polo menos dentro dos doce meses seguintes á data de peche.
 - Os pasivos clasifícanse como correntes cando se espera liquidalos no ciclo normal da explotación da Sociedade, se manteñen fundamentalmente para a súa negociación, se teñen que liquidar dentro do período de doce meses dende a data de peche ou a Sociedade non ten o dereito incondicional para aprazar a cancelación dos pasivos durante os doce meses seguintes á data de peche.
 - Os pasivos financeiros clasifícanse como correntes cando se deban liquidar dentro dos doce meses seguintes á data de peche aínda que o prazo orixinal sexa por un período superior a doce meses e exista un acordo de refinanciamento ou de reestruturación dos pagamentos a longo prazo que concluíra despois da data de peche e antes de que as contas anuais sexan formuladas.

3.19. Medio ambiente

A Sociedade realiza operacións cuxo propósito principal é previr, reducir ou reparar o dano que como resultado das súas actividades poida producir sobre o medio ambiente.

Os gastos derivados das actividades medio ambientais recoñécense como "Outros gastos de explotación" no exercicio no que se incorren.





Os elementos do inmovilizado material adquiridos co obxecto de ser utilizados de forma duradeira na súa actividade e cuxa finalidade principal é a minimización do impacto medioambiental e a protección e mellora do medio ambiente, incluíndo a redución ou eliminación da contaminación futura das operacións da Sociedade, recoñécense como activos mediante a aplicación de criterios de valoración, presentación e por separado consistentes cos que se mencionan no apartado 3.3. Inmovilizado material.



3.20. Transaccións en moeda estranxeira

a) Moeda funcional e de presentación

As contas anuais da Sociedade preséntanse en euros, que é a moeda de presentación e funcional da Sociedade.

b) Transaccións e saldos




b).1 Dereitos de emisión

O prezo de adquisición convértese en euros por aplicación do tipo de cambio vixente na data na que se formaliza o contrato.



b).2 Créditos e débitos

A conversión dos créditos e débitos en moeda distinta do euro a euros realízase aplicando o tipo de cambio vixente no momento en que cada transacción se realiza. No peche do exercicio valóranse ao tipo de cambio vixente no mencionado momento.



As perdas e ganancias en moeda estranxeira que resultan da liquidación destas transaccións e da conversión aos tipos de cambio de peche dos activos e pasivos monetarios denominados en moeda estranxeira recoñécense na conta de perdas e ganancias, agás se se difiren en patrimonio neto como as coberturas de fluxos de efectivo e as coberturas de investimento neto no estranxeiro.



3.21. Transaccións entre empresas do Grupo e vinculadas


Con carácter xeral, as operacións entre empresas do Grupo e vinculadas contabilízanse no momento inicial polo seu valor razoable. Se é o caso, se o prezo acordado difire do seu valor razoable, a diferenza rexístrase atendendo á realidade económica da operación. A valoración posterior realízase conforme ó previsto nas correspondentes normas.

4. Fusión

En decembro do 2013 elevouse a público a fusión por absorción da Radiotelevisión Galicia, S.A., por Televisión de Galicia, S.A, a cal quedou inscrita no rexistro mercantil o 31 de decembro de 2013. A fusión levouse a cabo con base nos balances auditados de TVG, S.A, e da sociedade absorbida ó 31 de decembro de 2012. A sociedade absorbida, igual que TVG, S.A., estaba integramente participada pola Compañía de Radio-Televisión de Galicia (véxase nota 1) e, estableceuse o 1 de xaneiro do 2013 como data a partir da cal as operacións realizadas pola sociedade absorbida enténdense feitas a efectos contables por conta da Sociedade.

A operación de fusión acolleuse ó réxime fiscal especial para operacións de fusión, escisión, achegas non dinerarias e troques de valores, regulado no capítulo VIII do título VII e disposición adicional segunda, do Texto Refundido da Lei do Imposto sobre Sociedades. A información en detalle sobre a mencionada fusión figura nas contas anuais de Televisión de Galicia, S.A. do exercicio 2013.






A fusión produciuse en virtude das obrigas de reestruturación do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia, derivada da aplicación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia, que encomendan a xestión de este servizo público a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.. O Consello da Xunta de Galicia adoptou os acordos seguintes: na súa reunión do 29.08.2013, "Designar a Televisión de Galicia, S.A" como futura "Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A" e na reunión do 10.10.2013, "Autorizar a fusión por absorción entre as sociedades mercantís públicas autonómicas Televisión de Galicia, S.A.U (sociedade absorbente) e Radiotelevisión Galicia, S.A.U (sociedade absorbida) ao abeiro do artigo 105.1 da lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia".




5. Xestión do risco financeiro

5.1. Factores de risco financeiro



As actividades da Sociedade están expostas a diversos riscos financeiros: risco de mercado (incluíndo risco de tipo de cambio, risco de prezo e risco de tipo de xuro), risco de crédito e risco de liquidez. O programa de xestión do risco global da Sociedade céntrase na incerteza dos mercados financeiros e trata de minimizar os efectos potenciais adversos sobre a súa rendibilidade financeira.



A xestión do risco está controlada pola Dirección da Sociedade que identifica, avalía e cobre os riscos financeiros conforme ás políticas aprobadas polo Consello de Administración. O Consello proporciona políticas para a xestión do risco global, así como para áreas concretas como risco de tipo de cambio, risco de tipo de xuro, risco de liquidez, emprego de derivados e non derivados e investimento do exceso de liquidez.



a) Risco de mercado

i) Risco de tipo de cambio

O Consello de Administración da Sociedade estima que non existen riscos significativos de tipos de cambio pois a Sociedade realiza a maioría das súas operacións en euros, e non realiza investimentos en moeda estranxeira.

ii) Risco de prezo

O Consello de Administración da Sociedade estima que esta non está exposta a riscos de prezos pois non posúe investimentos clasificados no balance como dispoñibles para a venda ou investimentos en títulos de capital de carácter significativo.

iii) Risco de tipo de xuro dos fluxos de efectivo e do valor razoable

Dado que a Sociedade non posúe activos remunerados importantes, os ingresos e os fluxos de efectivo das súas actividades de explotación son independentes respecto das variacións nos tipos de xuro de mercado.

Actualmente a Sociedade posúe recursos alleos ao Grupo a longo prazo, pero non se estiman maiores riscos a este respecto.

b) Risco de crédito

O risco de crédito xorde do efectivo e equivalentes ao efectivo, instrumentos financeiros derivados e depósitos con bancos e institucións financeiras, así como de clientes polo xunto e polo miúdo, incluíndo contas para cobrar pendentes e transaccións comprometidas. En relación cos bancos e institucións financeiras, unicamente se aceptan entidades de recoñecida solvencia.



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2020

En relación ás contas para cobrar a clientes, dada a actividade e sector no que opera a Sociedade, correspóndese a gran maioría dos devanditos saldos de clientes sobre os que non existe un historial recente de morosidade, clientes garantidos polo exclusivista publicitario, así como saldos con administracións públicas. Ó 31 de decembro o detalle da antigüidade da débeda é o seguinte:

	<u>Miles de euros</u>
Exercicio 2020	2.893
Exercicio 2019	16
Exercicio 2018 y anteriores	11
	<u>2.920</u>

En relación cos saldos do exercicio 2020 e anteriores, un importe de 20 miles de euros (38 miles de euros en 2019) corresponden a clientes de intercambio, e polo tanto serán cancelados xeralmente mediante a realización de accións publicitarias. Para o resto, a Dirección da Sociedade estima que non existen dúbidas acerca da súa recuperabilidade.

c) Risco de liquidez

Unha xestión prudente do risco de liquidez implica o mantemento de efectivo e valores negociables suficientes, a dispoñibilidade de financiamento mediante un importe suficiente de facilidades de crédito comprometidas e ter capacidade para liquidar posicións de mercado. Dado o carácter dinámico dos negocios subxacentes, a Dirección da Sociedade ten como obxectivo manter a flexibilidade no financiamento.

Ó 31 de decembro de 2020 existe un fondo de manobra positivo por importe de 11.514 miles de euros (fondo de manobra positivo por importe de 4.056 miles de euros en 2019). A Dirección da Sociedade, non estima riscos de liquidez considerando as achegas orzamentarias aprobadas para o exercicio 2021 (véxase nota 29).

5.2. **Estimación do valor razoable**

O valor en libros dos créditos e débitos por operacións comerciais se aproxima ao seu valor razoable.

6. **Inmobilizado intanxible**

	<u>Euros</u>						
	<u>Desenvolvemento</u>	<u>Marcas e Patentes</u>	<u>Dereitos s/ coproducións</u>	<u>Aplicacións informáticas</u>	<u>Dereitos de emisión de películas e programas</u>	<u>Anticipos</u>	<u>Total</u>
Saldo ó 31.12.2019	25.000	-	1.183.073	303.638	27.458.845	23.926	28.994.482
Custo	25.000	-	20.400.863	4.947.674	233.194.568	23.926	258.592.031
Amortización acumulada	-	-	(19.217.790)	(4.644.036)	(205.735.723)	-	(229.597.549)
Altas	-	10.845	1.207.900	80.292	38.232.244	42.179	39.573.460
Baixas	-	(10.845)	-	-	(12.271.849)	(37.079)	(12.319.773)
Baixas amortiz.acumulada	-	10.845	-	-	12.271.849	-	12.282.694
Dotación para amortización	-	(10.845)	(1.159.954)	(215.334)	(41.882.033)	-	(43.268.166)
Traspasos	-	-	-	-	-	-	-
Saldo ó 31.12.2020	25.000	-	1.231.019	168.596	23.809.056	29.026	25.262.697
Custo	25.000	-	21.608.763	5.027.966	259.154.963	29.026	285.845.718
Amortización acumulada	-	-	(20.377.744)	(4.859.370)	(235.345.907)	-	(260.583.021)
Valor contable	25.000	-	1.231.019	168.596	23.809.056	29.026	25.262.697



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2020

Euros

	Desvolvemento	Marcas e Patentes	Dereitos s/ coproducións	Aplicacións informáticas	Dereitos de emisión de películas e programas	Anticipos	Total
Saldo ó 31.12.2018	25.000	-	994.183	381.048	25.002.792	74.930	26.477.953
Custo	25.000	-	19.349.275	4.811.142	212.620.823	74.930	236.881.170
Amortización acumulada	-	-	(18.355.092)	(4.430.094)	(187.618.031)	-	(210.403.217)
Altas	-	1.659	1.051.588	136.532	42.025.206	41.807	43.256.792
Baixas	-	(1.659)	-	-	(21.451.461)	(92.811)	(21.545.931)
Baixas amortiz.acumulada	-	1.659	-	-	21.451.461	-	21.453.120
Dotación para amortización	-	(1.659)	(862.698)	(213.942)	(39.569.153)	-	(40.647.452)
Traspasos	-	-	-	-	-	-	-
Saldo ó 31.12.2019	25.000	-	1.183.073	303.638	27.458.845	23.926	28.994.482
Custo	25.000	-	20.400.863	4.947.674	233.194.568	23.926	258.592.031
Amortización acumulada	-	-	(19.217.790)	(4.644.036)	(205.735.723)	-	(229.597.549)
Valor contable	25.000	-	1.183.073	303.638	27.458.845	23.926	28.994.482

a) Inmovilizado intanxible totalmente amortizado

Ó 31 de decembro de 2020 existe inmovilizado intanxible, aínda en uso e totalmente amortizado cun custo contable de 221.228 miles de euros (180.920 miles de euros ó 31 de decembro de 2019). A maioría correspóndese con dereitos de emisión de películas e programas.

b) Dereitos de propiedade audiovisual (coproducións)

A desagregación dos dereitos de propiedade audiovisual por ano de alta é como segue:

Euros			
2020			
Ano de incorporación	Custo de adquisición	Amortización acumulada	Valor neto contable
Ata 2010	9.726.031	(9.726.031)	-
2011	2.687.230	(2.687.230)	-
2012	859.917	(859.917)	-
2013	562.000	(562.000)	-
2014	1.078.400	(1.078.400)	-
2015	1.392.005	(1.392.005)	-
2016	704.542	(704.542)	-
2017	1.288.400	(1.288.400)	-
2018	1.050.750	(1.050.750)	-
2019	1.051.588	(758.636)	292.952
2020	1.207.900	(269.833)	938.067
Total	21.608.763	(20.377.744)	1.231.019



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2020

Euros			
2019			
Ano de incorporación	Custo de adquisición	Amortización acumulada	Valor neto contable
Ata 2010	9.726.031	(9.726.031)	-
2011	2.687.230	(2.687.230)	-
2012	859.917	(859.917)	-
2013	562.000	(562.000)	-
2014	1.078.400	(1.078.400)	-
2015	1.392.005	(1.392.005)	-
2016	704.542	(704.542)	-
2017	1.288.400	(1.288.400)	-
2018	1.050.750	(790.082)	260.668
2019	1.051.588	(129.183)	922.405
Total	20.400.863	(19.217.790)	1.183.073

c) Dereitos de emisión de películas e programas

O detalle dos dereitos de emisión de películas e programas ó 31 de decembro de 2020 e 2019 é o seguinte:

Descrición	Euros	
	2020	2019
Producción Allea	2.637.030	3.434.067
Producción Propia Externa	21.116.952	23.824.040
Producción Propia Interna	55.074	200.738
Total	23.809.056	27.458.845

d) Compromisos de adquisición de inmovilizado intanxible

Ao peche do exercicio 2020 están abertos expedientes de compra de bens do inmovilizado intanxible por un importe pendente de realizar que ascende a 24.607 miles de euros (18.639 miles de euros ó 31 de decembro de 2019). A maioría correspóndese con dereitos de emisión de películas e programas.

e) Seguros

A Sociedade dispón das pólizas de seguros que se estiman necesarias para dar cobertura aos posibles riscos que poidan afectar aos bens incluídos dentro do inmovilizado intanxible da Sociedade.



7. Inmovilizado material

O detalle e movemento das partidas incluídas en Inmovilizado material é o seguinte:

	Euros			Total
	Construcións e terreos	Instalacións técnicas e outro inmovilizado material	Inmovilizado en curso e anticipos	
Saldo ó 31.12.2019	5.636.738	10.693.717	-	16.330.455
Custo	17.746.975	69.364.365	-	87.111.340
Amortización acumulada	(12.110.237)	(58.670.648)	-	(70.780.885)
Altas	58.940	1.243.613	-	1.302.553
Baixas	-	(762.763)	-	(762.763)
Baixas de amortización acumulada	-	243.818	-	243.818
Dotación para amortización	(375.834)	(2.898.140)	-	(3.273.974)
Traspasos	-	-	-	-
Saldo ó 31.12.2020	5.319.844	8.520.245	-	13.840.089
Custo	17.805.915	69.845.215	-	87.651.130
Amortización acumulada	(12.486.071)	(61.324.970)	-	(73.811.041)
Valor contable	5.319.844	8.520.245	-	13.840.089

	Euros			Total
	Construcións e terreos	Instalacións técnicas e outro inmovilizado material	Inmovilizado en curso e anticipos	
Saldo ó 31.12.2018	5.953.416	3.319.386	-	9.272.802
Custo	17.683.531	59.552.908	-	77.236.439
Amortización acumulada	(11.730.115)	(56.233.522)	-	(67.963.637)
Altas	63.444	10.026.137	-	10.089.581
Baixas	-	(214.680)	-	(214.680)
Baixas de amortización acumulada	-	200.797	-	200.797
Dotación para amortización	(380.122)	(2.637.923)	-	(3.018.045)
Traspasos	-	-	-	-
Saldo ó 31.12.2019	5.636.738	10.693.717	-	16.330.455
Custo	17.746.975	69.364.365	-	87.111.340
Amortización acumulada	(12.110.237)	(58.670.648)	-	(70.780.885)
Valor contable	5.636.738	10.693.717	-	16.330.455

As principais altas do exercicio 2020 corresponden con maquinaria e equipamento técnico por importe de 968.444 euros. As altas do exercicio 2019 correspondíanse principalmente coa activación do contrato de arrendamento dun sistema de produción dixital para a Sociedade por importe de 8.769.310 euros.

a) Bens totalmente amortizados

Ó 31 de decembro de 2020 existen construcións que están totalmente amortizadas e que aínda están en uso por un importe de 4.681 miles de euros (4.602 miles de euros ó 31 de decembro de 2019). O custo ó 31 de decembro de 2020 do resto de elementos do inmovilizado material totalmente amortizados en uso ascende a un importe de 55.686 miles de euros (53.826 miles de euros ó 31 de decembro de 2019).



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2020

b) Bens adscritos CAG

Durante o exercicio 2020 non se produciron variacións no custo do inmovilizado material transferido pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, cuxo detalle ó 31 de decembro de 2020 é o seguinte:

	Saldo 31.12.2020
Terreos	240.404
Construcións	8.582.233
Instalacións técnicas	866.017
Maquinaria e eq. técnicos	6.060.029
Útiles e ferramentas	4.829
Outras instalacións	966.806
Mobiliario	336.882
Outro inmovilizado	37.172
Total	17.094.372

As variacións da correspondente amortización acumulada ao longo do exercicio 2020 e 2019 son as seguintes:

	Euros			
	Saldo 31.12.2019	Dotacións	Baixas 2020	Saldo 31.12.2020
Construcións	7.942.675	129.735	-	8.072.410
Instalacións técnicas	866.017	-	-	866.017
Maquinaria e eq. técnicos	6.060.029	-	-	6.060.029
Útiles e ferramentas	4.829	-	-	4.829
Outras instalacións	966.806	-	-	966.806
Mobiliario	336.882	-	-	336.882
Outro inmovilizado	37.172	-	-	37.172
Total	16.214.410	129.735	-	16.344.146

	Euros			
	Saldo 31.12.2018	Dotacións	Baixas 2019	Saldo 31.12.2019
Construcións	7.810.355	132.320	-	7.942.675
Instalacións técnicas	866.017	-	-	866.017
Maquinaria e eq. técnicos	6.060.029	-	-	6.060.029
Útiles e ferramentas	4.829	-	-	4.829
Outras instalacións	966.806	-	-	966.806
Mobiliario	336.882	-	-	336.882
Outro inmovilizado	37.172	-	-	37.172
Total	16.082.090	132.320	-	16.214.410

Ao peche do exercicio 2020, o custo dos bens de inmovilizado material adscritos que se atopan totalmente amortizados é de 12.529 miles de euros (12.529 miles de euros en 2019).

c) Compromisos de adquisición de inmovilizado material

Ao peche do exercicio 2020 estaban abertos expedientes de compra de bens de inmovilizado material por un importe pendente de realizar que ascende a 372 miles de euros (938 miles de euros ó 31 de decembro de 2019).

CSV: BOPGDSPGnZemg3nsn7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2020

d) Bens baixo arrendamento financeiro

No epígrafe de "Instalacións técnicas e outro inmovilizado material" inclúense activos que teñen a consideración de arrendamento financeiro, nos que a Sociedade é o arrendatario, en concreto o contrato de arrendamento dun sistema de produción dixital, cuxos importes móstranse a continuación:

	Euros	
	2020	2019
Custo	8.769.310	8.769.310
Amortización acumulada	(3.361.569)	(1.607.707)
	5.407.741	7.161.603

e) Subvencións recibidas

A Sociedade ten elementos de inmovilizado subvencionados, polos cales figuran no Patrimonio Neto no epígrafe A-3 "Subvencións, doazóns e legados recibidos" ao peche de 2020 un importe de 673.660 euros (808.398 euros ó 31 de decembro de 2019).

f) Seguros

A Sociedade dispón das pólizas de seguros que se estiman necesarias para dar cobertura aos posibles riscos que poidan afectar aos bens incluídos dentro do inmovilizado material da Sociedade.

8. Análise de instrumentos financeiros

8.1. Análise por categorías

O valor en libros de cada unha das categorías de instrumentos financeiros establecidas na norma de rexistro e valoración de Instrumentos financeiros é o seguinte:

	Euros		
	2020		
	Activos financeiros a longo prazo		
Instrumentos de patrimonio	Valores representativos de débeda	Créditos, derivados e outros	
Activos dispoñibles para a venda (nota 9)	97.086	-	-
Préstamos e partidas para cobrar (nota 10)	-	-	10.874
	97.086	-	10.874

	Euros		
	2019		
	Activos financeiros a longo prazo		
Instrumentos de patrimonio	Valores representativos de débeda	Créditos, derivados e outros	
Activos dispoñibles para a venda (nota 9)	97.086	-	-
Préstamos e partidas para cobrar (nota 10)	-	-	245.590
	97.086	-	245.590

	Euros		
	2020		
	Activos financeiros a curto prazo		
Instrumentos de patrimonio	Valores representativos de débeda	Créditos, derivados e outros	
Investimentos mantidos ata o vto. (nota 10)	-	-	4.800
Préstamos e partidas para cobrar (nota 10)	-	-	4.355.492
Efectivo e activos líquidos equivalentes	-	-	20.366.062
	-	-	24.726.354



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2020

Euros		
2019		
Activos financeiros a curto prazo		
Instrumentos de patrimonio	Valores representativos de débeda	Créditos, derivados e outros
Investimentos mantidos ata o vto. (nota 10)	-	4.800
Préstamos e partidas para cobrar (nota 10)	-	3.786.307
Efectivo e activos líquidos equivalentes	-	12.346.616
		16.137.723

Os créditos coas Administracións Públicas non son incluídos nesta clasificación por non ter consideración de instrumentos financeiros (véxase nota 10).

Euros		
2020		
Pasivos financeiros a longo prazo		
Débedas con entidades de crédito	Obrigas e outros valores negociables	Débitos, derivados e outros
Débitos e partidas para pagar (nota 19)	-	23.031.568
		23.031.568

Euros		
2019		
Pasivos financeiros a longo prazo		
Débedas con entidades de crédito	Obrigas e outros valores negociables	Débitos, derivados e outros
Débitos e partidas para pagar (nota 19)	-	14.929.087
		14.929.087

Euros		
2020		
Pasivos financeiros a curto prazo		
Débedas con entidades de crédito	Obrigas e outros valores negociables	Débitos, derivados e outros
Débitos e partidas para pagar (nota 19)	-	12.120.045
		12.120.045

Euros		
2019		
Pasivos financeiros a curto prazo		
Débedas con entidades de crédito	Obrigas e outros valores negociables	Débitos, derivados e outros
Débitos e partidas para pagar (nota 19)	-	13.024.647
		13.024.647

As débedas coas Administracións Públicas non son incluídas nesta clasificación por non ter consideración de instrumentos financeiros (véxase nota 19).



8.2. Análise por vencementos

Os importes dos instrumentos financeiros cun vencemento determinado ou determinable clasificados por ano de vencemento son os seguintes:

Activos financeiros

Ó 31 de decembro de 2020, os importes dos instrumentos financeiros cun vencemento determinado ou determinable clasificados por ano de vencemento son os seguintes:

	Euros						
	Activos financeiros						
	2021	2022	2023	2024	2025	Años posteriores	Total
Investimentos financeiros							
- Créditos a terceiros	596.152	-	-	-	-	-	596.152
- Clientes	2.920.288	-	-	-	-	-	2.920.288
- Debedores, persoal e outros	839.052	-	-	-	-	10.874	849.926
Total	4.355.492	-	-	-	-	10.874	4.366.366

O saldo total de Créditos a terceiros correspóndese coa débeda pendente de cobro de determinadas produtoras e outras empresas subcontratistas a 31 de decembro de 2020. Nesta partida inclúese unicamente a débeda con sentenza firme a favor da Corporación RTVG ou con acordo de pago (véxase nota 10).

Os restantes activos financeiros rexistrados a longo prazo non presentan vencementos determinados, mentres que os rexistrados a curto prazo estímase que serán realizados en 2021.

Pasivos financeiros

Ó 31 de decembro de 2020, os importes dos pasivos financeiros cun vencemento determinado ou determinable clasificados por ano de vencemento orixínanse pola activación do contrato de arrendamento dun sistema de produción dixital para a Sociedade, é son os seguintes:

	Euros						
	Pasivos financeiros						
	2021	2022	2023	2024	2025	Años posteriores	Total
Débedas financeiras							
- Acredores por arrendamento financeiro	1.753.862	1.753.862	1.753.862	146.155	-	-	5.407.741
Total	1.753.862	1.753.862	1.753.862	146.155	-	-	5.407.741

Os pasivos financeiros rexistrados no epígrafe Débedas con empresas do Grupo e asociadas a longo prazo, por importe de 19.377.689 euros, non presentan vencementos determinados, si ben deberán cancelarse no momento que a AEAT abone á Sociedade os importes pendentes de IVE dos exercicios 2017, 2018, 2019 e 2020. No caso de que as reclamacións de IVE resultaran de xeito desfavorables ós intereses da Sociedade, dito financiamento converterase en definitivo, mediante a subscripción do oportuno instrumento (véxase nota 21 e 25).

Os restantes pasivos financeiros rexistrados a curto prazo estímase que serán realizados en 2021.

9. Instrumentos de patrimonio de fóra do Grupo

O importe de 97.086 euros corresponde ao valor da participación no Fondo social da Federación de Organismos de Radio e Televisión Autonómicas (F.O.R.T.A.) que, con sede en Madrid, ten como misión a representación en común de todas as televisións autonómicas para a defensa dos seus intereses.



F.O.R.T.A. ten por obxecto social a cooperación e axuda no cumprimento das atribucións dos seus socios e, en especial, a axuda e cooperación en futuros acordos sobre dereitos da propiedade intelectual, retransmisións deportivas e culturais, conexións de emisión, recepción de servizos de novas e transmisións, intercambio de programas e servizos, duplicado de películas, participación nas organizacións profesionais nacionais e internacionais de radio e televisión e, en xeral, calquera acción referente a materias de interese común dos organismos ou entidades asociadas de radiodifusión e televisión. Dada a natureza non lucrativa da F.O.R.T.A., e tendo en conta que a maior parte das súas operacións as realiza cos seus socios, o prezo dos servizos prestados a estes fíxase anualmente de modo que os ingresos xerados equilibren os custos e gastos incorridos por esta.

10. Préstamos e partidas para cobrar

A continuación mostrase o detalle dos préstamos e partidas para cobrar:

	Euros	
	2020	2019
Préstamos e partidas para cobrar a longo prazo:		
Non vinculadas		
- Créditos a terceiros	520.165	756.208
- Deterioración de contas para cobrar (terceiros)	(520.165)	(520.181)
- Outros activos financeiros	10.874	9.563
- Outros créditos coas administracións públicas	20.342.000	9.914.797
	20.352.874	10.160.387
Préstamos e partidas para cobrar a curto prazo:		
Vinculadas (nota 25)		
- Clientes	129.237	197.943
- Deterioración de contas para cobrar	-	(60.443)
- Outros activos financeiros	-	-
	129.237	137.500
Non vinculadas		
- Clientes	2.813.867	2.944.113
- Deterioración de contas para cobrar (clientes)	(22.816)	(212.503)
- Debedores varios	810.206	10.184
- Persoal	28.846	30.271
- Outros créditos coas administracións públicas	1.025.496	2.975.061
- Créditos a terceiros	596.152	876.742
- Outros activos financeiros	4.800	4.800
	5.256.551	6.628.668
	5.385.788	6.766.168

A partida "Outros créditos coas administracións públicas" a longo prazo ó 31.12.2020 por 20.342.000 euros (9.914.797 euros ó 31.12.2019) non devenga ningún tipo de xuro e non ten vencemento definido. Inclúe a débeda da AEAT de IVE dos exercicios 2017, 2018, 2019 e 2020 (véxase nota 21).

A suma das partidas de "Créditos a terceiros" a longo e curto prazo correspóndese coa débeda total pendente de recuperar de determinadas produtoras e de outras empresas subcontratistas ó 31 de decembro de 2020 por 1.116.317 euros (1.632.950 euros ó 31 de decembro 2019). No Activo do Balance inclúese a débeda anteriormente mencionada e o deterioro asociado, quedando por tanto reflectida a débeda neta, é dicir aquela con sentenza firme a favor da Corporación RTVG ou con acordo de pago, que a 31 de decembro de 2020 ascende a 596.152 euros, estando integramente clasificada a curto prazo (véxase nota 8).

A partida "Outros créditos coas administracións públicas" a curto prazo ó 31.12.2019 por 2.975.061 euros inclúe o importe das liquidacións de IVE dos meses de outubro, novembro e decembro de 2019 por 1.994.479 euros. A 31.12.2020 non figura ningunha liquidación de IVE pendente de cobro, porque, como consecuencia da última inspección da AEAT, a recuperabilidade das liquidacións pendentes de devolución dende decembro de 2019 ata decembro de 2020 estímase que sexa a longo prazo (véxase nota 21).



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2020

O movemento da provisión por perdas por deterioración de valor das contas para cobrar a clientes é o seguinte:

	Euros	
	2020	2019
Saldo inicial	(272.946)	(484.091)
Baixas	249.494	205.804
Provisión por deterioración de valor de contas para cobrar	-	-
Reversión de importes non utilizados	636	5.341
Saldo final	(22.816)	(272.946)

A exposición máxima ao risco de crédito na data de presentación da información é o valor razoable de cada unha das categorías de contas para cobrar indicadas anteriormente. A Sociedade non mantén ningunha garantía como seguro.

O movemento da provisión por perdas por deterioración de valor dos créditos a terceiros é o seguinte:

	Euros	
	2020	2019
Saldo inicial	(520.181)	(757.138)
Baixas	-	-
Provisión por deterioración de valor de créditos con terceiros	-	-
Reversión de importes non utilizados	27.538	236.957
Trasposos	(27.522)	-
Saldo final	(520.165)	(520.181)

11. Existencias

O detalle das existencias da Sociedade ó 31 de decembro de 2020 e 2019 é o seguinte:

Descrición	Euros	
	2020	2019
Repostos técnicos	648.129	627.436
Almacén xeral	147.335	183.834
Subtotal	795.464	811.270
Deterioración repostos técnicos	(569.319)	(541.857)
Deterioración almacén xeral	(56.020)	(39.464)
Subtotal	(625.339)	(581.321)
Total	170.125	229.949

12. Capital

	Euros	
	2020	2019
Capital escriturado	25.000.000	25.000.000
	25.000.000	25.000.000



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2020

O capital da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. ascende a 25.000.000 euros composto por 25.000 accións de 1.000 euros de valor nominal unitario. Ditas accións están totalmente subscritas e desembolsadas e comportan idénticos dereitos políticos e económicos, sendo a Xunta de Galicia o accionista único dende o 4 de decembro de 2015.

Coa entrada en vigor do Decreto 177/2015, do 3 de decembro, polo que se extingue a entidade de dereito público Compañía de Radio-Televisión de Galicia, as accións de Televisión de Galicia, S.A. (dende o 1 de xaneiro de 2016 Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.) que constitúen o seu capital social e que ata ese momento pertencían á Compañía de Radio-Televisión de Galicia, incorpóranse á Administración xeral da Comunidade Autónoma en cumprimento do artigo 7.2 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, de Medios Públicos de comunicación Audiovisual de Galicia, e de acordo co artigo 89.1 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de Patrimonio de Galicia.

13. Reservas e resultados de exercicios anteriores

a) Reservas

	Euros	
	2020	2019
Legal e estatutarias:		
- Reserva legal	2.322.589	2.322.589
	2.322.589	2.322.589
Outras reservas:		
- Reservas voluntarias	15.284.081	14.419.329
	15.284.081	14.419.329

Reserva legal e estatutarias

A reserva legal dótese de conformidade co artigo 274 da Lei de Sociedades de Capital, que establece que, en todo caso, unha cifra igual ao 10 por 100 do beneficio do exercicio destinarase a esta ata que alcance, polo menos, o 20 por 100 do capital social. Non se dotou no último exercicio, dada a ausencia de beneficios.

Non pode ser distribuída e, se é usada para compensar perdas, no caso de que non existan outras reservas dispoñibles suficientes para tal fin, debe ser repostada con beneficios futuros.

Outras reservas

No apartado "Outras reservas" inclúense as reservas voluntarias.

b) Resultados de exercicios anteriores

	Euros	
	2020	2019
Resultado negativo de exercicios anteriores	-	-
	-	-

Os movementos deste epígrafe nos exercicios 2020 e 2019 foron os seguintes:

	Euros	
	2020	2019
Saldo inicial	-	(1.477.741)
Achegas de socios	99.002.130	93.368.573
Resultados negativos do exercicio anterior	(99.002.130)	(91.890.832)
Saldo final	-	-



14. Resultado do exercicio

Os resultados do exercicio 2020 e 2019 traspásanse a "Resultados negativos de exercicios anteriores":

	Euros	
	2020	2019
<u>Base de repartición</u>		
Perdas e ganancias	(99.907.838)	(99.002.130)
	(99.907.838)	(99.002.130)

Proposta de aplicación do resultado

A proposta de aplicación do resultado e de reservas para presentar á Xunta Xeral de accionistas é a seguinte:

	Euros	
	2020	2019
<u>Aplicación</u>		
Achegas de socios	(102.763.022)	(99.866.882)
Resultados negativos de exercicios anteriores	-	-
Reservas voluntarias	2.855.184	864.752
	(99.907.838)	(99.002.130)

15. Outras achegas de socios

Correspóndese coas achegas de fondos efectuadas á Corporación RTVG pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (véxase notas 1d e 29) para o financiamento de déficits de explotación ou gastos xerais de funcionamento no exercicio 2020.

A Sociedade financia as súas operacións de explotación, entre outros, con recursos achegados pola Comunidade Autónoma de Galicia, imputando as cantidades correspondentes á conta "Achegas de socios" no exercicio no que se devengan. Esta achega de fondos ascendeu en 2020 a 102.763.022 euros (99.866.882 euros no exercicio 2019) -véxase notas 1d e 29-.

16. Subvencións, doazóns e legados recibidos

Recóllense baixo este epígrafe os ingresos derivados da adscrición de uso dos bens cedidos pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e o saldo das achegas recibidas da Comunidade Autónoma de Galicia (CAG) para investimentos en inmovilizado.

O importe e movemento deste epígrafe ao longo do exercicio 2020 e 2019 é o seguinte:

	Euros	
	2020	2019
Saldo inicial	808.398	870.721
Aumentos	250.000	250.000
Imputación ao resultado (nota 7)	(384.738)	(312.323)
Saldo final	673.660	808.398

En "Aumentos" nos exercicios 2020 e 2019 indícanse as achegas de capital da CAG (véxase nota 25).

En "Imputación ao resultado" nos exercicios 2020 e 2019 reflíctense os gastos derivados da amortización dos bens adscritos e das achegas recibidas da CAG para investimento de inmovilizado.



17. Outras provisións

O detalle conceptual e as variacións experimentadas nos distintos compoñentes da provisión para responsabilidades ao longo do exercicio 2020 e 2019 é o seguinte:

	Euros		
	2020		
	Continxencias laborais	Outras continxencias	Total
Saldo inicial	1.254.993	38.918	1.293.911
Dotacións	1.284.851	-	1.284.851
Aplicacións	(145.555)	-	(145.555)
Traspasos	-	-	-
Recuperacións	(533.984)	-	(533.984)
Saldo final	1.860.305	38.918	1.899.223
	Euros		
	2019		
	Continxencias laborais	Outras continxencias	Total
Saldo inicial	1.251.673	78.918	1.330.591
Dotacións	979.224	20.000	999.224
Aplicacións	(388.359)	-	(388.359)
Traspasos	(2.540)	-	(2.540)
Recuperacións	(585.005)	(60.000)	(645.005)
Saldo final	1.254.993	38.918	1.293.911

A Sociedade provisiona as continxencias probables xurdidas no curso normal do negocio e das súas operacións.

As principais dotacións do exercicio correspóndense a:

- Actualización de salarios e outros conceptos do persoal laboral orixinadas no exercicio 2020 e anteriores.

As principais aplicacións do exercicio correspóndense a:

- Liquidación de reclamacións retributivas do persoal propio derivadas de sentenzas.

As principais recuperacións do exercicio correspóndense a:

- Excesos de provisións relacionadas con reclamacións do persoal laboral e procedementos ordinarios, e especialmente por alcanzar acordos ou sentenzas firmes favorables.

18. ContinxenciasPasivos continxentes

A Sociedade ten pasivos continxentes por litixios xurdidos no curso normal do negocio dos que non se prevé que xurdan pasivos significativos distintos daqueles que xa están provisionados (véxase nota 17).

A Sociedade ten formalizado un aval bancario por importe de 4.176.945 euros para garantir os importes que reclama a AEAT derivados da inspección de IVE dos meses de xaneiro a maio de 2017 (véxase nota 21). Ademais, a Sociedade ten outros pasivos continxentes por avais bancarios e outras garantías relacionadas, principalmente, coas provisións por continxencias laborais por importe de 612.438 euros.



19. Débitos e partidas para pagar

	Euros	
	2020	2019
Débitos e partidas para pagar a longo prazo:		
- Acredores por arrendamento financeiro	3.653.879	5.407.741
- Débedas con empresas do Grupo e asociadas (nota 25)	19.377.689	9.521.346
	23.031.568	14.929.087
Débitos e partidas para pagar a curto prazo:		
- Acredores por arrendamento financeiro	1.753.862	1.753.862
- Outros pasivos financeiros	5.384.259	6.018.943
- Débedas con empresas do Grupo e asociadas	311.825	433.221
- Provedores	66.107	63.766
- Acredores varios	4.113.289	4.460.975
- Persoal	287.237	244.810
- Outras débedas coas administracións públicas	2.476.040	2.522.753
- Anticipos de clientes	203.466	49.070
	14.596.085	15.547.400
	37.627.653	30.476.487

"Acredores por arrendamento financeiro" a longo prazo e curto prazo recolle as cotas correspondentes ao contrato de arrendamento dun sistema de produción dixital para a Sociedade -véxase nota 7d-. A distribución destas débedas por ano de vencemento reflíctense na Nota 8.2.

En decembro de 2019, formalizouse un convenio de colaboración entre o seu Accionista Único (Xunta de Galicia) e a Sociedade no que a Xunta de Galicia obrigouse a aportar á Sociedade a cantidade máxima de 13.500.000 euros destinados exclusivamente a compensar a situación de tesourería derivada do cambio de criterio fiscal no IVE soportado e repercutido en relación coas liquidacións de dito imposto dos exercicios 2017 a marzo de 2021 (véxase nota 21). A distribución temporal das anualidades foi a seguinte: 2019 por 9.684.144 euros; 2020 por 2.693.545 euros; 2021 por 1.122.311 euros. O 11 de decembro de 2019 a Sociedade cobrou un libramento dos fondos correspondente ás cantidades retidas pola AEAT do exercicio 2017 ata a declaración de IVE do mes de outubro de 2019 por importe de 9.521.346 euros. O 25 de novembro de 2020 a Sociedade cobrou outro libramento dos fondos correspondentes ás cantidades de IVE non admitidas como deducibles pola AEAT dende a declaración de IVE do mes de novembro de 2019 ata a de outubro de 2020 por importe de 2.856.343 euros.

En decembro de 2020, formalizouse unha addenda ao convenio de colaboración de decembro de 2019 co obxectivo de ampliar a achega de fondos destinados exclusivamente a compensar a situación de tesourería do exercicio 2020 consecuencia de que a AEAT, ademais de non permitir a dedución dunha parte de IVE soportado, deixou de devolver as autoliquidacións mensuais de IVE pola pretensión de aplicar criterios máis restritivos de deducibilidade (véxase nota 21). Con dita addenda, modifícase a distribución e amplíase a contía das anualidades do convenio formalizado en decembro de 2019 e a Xunta de Galicia obrígase a aportar á Sociedade a cantidade máxima de 20.500.000 euros. A distribución temporal das anualidades é a seguinte: 2019 por 9.684.144 euros; 2020 por 9.693.545 euros; 2021 por 1.122.311 euros. O 22 de decembro de 2020 a Sociedade cobrou un libramento dos fondos por importe de 7.000.000 euros, correspondentes ás cantidades non admitidas como deducibles pola AEAT da declaración de novembro de 2020 e un resto que quedara pendente de dispoñer de outubro de 2020, así como tamén ás cantidades das autoliquidacións mensuais de IVE dende decembro de 2019 ata novembro 2020.

No caso de que as reclamacións de IVE resultaran de xeito desfavorables ós intereses da Sociedade, dito financiamento converterase en definitivo, mediante a subscripción do oportuno instrumento.

"Outros pasivos financeiros" inclúe a débeda a curto prazo con provedores de inmovilizado en 2020 por 5.331.598 euros (5.961.247 euros en 2019).



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2020

"Débedas con empresas do Grupo e asociadas" inclúe a débeda a curto prazo da Sociedade con provedores do Grupo por operacións comerciais, sendo en 2020 o saldo con Retegal de 311.825 euros (411.441 euros en 2019) e sendo en 2020 o saldo coa Xunta de Galicia de 0 euros (21.780 euros en 2019) -véxase nota 25-.

A exposición dos débitos e partidas para pagar da Sociedade a variacións nos tipos de xuro non é significativa.

20. Información sobre os aprazamentos de pagamentos efectuados a provedores. Disposición adicional terceira. "Deber de información" da Lei 15/2010, do 5 de xullo.

O detalle dos pagos por operacións comerciais realizadas durante os exercicios 2020 e 2019 e pendentes de pago ó peche dos mesmos en relación cos prazos máximos legais previstos na Lei 15/2010 son os seguintes:

	Días	
	2020	2019
Período medio de pago a provedores	20	20
Ratio de operacións pagadas	22	21
Ratio de operacións pendentes de pago	5	11

	Euros	
	2020	2019
Total pagos realizados	65.732.950	68.727.253
Total pagos pendentes	6.420.722	6.693.051

O prazo máximo legal para os pagos por operacións comerciais, fíxase en 60 días a partires da prestación ou recepción do ben ou servizo para este exercicio.

21. Situación fiscal

Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., ten abertos a inspección os exercicios 2017 ao 2020, ámbolos dous incluídos, para tódolos impostos aos que, pola súa actividade, se atopa suxeita, salvo para o Imposto sobre Sociedades, para o que tamén está aberto o exercicio 2016.

A CRTVG está inmersa nunha problemática derivada das actuacións cambiantes da AEAT en canto aos diversos criterios de liquidación de IVE que tratou de impoñer nestes últimos anos:

- Prorrata xeral sobre o IVE Soportado (anos 1998 a 2000). A AEAT pretendeu restrinxir a plena deducibilidade do IVE soportado, de xeito que a porcentaxe de IVE deducible determinábase polo resultado dunha división, na que no numerador situábanse os "Ingresos suxeitos a IVE" e no denominador as "Subvencións + Ingresos suxeitos a IVE". Este conflito foi resolto nos tribunais a favor da CRTVG.
- Entidade "dual" sobre o IVE Soportado (anos 2013 e 2014). A AEAT pretendeu considerar á CRTVG unha entidade "dual" que realizaba unha actividade "non suxeita" a IVE (emisión de programas) e outra actividade "suxeita" (ventas de publicidade, fundamentalmente). Deste xeito, o IVE soportado sería plenamente deducible para os gastos directamente relacionados coa publicidade e para o resto dos gastos sería deducible na porcentaxe que representaban os ingresos publicitarios. Tratábase por tanto dun criterio moi semellante ao pretendido para a controversia dos anos 1998 a 2000. Este conflito foi resolto nos tribunais a favor da CRTVG.
- Contraprestación de servizos sobre o IVE Repercutido (ano 2016 ata outubro 2017). A AEAT pretende aplicar o criterio baseado en que a achega patrimonial do socio único está suxeita ao IVE do 21%. A partir da modificación normativa da Lei 9/2017, de 8 de novembro, segundo a cal se clarifica definitivamente a non suxeición a IVE das achegas públicas, desisten deste criterio. Este conflito está pendente de resolver polos tribunais.



- Entidade "dual" sobre o IVE Soportado (novembro 2017 ata decembro 2018). A AEAT, despois da modificación normativa da Lei 9/2017, de 8 de novembro, volve novamente, e de forma semellante aos anos 2013 e 2014, ao criterio da actividade "dual". Neste caso a AEAT interpreta que hai unha actividade suxeita ao IVE, referente á venda de publicidade comercial e á emisión de xéneros de programas con alta audiencia; e outra actividade non suxeita ao IVE, referente á emisión de xéneros de programas con baixa audiencia. A novidade por tanto, respecto aos anos 2013 e 2014, é que introduce a variable "audiencia" para interpretar se o IVE é deducible ou non. Este conflito está pendente de resolver polos tribunais.
- Entidade "dual" sobre o IVE Soportado (xaneiro 2019 ata a actualidade). A AEAT, insiste no criterio da suposta actividade "dual", pretendendo revisar e restrinxir a deducibilidade do IVE, modificando substancialmente os criterios de deducibilidade adoptados pola propia AEAT na inspección do período inmediatamente anterior a este (de novembro 2017 ata decembro de 2018), e a pesar da sentenza favorable á CRTVG pola controversia dos anos 2013 e 2014. Este conflito está actualmente en inspección por parte da AEAT.

De seguido darase detalle por períodos, criterios e contías da situación dos expedientes de reclamación ou revisión de IVE que se atopan en curso:

Respecto ao IVE do exercicio 2017 (meses de xaneiro a maio), a controversia é polo IVE Repercutido. O 17 de xullo de 2017 iniciouse inspección por parte da AEAT, en base ao criterio expresado polo Tribunal Económico Administrativo Central (Resolución núm. 2663/2014, de data 25/04/2017 entre outras). A AEAT interpretou que o servizo de elaboración e emisión dunha determinada programación televisiva e radiofónica é unha actividade suxeita e non exenta do IVE, e non resulta de aplicación o suposto de non suxeición previsto no artigo 7.8 de Lei do IVE, e polo tanto as cantidades percibidas da Comunidade Autónoma forman parte da base imponible do IVE. Neste sentido, o 14 de novembro de 2017 a AEAT, emitiu Acordo de Liquidación mediante o cal reclama 4.176.945 euros, en concepto de cota máis xuros de demora polo IVE repercutido en dito período. A Sociedade, pola contía deste Acordo, depositou un aval bancario na AEAT, co obxecto de evitar o desembolso en metálico. Contra o devandito Acordo de Liquidación a Sociedade interpuxo reclamación económico-administrativa perante Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia (en adiante TEARG) o 21 de marzo do 2018, para reclamar as cantidades non abonadas pola AEAT por importe de 4.106.167 euros. O TEARG emitiu fallo o 30 de xullo de 2020 (notificado o 5 de outubro de 2020) desestimando a reclamación e confirmando os actos impugnados. Contra esta resolución a CRTVG presentou o 4 de novembro de 2020 recurso de alzada perante o Tribunal Económico Administrativo Central (TEAC).

Respecto ao IVE do exercicio 2016 e do 2017 (meses de xuño a outubro), a controversia é novamente polo IVE Repercutido. O 17 de febreiro de 2020 iniciouse a inspección abranguendo os períodos do ano 2016. Posteriormente, o 22 de xuño de 2020, a inspección ampliouse, entre outros, aos períodos de xuño a outubro do 2017. A AEAT volve de novo, ao igual que no período de xaneiro a maio de 2017, ao criterio de contraprestación de servizos, que na práctica supón aplicar o 21% de IVE repercutido sobre as achegas da Xunta de Galicia. O 23 de febreiro de 2021 emitiu dous Acordos de Liquidación mediante os cales, en concepto de cota máis xuros de demora, polo exercicio 2016 reclama 23.052.557 euros e polos meses de xuño a outubro do 2017 reclama 9.247.411 euros (en total 32.299.968 euros), a pagar ou avalar antes do 5 de abril de 2021. A Sociedade, pola contía destes Acordos, depositará dous avais bancarios na AEAT, que xa ten autorizados por unha entidade financeira, co obxecto de evitar o desembolso en metálico. Contra os devanditos Acordos de Liquidación a Sociedade presentou o 10 de marzo de 2021 escritos de interposición de reclamación económico-administrativa perante a Dependencia Rexional da AEAT para a súa elevación ao TEARG.

Respecto ao IVE do exercicio 2017 (meses de novembro e decembro) e ao IVE do exercicio 2018, a controversia é de novo polo IVE Soportado. O 28 de agosto de 2018 iniciouse nova inspección por parte da AEAT, cunha motivación moi semellante á dos exercicios 2013 e 2014, ao interpretar que a Sociedade é un ente "dual" que realiza unha actividade suxeita ao IVE, referente a venda de publicidade comercial e á emisión de xéneros de programas con alta audiencia; e outra actividade non suxeita ao IVE, referente a emisión de xéneros de programas con baixa audiencia. O 6 de marzo de 2019 a AEAT, emitiu Acordo de Liquidación con importe a favor da Sociedade de 4.147.405 euros, en concepto de cota (4.144.687 euros) máis xuros de demora (2.718 euros) polo IVE soportado dos meses de novembro e decembro de 2017 e de



todo o exercicio 2018. Esta Liquidación foi aboada pola AEAT con data 11 de marzo de 2019. Contra o devandito Acordo de Liquidación a Sociedade interpuxo o 20 de novembro de 2019 reclamación económico-administrativa perante o TEARG, para reclamar as cantidades non abonadas pola AEAT relativas as cotas de IVE soportado que a Axencia Tributaria non admitiu como deducibles por importe de 3.333.356 euros.

Respecto ao IVE do exercicio 2019 e 2020, a controversia é outra vez polo IVE Soportado. O 22 de xuño de 2020 a AEAT amplía a inspección iniciada o 17 de febreiro de 2020, abrangendo respecto a esta problemática o exercicio 2019 e os meses de xaneiro a abril do 2020. A pretensión da AEAT, apoiándose nun informe do 9 de xuño de 2020 da "Subdirección General de Ordenación Legal y Asistencia Jurídica", é de revisar e restrinxir a deducibilidade do IVE, polo suposta actividade dual, modificando substancialmente os criterios de deducibilidade adoptados pola propia AEAT na inspección do período inmediatamente anterior a este (de novembro 2017 a decembro de 2018). A inspección deste último período que finalizara co Acordo de Liquidación do 6 de marzo de 2019, obrigou a Sociedade a presentar as autoliquidacións mensuais de IVE sucesivas do 2019 e 2020 de acordo aos criterios desta inspección (non podendo por tanto deducir plenamente o IVE soportado), co obxecto de evitar sancións da AEAT por ir contra os seus actos. O propósito da Sociedade era de aliviar a súa situación financeira ao estar cobrando regularmente as devolucións mensuais de IVE da AEAT. Sen embargo, como consecuencia da inspección ampliada o 22 de xuño de 2020, a Axencia Tributaria deixou de devolver o IVE dende Decembro de 2019 ata a actualidade (en total ata Decembro de 2020, a CRTVG ten pendente de devolver 13 autoliquidacións mensuais de IVE por 6.908.632 euros). Por outra banda, a Sociedade, en consideración de que o IVE soportado é deducible ao 100%, ten pendente de recuperar da AEAT polo IVE soportado non deducido, polo exercicio 2019 unha contía de 2.475.274 euros e polo 2020 un importe de 3.518.571 euros (en total 5.993.845 euros).

En síntese, os criterios que pretende aplicar a AEAT para o IVE do exercicio 2016 ata outubro de 2017 (contraprestación de servizos) e para o IVE do 2018 ata a actualidade (actividade dual), indicar que contradí os criterios aplicados pola AEAT dende que se implantou o IVE no ano 1986, segundo os cales as achegas públicas se consideraban que non estaban vinculadas ao prezo, permitindo ademais a dedución plena do IVE soportado. Tamén contradí a resolución do TEARG do 27 de abril de 2017 sobre o IVE do 2013 e 2014 favorable á CRTVG, pola suposta "actividade dual", na que se di *< que para que haxa unha prestación de servizos debe existir un destinatario concreto do mesmo, que aquí non existe, pois (como afirma o acordo) o destinatario das emisións é "a colectividade en xeral, polo que falta o requisito do consumo que é a esencia do gravame do IVE" >*. E por último, respecto ao IVE repercutido do exercicio 2016 ata outubro de 2017, por unha banda, contradí o criterio adoptado pola propia AEAT nas actas de inspección dos IVE de 2013 e 2014, nas que se dicía con toda claridade que a compensación (achega da Xunta de Galicia) non formaba parte da base imponible; e por outra banda, contradí a lei do IVE modificada pola lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo a cal se clarifica definitivamente a non suxeición a IVE destas achegas públicas ao *"excluir do concepto de subvención vinculada ao prezo as achegas efectuadas pola Administración Pública para financiar actividades de interese xeral cuxo destinatario sexa o conxunto da sociedade, ao non existir un destinatario identificable nin tampouco usuarios que satisfagan contraprestación algunha"*.

Á data de formulación das presentes contas anuais, polo antedito, os asesores fiscais estiman que a reclamación interposta perante o TEARG relativa ó IVE do ano 2016 e de xuño a outubro de 2017, que o recurso de alzada interposto ante o TEAC relativa ao IVE de xaneiro a maio de 2017, que a reclamación interposta perante o TEARG relativa ó IVE de novembro de 2017 a decembro de 2018 e que a reclamación pendente de realizar pola revisión das autoliquidacións de IVE do 2019 e 2020, sexan finalmente resoltas de forma favorable á Sociedade cunha posibilidade superior ó 75%. Por este motivo, e considerando o probable pronóstico das reclamacións, o Consello de Administración da Sociedade estima que o desenlace final destes recursos serán favorables aos intereses da mesma e, como consecuencia, non se provisionou contía algunha por este asunto no balance ó 31 de decembro de 2020 que se xunta.



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2020

Así mesmo, ó 31 de decembro de 2020 no Activo aparece recollido no epígrafe do Activo Non Corrente "VI.3. Outros créditos coas administracións públicas" a longo prazo, figura un importe de 20.342.000 euros, cuxo detalle a 31 de decembro de 2020 e 2019 se mostra a continuación:

Período	Concepto	Controversia	Euros	
			2020	2019
2017.01-2017.05	IVE Repercutido	Contraprestación servizos	4.106.167	4.106.167
2017.11-2018.12	IVE Soportado	Actividade dual	3.333.356	3.333.356
2019.01-2020.12	IVE Soportado	Actividade dual	5.993.845	2.475.274
2019.12-2020.12	Liquidacións IVE	Actividade dual	6.908.632	-
Total			20.342.000	9.914.797

Por outro banda, no Pasivo, e co obxecto de compensar a débeda da AEAT descrita anteriormente, aparece recollido no epígrafe do Pasivo Non Corrente "III. Débedas con empresas do Grupo e asociadas a longo prazo", un importe a 31.12.2020 de 19.377.689 euros (9.521.346 euros a 31.12.2019). O importe percibido polo convenio de colaboración asinado entre o seu Accionista Único (Xunta de Galicia) e a Sociedade correspondese coas cantidades retidas pola AEAT do exercicio 2017 ata a declaración de IVE do mes de novembro de 2020. No caso de que as reclamacións de IVE resultaran de xeito desfavorables ós intereses da Sociedade, dito financiamento converterase en definitivo, mediante a subscripción do oportuno instrumento (véxase nota 19 e 25).

A conciliación entre o resultado contable do exercicio 2020 e 2019 e a Base Impoñible do Imposto sobre Sociedades do exercicio é a seguinte:

Conceptos	Euros
Resultado contable 2020	(99.907.838)
Diferenzas permanentes	21.550
Diferenzas temporais	(2.185.273)
Resultado axustado 2020	(102.071.561)
Base imponible 2020	(102.071.561)
Conceptos	Euros
Resultado contable 2019	(99.002.130)
Diferenzas permanentes	22.621
Diferenzas temporais	(2.185.273)
Resultado axustado 2019	(101.164.782)
Base imponible 2019	(101.164.782)

As diferenzas temporais do exercicio 2020 e 2019 orixinanse debido ás reversións do 10% do límite establecido ás amortizacións fiscalmente deducibles durante os anos 2013 e 2014 por importe de 2.185 miles de euros.



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2020

De acordo coas declaracións presentadas do Imposto sobre Sociedades e unha vez estimada a liquidación do exercicio 2020, as bases impositivas negativas provisionais para compensar son as seguintes:

Ano	Importe
1997	111.144
1998	88.458
1999	186.115
2000	55.049.137
2001	57.924.263
2002	80.066.814
2003	78.302.037
2004	82.273.550
2005	79.433.232
2006	85.811.393
2007	92.081.880
2008	124.307.519
2009	88.281.447
2010	107.957.338
2011	100.161.630
2012	96.991.940
2013	84.478.899
2014	80.138.061
2015	89.799.467
2016	99.413.841
2017	95.757.989
2018	94.063.877
2019	101.164.782
2020 (Estimada)	102.071.561
Euros	1.875.916.374

Segundo o artigo 5 do disposto na resolución do 9 de febreiro de 2016, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se desenvolven as normas de rexistro, valoración e elaboración das contas anuais para a contabilización do Imposto sobre Beneficios, para poder recoñecer un activo debe ser probable que a empresa poda obter beneficios fiscais que permitan compensar as citadas bases impositivas negativas nun prazo non superior ó previsto na lexislación fiscal, co límite máximo de dez anos contados dende a data de peche do exercicio, salvo proba de que será probable a súa recuperación nun prazo maior, en aqueles casos nos que a lexislación tributaria permita compensar en prazos superiores ou non estableza un límite temporal para poder practicar a compensación.

O Consello de Administración da Sociedade e os seus asesores fiscais consideran que destas inspeccións e dos exercicios abertos non se producirán pasivos adicionais de importancia para estas contas anuais tomadas no seu conxunto.

22. Ingresos e gastos

a) Transaccións en moeda estranxeira

O detalle das compras en moeda distinta do euro realizadas ao longo do exercicio 2020 e 2019 é o seguinte:

Euros			
2020			
Tipo de moeda	Importe	Divisa	Contravalor euros
Dólares USA	1.242.276	USA	1.117.801
Libras esterlinas	-	GBP	-
			1.117.801
Euros			
2019			
Tipo de moeda	Importe	Divisa	Contravalor euros
Dólares USA	1.333.200	USA	1.216.610
Libras esterlinas	150	GBP	175
			1.216.785

CSV: BOPGDSPGnZemg3nsn7
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2020

b) Importe neto da cifra de negocios

O importe neto da cifra de negocios correspondente ás actividades ordinarias da Sociedade distribúese xeograficamente e por liña de produto como segue:

	Euros			
	Vendas 2020			
	Importes totais	Distribución por zonas xeográficas		
Galicia		Resto España	Estranxeiro	
Vendas de publicidade				
Vendas brutas publicidade comercial	6.554.090	3.780.542	2.770.141	3.407
Vendas brutas publicidade intercambio	34.567	31.491	3.076	-
Descontos s/ vendas publicidade	(488.622)	(399.826)	(88.615)	(181)
Rappels sobre vendas	(117.694)	(39.347)	(78.347)	-
	5.982.341	3.372.860	2.606.255	3.226
Vendas de dereitos de emisión e outros				
Vendas Dereitos Conexión	261.571	17.035	428	244.108
Vendas Dereitos Emisión Coproducións Audiovisuais	68.220	61.415	194	6.611
Vendas Dereitos Emisión Producción Allea	2.684	-	2.684	-
Vendas Dereitos Emisión Producción Propia Contratada	500	-	500	-
Vendas Dereitos Emisión Producción Propia Interna	10.000	-	10.000	-
Vendas Dereitos Emisión Novas	2.995	91	2.904	-
Vendas Dereitos Retransmisións Deportivas	21.625	-	21.625	-
Vendas Material Arquivo	19.076	14.280	4.071	725
Vendas Producción Publicidade	26.000	8.500	17.500	-
Prestación Asistenciais Técnicas	3.035	-	3.035	-
Prestación Servizos Diversos e Outras Vendas	-	-	-	-
Achegas á produción da Comunidade Autónoma de Galicia	120.813	120.813	-	-
Achegas á produción doutras entidades públicas	(282.312)	(282.312)	-	-
Achegas á produción doutras entidades privadas	20.661	20.661	-	-
	274.868	(39.517)	62.941	251.444
	6.257.209	3.333.343	2.669.196	254.670
	Euros			
	Vendas 2019			
Importes totais	Distribución por zonas xeográficas			
	Galicia	Resto España	Estranxeiro	
Vendas de publicidade				
Vendas brutas publicidade comercial	6.288.012	3.431.528	2.843.048	13.436
Vendas brutas publicidade intercambio	58.591	48.587	10.004	-
Descontos s/ vendas publicidade	(474.431)	(392.310)	(82.121)	-
Rappels sobre vendas	(96.616)	(36.623)	(59.993)	-
	5.775.556	3.051.182	2.710.938	13.436
Vendas de dereitos de emisión e outros				
Vendas Dereitos Conexión	298.922	22.751	-	276.171
Vendas Dereitos Emisión Coproducións Audiovisuais	55.995	40.790	15.205	-
Vendas Dereitos Emisión Producción Allea	10	-	10	-
Vendas Dereitos Emisión Producción Propia Contratada	500	-	500	-
Vendas Dereitos Emisión Producción Propia Interna	-	-	-	-
Vendas Dereitos Emisión Novas	6.763	-	6.763	-
Vendas Dereitos Retransmisións Deportivas	96.175	-	96.175	-
Vendas Material Arquivo	16.313	6.885	9.428	-
Vendas Producción Publicidade	120.740	41.720	79.020	-
Prestación Asistenciais Técnicas	14.392	6.000	8.392	-
Prestación Servizos Diversos e Outras Vendas	8.270	-	-	8.270
Achegas á produción da Comunidade Autónoma de Galicia	135.988	135.988	-	-
Achegas á produción doutras entidades públicas	302.112	302.112	-	-
Achegas á produción doutras entidades privadas	20.661	20.661	-	-
	1.076.841	576.907	215.493	284.441
	6.852.397	3.628.089	2.926.431	297.877



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2020

c) Consumo de materias primas e outras materias consumibles

	Euros	
	2020	2019
Consumo de materias primas e outras materias consumibles:		
Compras:		
- Compras nacionais	343.193	186.469
- Adquisicións intracomunitarias	4.057	6.425
- Importacións	1.066	1.555
Variación de existencias	15.806	(38.489)
	364.122	155.960

d) Gastos de persoal

	Euros	
	2020	2019
Soldos, salarios e asimilados	36.809.937	37.575.736
Cargas sociais	12.362.707	12.480.683
Provisións	1.267.331	937.213
	50.439.975	50.993.632

No 2020, e respecto ao 2019, produciuse un incremento nas retribucións do persoal do sector público segundo o Real Decreto-Lei 2/2020 do 21 de xaneiro de rango estatal que supuxo un 2%.

O criterio de cálculo aplicado para o cómputo do número de empregados, que se indican nos cadros seguintes, efectuouse tendo en conta as xornadas a tempo parcial dos traballadores que non prestan servizos a tempo completo.

O número de empregados ao longo do exercicio 2020 e 2019, así como a situación o 31 de decembro de 2020 e 2019, e a súa distribución, clasificado polas categorías establecidas en convenio, e por sexos, é a seguinte:

Categoría	Empregados medios 2020	31.12.2020		
		Empregados	Homes	Mulleres
Alta dirección	1	1	1	-
Estrutura directiva	36	36	18	18
Nivel 1	263	259	101	158
Nivel 2	63	61	29	32
Nivel 3	37	35	27	8
Nivel 4	168	165	147	18
Nivel 5	75	74	54	20
Nivel 6	42	40	17	23
Nivel 7	184	183	106	77
Nivel 8	21	21	20	1
Nivel 9	22	21	21	-
Total	912	896	541	355



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2020

Categoría	Empregados medios 2019	31.12.2019		
		Empregados	Homes	Mulleres
Alta dirección	1	1	1	-
Estrutura directiva	36	37	18	19
Nivel 1	271	268	102	166
Nivel 2	65	64	30	34
Nivel 3	37	38	28	10
Nivel 4	176	170	154	16
Nivel 5	75	77	57	20
Nivel 6	43	43	17	26
Nivel 7	191	191	115	76
Nivel 8	23	22	20	2
Nivel 9	25	24	24	-
Total	943	935	566	369

O persoal que ocupa postos de "Estrutura directiva" ten unha vinculación laboral establecida ó amparo do Real Decreto 1382/1985, de 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral especial do persoal de alta dirección.

O número medio de empregados con minusvalía igual ou superior ao 33% ao longo do exercicio 2020 e 2019, é o seguinte:

	Empregados medios 2020	Empregados medios 2019
Total	25	24

O Convenio interempresarial da Corporación RTVG contempla, no seu artigo 80, a existencia dun Plan de pensións para os traballadores cunha antigüidade mínima de 1 ano cunha achega mensual de 30,05 euros por traballador, non actualizable.

A partires do 31 de decembro de 2011 en virtude do Real Decreto Lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, publicado no BOE o 31 de decembro de 2011, a Sociedade non realiza achegas adicionais ao plan de pensións.

Con data 2 de setembro de 2015 publícase no Diario Oficial de Galicia a resolución de 17 de agosto de 2015 do novo Convenio Colectivo da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. con vixencia dende a súa publicación ata o 31 de decembro de 2016, e con posibilidade de prórroga automática por sucesivos períodos dunha anualidade no caso de non ser denunciado de modo expreso por ningunha das partes.

e) Deterioración e resultado por alleamentos de inmovilizado

	Euros	
	2020	2019
Resultado por baixas de inmovilizado material	(333.706)	13.217
	(333.706)	13.217



23. Resultado financeiro

	Euros	
	2020	2019
Ingresos financeiros:		
- De terceiros	210.153	7.827
	210.153	7.827
Gastos financeiros:		
- Por débedas con empresas do Grupo e asociadas (Nota 19)	-	(786.687)
- Por débedas con terceiros	(2.551)	(104)
- Por actualización de provisións	(17.519)	(42.011)
	(20.070)	(828.802)
Diferenzas de cambio	36.526	6.856
Resultado financeiro	226.609	(814.119)

24. Retribución ao Consello de Administración e á Alta Direccióna) Retribución aos membros do Consello de Administración

Con data 1 de xaneiro de 2016, constitúese a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. que é administrada polo Consello de Administración, que formula as Contas Anuais.

Durante os exercicio 2020 e 2019 a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. rexistrou os seguintes importes en concepto de retribucións aos membros do Consello de Administración:

	Euros	
	2020	2019
Saldos e asistencias	370.648	362.937
Seguridade Social	75.313	75.313
Primas seguros	-	-
	445.961	438.250

A variación na partida "Saldos e asistencias" de 2020 respecto ao 2019, produciuse polo incremento nas retribucións do persoal do sector público segundo o Real Decreto-Lei 2/2020 de rango estatal.

Os importes devengados polo Consello de Administración da Sociedade son contabilizados no epígrafe de "Outros gastos de explotación" da Conta de Perdas e Ganancias, por tratarse de persoal vinculado á Corporación RTVG por unha relación de carácter mercantil.

b) Retribución e préstamos á Alta Dirección

As funcións de Alta Dirección foron desempeñadas polo Director Xeral.

O Director Xeral percibiu unha retribución bruta no ano 2020 de 93.866 euros (91.191 euros en 2019). A variación de 2020 respecto ao 2019, produciuse polo incremento nas retribucións do persoal do sector público segundo o Real Decreto-Lei 2/2020 de rango estatal.

O Director Xeral non tiña concedido ningún préstamo ó 31 de decembro de 2020 e 2019.

A 31 de decembro de 2020 e 2019 por tanto, a Sociedade non tiña concedido ningún préstamo ou anticipo á Alta Dirección, nin contraeu compromiso algún en materia de pensións ou seguros de vida a favor da mesma, a parte dos indicados na nota 3.14 para tódolos empregados.



c) Información sobre conflitos de interese dos administradores

No deber de evitar situacións de conflito co interese da Sociedade, durante o exercicio corrente, os membros do Consello de Administración cumpriron con tódalas obrigas previstas no artigo 228 do texto refundido da Lei de Sociedades de Capital. Así mesmo, tanto eles como as persoas vinculadas, evitaron incorrer nos supostos de conflito de interese previstos no artigo 229 de devandita lei, excepto nos casos en que se obtivera a correspondente autorización.

25. Outras operacións con empresas do Grupo e vinculadas

Dende o 31 de decembro de 2015, o Accionista Único é a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento do citado Decreto 177/2015, de 3 de decembro, polo que se realiza o traspaso de accións da Televisión de Galicia, S.A. propiedade ata ese momento da Compañía de Radio-Televisión de Galicia (véxase nota 1b).

As transaccións que a Sociedade mantivo durante os exercicios 2020 e 2019 coa Xunta de Galicia desagregáanse como segue:

	Euros	
	2020	2019
Achegas de Socios (nota 15)	102.763.022	99.866.882
Achegas de Capital (nota 16)	250.000	250.000
Ingresos por vendas e convenios	299.274	188.869

Respecto aos saldos debedores de carácter comercial co Accionista Único ó 31 de decembro de 2020 e 2019 desagregáanse como segue:

Organismo	Euros	
	2020	2019
Xunta: Consellería de Cultura e Turismo	20.000	-
Xunta: Consellería do Mar	100.000	100.000
Xunta: Consellería do Medio Rural	6.737	22.500
Xunta: Secretaría Xeral Medios de Comunicación	2.500	-
Xunta: Secretaría Xeral para o Deporte	-	15.000
	129.237	137.500
	(nota 10)	(nota 10)

Existen saldos acredores de carácter comercial ó 31 de decembro de 2020 e 2019 que se desagregan como segue:

Organismo	Euros	
	2020	2019
Xunta: Consell. de Medio Amb. e Ord. Terr.	-	21.780
Redes de telecomunicación galegas Retegal, S.A.	311.825	411.441
	311.825	433.221
	(nota 19)	(nota 19)

Existen saldos acredores de carácter non comercial co Accionista Único ó 31 de decembro de 2020 e 2019 desagregáanse como segue:

Organismo	Euros	
	2020	2019
Xunta: Consellería de Facenda	19.377.689	9.521.346
	19.377.689	9.521.346
	(nota 19 e 21)	(nota 19 e 21)



Ó 31 de decembro de 2020 existen 19.377.689 euros correspondentes ao financiamento transitorio recibido do Accionista Único (Xunta de Galicia) en 2020 para compensar a situación de tesourería derivado do cambio de criterio fiscal no IVE soportado e repercutido en relación coas liquidacións de dito imposto dos exercicios 2017 a marzo de 2021 (9.521.346 euros ó 31 de decembro de 2019). A liquidación desta débeda está condicionada á resolución e cobro dos litixios coa AEAT. No caso de que as reclamacións de IVE resultaran de xeito desfavorables ós intereses da Sociedade, dito financiamento converterase en definitivo, mediante a subscripción do oportuno instrumento (véxase nota 19 e 21).

26. Información sobre medio ambiente

Ó 31 de decembro de 2020 e 2019 non existen activos de importancia destinados á mellora do medio ambiente, nin se incorreu en gastos relevantes desta natureza ao longo do exercicio.

O Consello de Administración da Sociedade estima que non existen contingencias significativas relacionadas coa protección e mellora medioambiental, e non considera necesario constituír unha provisión para riscos e gastos co devandito carácter ó 31 de decembro de 2020 e 2019.

Ao longo do exercicio anual rematado o 31 de decembro de 2020 e 2019, a Sociedade non recibiu achegas de natureza medioambiental.

27. Honorarios de auditores de contas

Os honorarios relativos aos servizos de auditoría do exercicio 2020 da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. inclúense dentro do importe de adjudicación de contratación, polo sistema de concurso, procedemento aberto, efectuado pola Corporación RTVG, en virtude da Resolución do Director Xeral da Corporación RTVG de data 27 de novembro de 2018.

	Euros			
	2020		2019	
	Pricewaterhouse Coopers Auditores, S.L.	Entidades da rede PwC	Pricewaterhouse Coopers Auditores, S.L.	Entidades da rede PwC
Servizos de auditoría	27.000	-	27.000	-
Asesoramento fiscal	-	-	-	-
Outros servizos	-	-	-	-
	27.000	-	27.000	-

28. Feitos posteriores ao peche

Non se produciron feitos posteriores que puidesen ter un impacto significativo sobre as presentes contas anuais.

29. Orzamentos para o exercicio 2021

Mediante a Lei 3/2021 do Parlamento de Galicia, do 28 de xaneiro, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 29 de xaneiro de 2021, apróbanse para o exercicio 2021 os Orzamentos de explotación e capital de Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A, por un importe consolidado total de 110.351.000 euros (111.213.000 euros en 2020). En dito orzamento contéplanse achegas da Comunidade Autónoma de Galicia á Corporación RTVG: achega patrimonial do socio para compensación de perdas por 103.228.478 euros (102.763.022 euros en 2020), subvención de capital por 250.000 euros (250.000 euros en 2020); en total, 103.478.478 euros (103.013.022 euros en 2020).



CRTVG

**Informe
de
Xestión**

2020



Informe de Xestión
correspondente ao exercicio anual rematado
ao 31 de decembro de 2020

1. Resultado orzamentario do exercicio a 31.12.2020.-

O resultado orzamentario do exercicio presenta unha posición positiva que acada un valor de 1.851.659 euros.

En clave de rendición de contas, para mellorar a comprensión do resultado orzamentario, a continuación preséntase a conciliación entre o resultado contable e o resultado orzamentario, o cal amplía e complementa a información que se reflicte na Conta de Perdas e Ganancias das Contas Anuais da Corporación RTVG para 2020.

A.5) Resultado do Exercicio	(99.907.838)
20. Resultado do exercicio por operacións de capital	(1.253.525)
21. Achegas patrimoniais institucionais C.A. de Galicia	103.013.022
A.6) Resultado Orzamentario do Exercicio (A.5 + 20 + 21)	1.851.659

Este informe de xestión contén un apartado específico recollido no punto 6.5, no que se presenta a liquidación do orzamento consolidado do exercicio 2020 e a conciliación cos valores do balance a través do estado demostrativo das variacións do remanente de tesourería.

2. Estado da información non financeira (EINF).-

A Lei 11/2018, de 28 de decembro, pola que se modifica o Código de Comercio, o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo e a Lei 22/2015, de 20 de xullo, de Auditoría de Contas, en materia de información non financeira e diversidade, é de aplicación á Corporación RTVG, S.A. En consecuencia, a CRTVG reporta o estado de información non financeira nun informe separado correspondente ao exercicio 2020. Esta información forma parte do informe de xestión.

3. Entorno de xestión.-

En 2020 a industria do Entretenemento e Medios (E&M) tivo que afrontar o efecto provocado pola COVID-19 que incidiu nas formas de negocio tradicional, acentuando as tendencias que xa existían e xerando novos escenarios. En liña coa economía mundial, o sector contráese en 2020 aprox. nun -5,6%.

En termos globais, estímase que o sector medre nunha taxa anual composta do 2,8% (CAGR, Compound Annual Growth Rate) ata 2024, onde algúns segmentos expandiranse rapidamente acumulando nun só ano o que terían que medrar en varios exercicios, mentres que outros continuarán descendendo.

A problemática sanitaria acelerou as tendencias e provocou que os cidadáns incrementasen o seu control sobre o que consumen nun mercado onde medran as opcións e en consecuencia moi competitivo.

Os hábitos do consumidor requiren dunha trazabilidade longa para crealos, pero basta un breve confinamento para que se vexan seriamente afectados. En só uns meses, a COVID-19 acelerou cambios no ámbito dixital que xa estaban en marcha pero que levarían anos para chegar ao punto no que estamos na actualidade.

Neste contexto os rasgos que caracterizan o sector do entretemento e medios son, entre outros, os seguintes:

- Tempos de incertidume baixo un entorno que permite unha tendencia expansiva.
A estratexia de recuperación das compañías do sector leva asociada que estas non poden quedarse paradas nin esperar os mesmos resultados que os seus competidores adoptando os mesmos enfoques.



- Cambios nos patróns de consumo.
A pandemia acelerou o cambio cara o consumo dixital en distintas áreas.
- Tecnoloxía e infraestruturas, factores clave para o crecemento. Persoas e tecnoloxía traballando xuntos.
Ao acelerar a preparación dos usuarios para adoptar experiencias a través de medios dixitais, a pandemia acelerou tamén o conxunto da tecnoloxía dixital.
- Regulación e confianza.
O sector E&M enfróntase a grandes desafíos relacionados coa regulación e a confianza dos cidadáns. O que se denomina forzas ADAPT (Asimetría, disrupción, envellecemento, polarización e confianza) ten a súa máxima expresión a través das redes sociais e do resto de plataformas de comunicación.
- Prospectiva.
Cara adiante, é evidente que o sector E&M avanza cara a importantes desafíos. Non obstante, as perspectivas son positivas. Os usuarios incorporaron gran parte dos contidos e servizos que ofrece a industria nas súas rutinas diarias. A COVID-19 provocou a aceleración da dixitalización e do cambio de hábitos, ao tempo que os pilares de crecemento da maioría dos segmentos están ben asentados.

O documento sobre tendencias e predicións para 2021 do Reuters Institute (Universidade de Oxford, relator Nic Newman) destaca no informe executivo do mesmo que o presente ano será un período de cambios dixitais profundos e rápidos tralo impacto do Covid-19.

Para o Reuters Institute, 2021 tamén será un ano de remodelación económica.

Entre as conclusións e tendencias máis significativas do Reuters Institute:

O 76% dos editores consultados afirma que o Covid-19 acelerou os plans de transición dixital.

O 76% dos editores e líderes priorizan o enfoque de pagamento por contidos fronte á publicidade, seguida do "e-commerce" e os eventos. A diversidade de ingresos é clave.

A principal preocupación dos enquisados céntrase en: informacións erróneas ou desinformación e sostibilidade económica dos medios.

Crear unha cultura máis innovadora segue sendo unha preocupación clave para moitos líderes dixitais.

Destaca o papel que se outorga á nova innovación do terreo dixital. As empresas apostan pola Intelixencia Artificial como nova tendencia para ofrecer experiencias máis personalizadas á audiencia.

Máis de dous terzos (69%) da mostra din que estas tecnoloxías terán o maior impacto no xornalismo durante os próximos cinco anos, por diante do 5G (18%) e os novos dispositivos e interfaces (9%). Pero moitos pensan que a Intelixencia Artificial beneficiará aos grandes editores de maneira desproporcionada, deixando a outros ao marxe.

O prezo do talento aumenta a medida que as plataformas centradas en subscricións como Substack demostran o valor dos xornalistas excepcionais que traballan nun nicho.

O vídeo en liña convértese nun foco de preocupación clave arredor da desinformación, co aumento de canles de opinión e podcasts de vídeo distribuídos a través de plataformas como YouTube e Spotify.

O audio segue sendo un punto ao alza para os medios de comunicación, cunha forte innovación en contido e modelos comerciais.

Os lanzamentos de 5G acélanse en todo o mundo, xunto coa proliferación de novos dispositivos, incluídos wearables e gafas intelixentes. Todo isto suxire que os editores deberán prepararse para un futuro que implica levar o contido e as marcas a máis e tamén máis dispositivos e canles de distribución.

Ao respecto da radiotelevisión pública os retos, entre outros aspectos, están centrados nas áreas seguintes: regulamentación, gobernanza, transparencia, financiamento e innovación, como aspectos fundamentais que caracterizan os retos destas organizacións no ámbito regulamentario, no financiamento, nos modelos de gobernanza, na rendición de contas e a transparencia, na innovación ou na confianza dos cidadáns no servizo audiovisual público.

En canto ás circunstancias xerais de mercado da actividade da Corporación RTVG e polo tanto, os seus imperativos de adaptación ao mercado, son en xeral as que atinxen aos operadores audiovisuais de titularidade pública nas sociedades desenvolvidas. Artículanse estas en perspectivas de acción estreitamente ligadas entre si e se resumen na necesidade de estar á altura da competencia que supoñen dos medios privados, o que esixe unha xestión en clave empresarial concorrente coa daqueles en canto prestacións tecnolóxicas, combinación de medios e canles de carácter xeral e temática etc., conxugada co desenvolvemento dunha oferta característica de contidos que sexa coherente coa misión de servizo público.



Neste contexto a Corporación RTVG no cumprimento da súa misión está a prover un servizo competitivo e de calidade asociado a unha política de contidos:

Que, sedimentando a audiencia nos segmentos de poboación fieis, capte e consolide outros con intereses específicos ampliando a penetración social dos produtos da Corporación noutros grupos sociais.

Que singularice a oferta propia distinguíndoa das grandes plataformas privadas transnacionais.

Que privilexie a elección de contidos a vontade en canto momento e medio de recepción, así como a interactividade.

Que teña en conta a realidade e significado da democratización da súa produción, tendo presente a crecente concorrencia de formatos fragmentarios e a súa circulación gratuíta.

Que constitúa a vangarda da presenza da lingua e a cultura de Galicia, coas implicacións económicas e sociais que iso supón, no espazo dixital, tendo presente o valor estratéxico das actividades de xeración de contidos.

Noutro orde de asuntos, a situación do oligopolio do mercado publicitario español de televisión foi sancionada pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no mes de novembro de 2019. Ao longo do ano 2020 as empresas condenadas foron tomando algunhas das medidas indicadas na sanción, pero aínda persisten prácticas que afectan significativamente á acción comercial de Forta que están sendo revisadas pola CNMC.

4. Sobre os resultados da provisión do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia.-

Para o cumprimento da súa misión de servizo público, a Corporación RTVG dispón de oito canles polas que emite programación exclusivamente no idioma galego. Esas oito canles son: dúas canles en dixital TVG e TVG2, dúas canles de televisión vía satélite para o exterior, América e Europa; xunto a tres canles de radio, a Radio Galega convencional e dúas canles de música, unha delas exclusivamente dedicada á música galega.

A TVG acadou unha cota de audiencia media do 9,9% no conxunto do día ao longo do ano 2020. No horario máis importante do día (prime time) esta aumenta ata o 10,5%.

En posición comparativa coas canles autonómicas que integran a FORTA a TVG acada a segunda posición no conxunto do día e a terceira no prime time. A canle pública galega preséntase como unha das máis dinámicas do grupo xa que acada no conxunto do día 1,7 puntos de cota máis ca media da FORTA (8,2%). No prime time a TVG acada 1,8 puntos máis ca media da FORTA (8,7%).

Na información xeral diaria, a TVG é a canle coa audiencia media máis elevada en Galicia. Na faixa informativa do medio día acada 152.000 telespectadores de audiencia media e unha cota do 20,5% sendo a primeira opción, na faixa informativa do serán con 96.000 telespectadores de audiencia media e unha cota de 11,6%.

A Radio Galega acadou no ámbito galego 200.000 oíntes diarios de luns a venres, o que supón unha cota de consumo do 26,3% e 178.000 diarios de luns a domingo segundo datos do EGM referidos ao ano 2020, o que supón unha cota do 24,1%.

Ao respecto de Radio Galega Música, segundo datos do EGM referidos ao ano 2020 (ano móbil outubro 2019 / novembro 2020 ao non publicarse datos da 2ª onda do 2020), acadou unha audiencia de 34.000 oíntes/día de luns a venres e de 28.000 oíntes diarios de luns a domingo.

Ambas emisoras de radio, contaron cunha audiencia conxunta de 234.000 oíntes de luns a venres no ano 2020 segundo datos do EGM (ano móbil outubro 2019 / novembro 2020 ao non publicarse datos da 2ª onda do 2020). De luns a domingo, segundo a mesma fonte, o conxunto de emisoras de Radio Galega acadaron unha audiencia de 206.000 oíntes.

En relación ás canles dixitais, crtvg.gal acaba o ano con 4.616.704 usuarios, 34.124.579 páxinas vistas e 11.925.241 sesións, é dicir, un incremento do 9%, do 10% e do 17% respectivamente, respecto ao ano 2019.



En Twitter, @crtvg acabou o ano con 113.916 seguidores, @tvgalicia con 55.510 e @radiogalega con 22.849 seguidores, é dicir un incremento do 2%, do 19% e do 17% respectivamente. Destacar o crecemento de @g24, que rematou o ano con 11.274 seguidores, é dicir, cun 193% de incremento con respecto a 2019. En Facebook, CRTVG, TVG e RG finalizan o ano cun incremento respecto a 2019 do 2%, 12% e 7% respectivamente, é dicir, con 53.532, 130.391 e 15.109 seguidores, respectivamente. G24 en Facebook remata o ano con 25.914 seguidores, é dicir, cun incremento do 252% con respecto a 2019. Destaca a iniciativa por contido propio elaborado especialmente para redes como Instagram e Youtube, que tiveron un significativo incremento de seguidores e subscritores, respectivamente, dun 35% a un 42%. Iniciativas como #Instagal para poñer en valor e descubrir a procedencia e o significado de palabras galegas en uso foi recoñecido co Premio Paraugas de Comunicación e Márketing de Galicia, na categoría de Mellor proxecto social media.

No relativo á definición da estratexia global da Corporación RTVG en canto a marcas e medios, na definición de canles e plataformas propias como produtos diferenciados, o servizo do arquivo en liña da TVG, (pasouoquepasou.crtvg) acabou o ano con 87.832 páxinas vistas, 11.427 usuarios e 14.074 visitas. O obxectivo de pasouoquepasou.crtvg é facilitar o acceso aos contidos de arquivo dos medios públicos galegos, adaptándoos a un medio imprescindible como é Internet. A canle temática Enserie.gal, acabou o ano cunha audiencia de 1.716.124 páxinas vistas, 91.765 usuarios e 666.660 visitas. Musi.gal que se estreou en abril de 2017 é o primeiro gran portal da creación musical feita en Galicia. Musi.gal permite crear narrativas diferentes en función do usuario. Acabou 2020 con 7.084 páxinas vistas, 2.539 usuarios e 2.796 visitas. Radio Picariña (iniciada en maio de 2018), acabou o ano con 14.656 páxinas vistas e diariocultural.gal (iniciada en novembro de 2018) con 32.805 páxinas, vistas 13.958 usuarios e 19.218 visitas.

En canto ás APPs, durante o ano 2020, o número de descargas da APP principal da CRTVG dispón de 17.300, a APP do Xabarán 2.885 e a APP Pasouoquepasou 74.

O novo sistema de produción dixital implicou novas calidades nos vídeos baixo demanda (servizo de 'Á carta') e no consumo dos directos 'LIVE'. A mellora da calidade na web dos contidos de vídeo (LIVE e VoD), ao fío do proceso de dixitalización da Corporación RTVG, supuxo unha mellora substancial do servizo público que se ofrece en internet a todos/as os/as galegos/as. Desta forma, o consumo de streaming incrementou en usuarios únicos, nun 46% con respecto a 2019 na TVG, nun 68% na Radio Galega, nun 68% na Radio Galega Música e nun 24% nos eventos deportivos, o que supón unha media de 1.022.068 usuarios únicos anuais que visualizan ou escoitan os seus contidos, 131.918 máis que en 2019.

Impacto da crise do Covid-19 no consumo dixital.

En 2020, a web da CRTVG volve a converterse nun referente en información e entretemento, con 8.523.487 páx. vistas en contido de entretemento e 7.848.487 páxinas vistas en Informativos.

O streaming da RG amosa unha media anual de 79.056 usuarios únicos, 32.073 máis que o ano 2019 (un incremento do 68%). As retransmisións deportivas incrementan os usuarios únicos respecto á media do ano.

O streaming da TVG amosa unha media anual de 279.546 usuarios únicos, 75.442 máis que en 2019, correspondéndose cun incremento do 37%.

Os eventos (xerais e deportivos) amosan unha media anual de 63.014 usuarios únicos, 12.104 máis que en 2019, é dicir, un incremento do 24%, conseguindo en novembro o máximo de 2020 con 118.317 usuarios únicos.

A aposta por Instagram tanto na Televisión de Galicia como en G24 aportan grandes cifras, con elevados alcances e impresións nas súas publicacións.

5. Sobre a xestión das persoas e a organización.-

A xestión da área laboral está centrada en implantar actuacións que contribúan á evolución da cultura corporativa en razón dunha nova filosofía e práctica da xestión das persoas e a organización. Nesta contorna a Corporación debe propiciar a corresponsabilidade en diálogo entre ela e o seu persoal, facéndoo, desde o capital de talento e experiencia que achega, motor do cambio emprendido, garantíndolle baixo criterios de seguridade xurídica un emprego de calidade. E a ese fin cómpre modernizar e axilizar tamén as dinámicas e prácticas en que se dan as relacións laborais.

Ao fío do exposto, avanzar nun programa de benestar laboral é un obxectivo que presenta efectos directos na procura de niveis axeitados de emprego de calidade e axeitadamente retribuído.



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Informe de Xestión

Exercicio 2020



Aspectos como a estabilidade no emprego, clima laboral, coidado do entorno de traballo, implantación de instrumentos de teletraballo, recoñecemento e participación dos traballadores/as, comunicación corporativa efectiva e formación continua son factores que ao longo do ano 2020 presentaron unha incipiente relevancia social de primeira orde, baixo o obxectivo de avanzar nun proceso de estabilización laboral que dea resposta de estabilidade aos postos de traballo ocupados por traballadores/as indefinidos non fixos.

Trátase en definitiva de contribuír a propiciar avances en: materia de seguridade xurídica, xestión do cadro aliñado coas necesidades produtivas, mellora da capacidade de gobernanza e transparencia interna e externa plenamente coherente coa reformulación da cultura corporativa.

En clave de trazabilidade, no ano 2009 a CRTVG tiña un número medio de traballadores/as de 996 e un cadro de persoal de 769 prazas. Isto evidencia que o cadro de persoal non representaba axeitadamente o número de efectivos e a diferenza existente entre ambas proxectaba un característico nivel de problemática de indefinidade. A maiores, o perímetro de risco laboral (principalmente referidos aos servizos de novas externalizadas que conformaban o esquema das actuais delegacións territoriais da Corporación, os cales finalmente se fixeron propios) ascendía aprox. a 160, ata completar o seu número total de aproximadamente 1.156 efectivos.

A xestión levada a cabo no eido dos recursos humanos supuxo cuantitativamente pasar dun cadro de 769 prazas e 996 traballadores/as e un perímetro de risco laboral que completaba o seu número en aprox. 1.156 efectivos, cara a evolucionar, no momento actual, a un cadro composto por 820 prazas e 912 traballadores/as de media coa conseguinte estabilización dos custos de persoal.

Os cadros de evolución do número de traballadores medios e o custo laboral, presentan a traza do comportamento destas variables.



Fonte: Contas Anuais auditadas. Datos en millóns de euros.

A CRTVG pecha o exercicio 2020 co número medio de traballadores máis baixo da serie histórica obxecto de análise (2009-2020) que se fixa en 912.

Cómpre salientar tamén a progresiva redución da contratación temporal implantada na xestión desde o ano 2010 (a temporalidade no 2009 superaba o 40%). A distribución do promedio dos traballadores no exercicio 2020, por tipo de vinculación contractual é a seguinte: fixos e indefinidos 79,67%; relevos 6,35%; interinidade 4,52%; obra 1,64% prácticas 3,76% e directivos 4,06%.

En síntese, unha análise inmediata do número de traballadores/as medios no período obxecto de observación 2009-2020, pon de manifesto que as medidas de mellora da xestión laboral executadas proxectaron o seu efecto en clave de estabilidade e calidade no emprego, diminución da temporalidade, sostibilidade e mesmo coherencia dos custos de explotación. Ao tempo mantívose á Corporación en situación de estabilidade. Os resultados propiciaron así entornos axeitados en clave de eficiencia, sen perder de vista presupostos de benestar laboral baseado no diálogo e negociación cos axentes sociais.

CSV: BOPGDSPGnZemg3nsn7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Os datos do exercicio 2020 poñen de manifesto que o número medio de traballadores/ano estabilizouse nun valor de 912 traballadores/as. O desglose por natureza do vínculo é o seguinte:

- Cadro directivo: 37.
- Persoal de cadro: i) fixos: 522; ii) relevistas: 58, iii) indefinidos en praza vacante: 193; iv) interinos en praza vacante: 4 e v) 11 interinos que ocupan prazas reservadas.
- Persoal de longa duración: i) indefinidos sentenza firme: 1; ii) indefinidos sentenza non firme: 10; iii) obras ou servizos determinados: 15 e vi) contratos en prácticas: 34.
- Substitucións (motivadas principalmente por Incapacidades Temporais): 27.

As resolucións xudiciais que declaran a existencia de relacións laborais indefinidas determinan na práctica totalidade dos casos que a data da primeira vinculación contractual dos traballadores/as é anterior ao ano 2009.

6. En relación co financiamento, a xestión orzamentaria e a tributación indirecta.-

6.1. Financiamento.-

Para atender os compromisos de gasto asociados á xestión do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia, a Corporación RTVG xestionou un orzamento definitivo no 2020, por importe de 111,2 millóns de euros.

6.2. Xestión orzamentaria.-

De acordo co estipulado no artigo 85.2.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobada polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, tramitáronse determinados expedientes da modificación orzamentaria. A Consellería de Facenda autorizou modificacións do orzamento de explotación da Corporación RTVG en data 18 e 23.12.2020 por importes de 980 e 544 miles de euros respectivamente. O obxecto das modificacións foi incrementar a partida de aprovisionamentos.

Ao fin do exposto e coa finalidade de presentar unha completa información sobre a execución orzamentaria que facilite a comprensión dos valores do exercicio 2020, a continuación recóllese o cadro de resultados orzamentarios consolidados da Corporación RTVG, S.A. referidos ao período 1985/2020.

(Valores expresados en millóns de euros)

CONCEPTO	ORZAMENTO DEFINITIVO	RESULTADO EJERCICIO CONSOLIDADO	RESULTADO ACUMULADO	CONCEPTO	ORZAMENTO DEFINITIVO	RESULTADO EJERCICIO CONSOLIDADO	RESULTADO ACUMULADO
EXERCICIO 1985		(0,7)	(0,7)	EXERCICIO 2005	125,1	19,9	(55,4)
EXERCICIO 1986		(1,8)	(2,5)	EXERCICIO 2006	139,7	4,5	(50,9)
EXERCICIO 1987	27,4	(1,4)	(3,9)	EXERCICIO 2007	133,8	3,7	(47,3)
EXERCICIO 1988	35,3	(7,5)	(11,4)	EXERCICIO 2008	131,8	(3,7)	(51,0)
EXERCICIO 1989	41,0	(14,0)	(25,4)	SUMA 1985-2008	1.926,7	(51,0)	(51,0)
EXERCICIO 1990	66,6	(3,8)	(29,2)	EXERCICIO 2009	146,9	2,0	(49,0)
EXERCICIO 1991	72,2	(11,0)	(40,2)	EXERCICIO 2010	145,4	21,6	(27,4)
EXERCICIO 1992	64,1	(9,4)	(49,6)	EXERCICIO 2011	121,5	0,4	(27,0)
EXERCICIO 1993	62,0	(2,3)	(51,9)	EXERCICIO 2012	114,4	0,3	(26,7)
EXERCICIO 1994	68,1	(2,7)	(54,6)	EXERCICIO 2013	104,0	0,3	(26,4)
EXERCICIO 1995	71,6	0,7	(53,9)	EXERCICIO 2014	107,8	0,3	(26,1)
EXERCICIO 1996	76,0	2,4	(51,5)	EXERCICIO 2015	103,6	0,8	(25,3)
EXERCICIO 1997	81,0	(0,1)	(51,6)	EXERCICIO 2016	104,1	3,7	(21,6)
EXERCICIO 1998	87,3	(2,5)	(54,1)	EXERCICIO 2017	107,2	1,6	(20,0)
EXERCICIO 1999	100,9	5,5	(48,6)	EXERCICIO 2018	106,9	2,2	(17,8)
EXERCICIO 2000	101,0	10,6	(38,0)	EXERCICIO 2019	109,2	1,7	(16,1)
EXERCICIO 2001	99,9	1,7	(36,3)	EXERCICIO 2020	111,2	1,9	(14,3)
EXERCICIO 2002	105,5	(21,9)	(58,1)	SUMA 2009-2020	1.382,1	36,7	(14,3)
EXERCICIO 2003	108,1	(9,6)	(67,8)	TOTAIS EUROS	3.308,9	(14,3)	(14,3)
EXERCICIO 2004	0,0	(7,6)	(75,4)				

Nota.- Os valores negativos reflíctense expresados entre parénteses ().

A liquidación orzamentaria da Corporación RTVG correspondente ao exercicio 2020 presenta unha posición cun resultado orzamentario positivo de 1.851.659 euros. As posicións no período 2009-2020 (a.i) acadaron unha sistemática posición do resultado orzamentario con superávit. Isto permitiu contribuír a sanear a acumulación histórica de déficits de tesourería negativos non presupostados. Saneáronse no período 2009-2020 (a.i) un valor total de 36,7 millóns de euros, o cal representa unha porcentaxe do 72 %.



A situación reflectida no balance ao remate do exercicio 2020, fixou o valor do seu patrimonio neto en 46,1 millóns de euros. Isto representa un incremento no ano dun 6,3 %.

En canto á débeda neta (diferenza entre os dereitos de cobro, incluídos recursos líquidos dispoñibles e as débedas, obrigas de pagamento) a Corporación RTVG, S.A. presenta a 31.12.2020 un importe positivo (a favor da CRTVG) +6,6 millóns de euros. En termos xerais, esta cifra consolida unha tendencia maioritaria no período 2009-2020, de mellora da débeda neta total.

As cifras do subconxunto débeda bancaria, poñen de manifesto que a mesma evolucionou dende un valor de 32,4 millóns (ano 2009) seguindo unha tendencia descendente nos exercicios sucesivos, de xeito que a 31.12.2013 desaparece a débeda bancaria. Esta situación permanece invariable a 31.12.2020.

A liquidación orzamentaria da Corporación RTVG en posición comparativa co exercicio anterior (2019), en termos de execución real, permite avanzar que: nas aplicacións de gasto (agás na aplicación de compras que medra case tres puntos) e nos recursos, os valores finais acadados, analizados en termos homoxéneos co exercicio anterior, manteñen un peso compositivo semellante aos de 2019.

O gasto de persoal no 2020 acadou un valor de 50,4 millóns de euros. Este comportamento supón un valor semellante ao do exercicio anterior.

A Corporación RTVG ten en curso determinados procesos de reclamación xudicial, con efecto orzamentario, derivados da execución dos contratos de servizos de novas de anos anteriores (asinados a partires do ano 1995) e por outras reclamacións do persoal ordinario. No exercicio 2020 provisionáronse responsabilidades laborais por un total de 1,3 millóns de euros. Estes valores evidencian a finalización do proceso de saneamento da xestión laboral, a diminución drástica da litixiosidade laboral e o comezo dunha nova etapa baseada en executar unha xestión de rr.hh comprometida cos principios de seguridade xurídica e a estabilización no emprego.

A nova organización produtiva asentada no sistema de produción dixital e enfocada en colocar a audiencia no centro da actividade da CRTVG, abre paso a cambios no modelo de xestión e a estratexia de produción cara a definir, organizar e racionalizar o tráfico dos contidos que produce a Corporación con destino ás distintas canles e formatos.

6.3. Sobre a tributación indirecta.-

Na última década a provisión do servizo público de comunicación audiovisual, desenvolveuse nun entorno complexo e cambiante onde a problemática do IVE insiste un ano máis, de xeito crítico e recorrente, en proxectar un efecto de inestabilidade sobre a xestión orzamentaria da Corporación e en consecuencia sobre o conxunto da actividade de provisión do servizo público.

A situación financeira e a evolución da tesourería derivada desta problemática á data de emisión deste informe é a seguinte:

- Problemática IVE repercutido (Xan.2017-Mai.2017).
Nesta inspección de IVE a AEAT aplicou o criterio de "Contraprestación de servizos sobre o IVE repercutido", considerando que a achega patrimonial do socio único está suxeita ao IVE do 21%. O 14.11.2017 a AEAT emitiu Acordo de Liquidación, supoñendo para a CRTVG a suspensión da devolución das liquidacións mensuais de IVE presentadas no período Xan.2017-Mai.2017. Acordo recorrido o 04.11.2020 no Tribunal Económico Administrativo Central.
- Problemática IVE soportado (Nov.2017-Dec.2018).
Nesta inspección de IVE a AEAT aplicou o criterio "Actividade dual sobre o IVE soportado", considerando que a CRTVG exerce 2 actividades: "comercial" (publicidade e programas con alta audiencia, con dereito a dedución do IVE) e "non comercial" (programas con baixa audiencia, sen dereito a dedución do IVE). O 06.03.2019 a AEAT emitiu Acordo de Liquidación. Acordo recorrido o 20.11.2019 no Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia.



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Informe de Xestión

Exercicio 2020

- Nova problemática IVE repercutido (Ano 2016 e Xuñ.2017-Out.2017).
No 2020 a AEAT inicia unha nova inspección para tódolos períodos non prescritos. No caso destes períodos, volve de novo ao criterio de contraprestación de servizos, aplicando o 21% de IVE repercutido sobre as achegas da Xunta de Galicia. O 23.02.2021 a AEAT emitiu dous Acordos de Liquidación. Acordos recorridos o 10.03.2021 perante a Dependencia Rexional da AEAT para a súa elevación ao Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia.
- Nova problemática IVE soportado (Xan.2019-Dec.2020).
A inspección do 2020, comentada no punto anterior, tamén actúa sobre estoutro período, volve de novo ao criterio da "actividade dual". Neste caso pretende restrinxir a deducibilidade do IVE soportado, polo que procederon a suspender as devolucións de IVE dende decembro de 2019. Cando se produza o acordo recorrerase no Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia.

6.4. En síntese.

No exercicio 2020 seguiuase a activar unha xerencia orzamentaria que complementa as tarefas de administración orzamentaria co fin de reforzar a adaptación da administración financeira aos cambios do entorno.

Al fío do exposto, traballouse en incentivar unha xestión eficiente dos recursos dotando á xestión dun maior sentido empresarial. Establecer unha administración cunha maior capacidade de xestión estratéxica, en orde a mellorar as capacidades de adaptación ao cambio, esixiu completar os procedementos convencionais de cálculo e proxección ao futuro, mellorar a función de predición de análise especulativa-selectiva e as análises de percepción subxectiva.

En definitiva, a provisión do servizo público de comunicación audiovisual amosa un renovado compromiso coa transformación dixital e a competitividade a cubrir nunha secuencia sucesiva de transformación cultural, transformación orgánica, transformación profesional e transformación tecnolóxica.

6.5. Liquidación orzamentaria.-

A liquidación do orzamento consolidado do exercicio 2020 da Corporación RTVG, S.A. preséntanse no cadro seguinte:

- Euros -

DOTACIÓNS E RECURSOS CONSOLIDADOS 2020	ORZAMENTO INICIAL 2020	ORZAMENTO DEFINITIVO 2020	ORZAMENTO EXECUTADO 2020	RESULTADO ORZAMENT. 2020
DOTACIÓNS				
Compras	38.045.000	40.343.131	40.321.897	21.234
Servizos Exteriores	15.061.000	14.271.000	14.253.680	17.320
Tributos	158.000	133.000	128.763	4.237
Gastos de Persoal	52.719.572	51.195.441	50.439.975	755.466
Outros Gastos de Xestión	20.000	21.000	20.751	249
Gastos Financeiros	252.000	42.000	33.287	8.713
Perdas Prod. do Activo non Cte. e G. Excep.	0	0	0	0
Inmobilizacións Intanxibles	2.497.000	2.674.025	2.670.779	3.246
Inmobilizacións Materiais	2.460.428	2.533.403	2.531.932	1.471
TOTAL DOTACIÓNS	111.213.000	111.213.000	110.401.064	811.936
RECURSOS				
Ingresos Publicitarios Netos	7.248.000	7.248.000	5.982.341	-1.265.659
Outras Ventas	760.000	760.000	642.867	-117.133
Outros Ingresos Xestión	183.978	183.978	749.363	565.385
Ingresos Financeiros	8.000	8.000	259.896	251.896
Benef. Prod. do Activo non Cte e I. Excep.	0	0	1.287.626	1.287.626
Inmobilizacións Materiais (Ventas e devol.)	0	0	185.239	185.239
Achegas Patrimonial	102.763.022	102.763.022	102.763.022	0
Subvencións de Capital	250.000	250.000	250.000	0
Remanentes de Capital	0	0	132.369	132.369
TOTAL RECURSOS	111.213.000	111.213.000	112.252.723	1.039.723
RESULTADO ORZAMENTARIO 2020	0	0	1.851.659	1.851.659

CSV: BOPGDSPGnZemg3nsn7
Verificación: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Informe de Xestión

Exercicio 2020

A conciliación cos valores de balance a través do estado demostrativo das variacións de remanente de tesouraría é a seguinte:

	- Euros -		
CONCEPTOS	2020	2019	VARIACIÓN
DEREITOS PENDENTES DE COBRO	25.955.358	17.210.804	8.744.554
Créditos Concedidos a l/p	0	236.027	(236.027)
Credito Facenda Pª L/P	20.342.000	9.914.797	10.427.203
Fianzas e depósitos const.l/p	10.874	9.563	1.311
Créditos concedidos c/p	596.152	876.742	(280.590)
Debedores por operacións tráfico	4.779.545	5.875.688	(1.096.143)
Investimentos financeiros c/p	4.800	4.800	0
Axustes periodificación	187.669	260.323	(72.654)
Anticipos sobre compras	34.318	32.864	1.454
OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO	(34.119.135)	(24.608.794)	(9.510.341)
Provisións responsabilidades	(1.899.223)	(1.293.911)	(605.312)
Débedas a L/P	(19.377.689)	(9.521.346)	(9.856.343)
Préstamos recibidos c/p	0	0	0
Acredores por operacións tráfico	(12.789.562)	(13.735.841)	946.279
Outras débedas a c/p	(52.661)	(57.696)	5.035
TESOURARÍA	20.366.062	12.346.616	8.019.446
(=) REMANENTE TESOURARÍA	12.202.285	4.948.626	7.253.659
Variación neta incluídos remanentes por incorporacións orzamentarias			(5.402.000)
(=) RESULTADO ORZAMENTARIO 2020			1.851.659

7. Expectativas futuras.-

O orzamento consolidado de explotación e capital da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., para 2021 é de 110,6 millóns de euros. Este orzamento está financiado mediante a percepción das compensacións polo cumprimento da misión de servizo público (93,5%) e por ingresos comerciais derivados da participación no mercado da publicidade e outros (6,5%).

A achega patrimonial ten por obxecto equilibrar os custos nos que se incorre como consecuencia da especial carga de servizo público da programación de televisión, radio e medios dixitais.

A Corporación RTVG a futuro está centrada en avanzar, entre outros, nos puntos seguintes: reformular o seu modelo de actividade cara a orientalo á demanda colocando a audiencia no centro da estratexia da CRTVG; de gobernanza (desenvolvemento de novos sistemas de calidade, responsabilidade social corporativa e rendición de contas); económico-financieiro (asegurar a sostibilidade para a transformación tecnolóxica e adaptación aos novos sistemas); de adaptación do modelo interno cara a mellorar a súa eficiencia; defender o espazo no mercado audiovisual do seu entorno; innovar como receita para revitalizar o servizo e comunicar o valor social do servizo audiovisual público.

A distribución dos gastos sobre os que se articula a provisión do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia, construído a partir das liquidacións orzamentarias de cada exercicio que se recolle a continuación, para o ano 2010 e para o período 2015-2020, permite presentar o entorno de xestión en clave dinámica e mesmo facer unha análise prospectiva sobre os aspectos que dende o punto de vista do financiamento haberán de terse en conta no futuro.



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Informe de Xestión

Exercicio 2020

- Milleiros de euros -

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA	2010		2015		2016		2017		2018		2019		2020	
	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%
COMPRAS E SERVIZOS EXTERIORES	78.162,8	52,3%	53.642,8	50,7%	51.198,1	49,6%	51.772,6	48,8%	49.417,7	47,6%	50.476,6	46,9%	54.575,6	49,4%
GASTOS DE PERSOAL	59.376,4	39,7%	49.169,4	46,5%	49.377,8	47,8%	48.823,0	46,0%	48.774,5	47,0%	50.993,6	47,4%	50.440,0	45,7%
SUMA COMPRAS, S.EXT., G.PERSOAL	137.539,2	92,0%	102.812,2	97,2%	100.575,9	97,3%	100.595,6	94,8%	98.192,2	94,6%	101.470,2	94,3%	105.015,6	95,1%
TOTAL CONSOLIDADO DOTACIÓNS	149.449,1	100,0%	105.797,7	100,0%	103.317,7	100,0%	106.060,4	100,0%	103.774,6	100,0%	107.662,9	100,0%	110.401,0	100,0%

Fonte.- Datos extraídos das liquidacións orzamentarias dos exercicios 2010 e 2015 / 2020 da Corporación RTVG, S.A.

A distribución anterior pon de manifesto que:

- As aplicacións de compras/servizos exteriores e gastos de persoal veñen a representar un peso compositivo medio do período 2015-2020, sobre o total das dotacións da Corporación RTVG, superior ao 94,0 % (no 2020 o 95,1 %).
- Os valores 2020 referidos a compras e servizos exteriores, reflicten importes que evidencian unha adaptación selectiva dos custos da actividade. Estes evolucionan de 78,2 a 54,6 millóns de euros no período 2010-2020. En valores relativos representa unha porcentaxe do <-30,2%>.

En clave prospectiva, as tendencias presentes no momento actual e que ademais teñen unha certa relevancia son as que proxectarán o seu efecto no curto prazo. Estas permiten concluir que os retos da actividade situaranse en abordar os desafíos do entorno dixital desde o punto de vista da competitividade.

Outros aspectos relevantes están centrados na sostibilidade e provisión do servizo público baixo criterios de eficiencia, en finalizar o proceso para acompañar a administración orzamentaria coa financeira e en manter a coherencia dos custos de explotación. Esta forma de facer prospectiva non contempla a posibilidade dun cambio radical.

Na área de organización e xestión das persoas os retos a identificar céntranse en abordar os desafíos que marcarán as relacións laborais no entorno dixital, a procura da seguridade xurídica, mellorar e modernizar a interlocución cos sindicatos, xestionar a diversidade xeneracional e propiciar entornos que favorezan a independencia da función da xestión de rr.hh.

As tendencias máis relevantes que permiten analizar, comprender e identificar, entre outros, os rasgos característicos que marcarán o futuro nos vindeiros exercicios, insisten na sostibilidade e provisión do servizo baixo criterios de eficiencia nun entorno de complexidade e incertidume, onde a innovación preséntase como un aspecto clave para revitalizar o servizo público audiovisual, baixo o obxectivo de atender o ritmo das esixencias do entorno orzamentario para prestar máis e mellores servizos a un menor custo.

8. Gastos de investigación e desenvolvemento.-

No exercicio 2020 a Corporación RTVG, S.A. non realizou actividades en materia de investigación e desenvolvemento.

9. Instrumentos financeiros.-

A Corporación RTVG, S.A. non emprega derivados financeiros.

O resto de instrumentos financeiros atópase detallado na memoria da Corporación RTVG, S.A.

CSV: BOPGDSPGnZemg3nsn7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



10. Información sobre pagamentos efectuados a provedores.-

No exercicio 2020 o período medio de pagamentos efectuados a provedores pola Corporación RTVG, S.A. foi de 20 días.

11. Acontecementos posteriores ao peche do exercicio.-

Á data de elaboración do presente informe de xestión 2020, a crise sanitaria segue a proxectar o seu impacto sobre o conxunto da economía global e a sociedade na medida en que as medidas sanitarias e de contención inciden, de xeito temporal, no tecido produtivo. En consecuencia, o impacto final que acabe tendo sobre a actividade económica dependerá, entre outros aspectos, das capacidades de mobilización dos recursos nacionais e mesmo da UE e da activación de políticas eficaces que permitan restablecer de xeito progresivo a normalidade.

Neste contexto de circunstancias tan extraordinarias que estamos a vivir, seguramente abran un apartado de retos para a CRTVG. En calquera caso, actuar sobre o desenvolvemento das capacidades de dirección estratéxica, que permitan un exercicio de anticipación e xeración de coñecemento prospectivo, que complemente o cálculo e a proxección de futuro, serán de gran utilidade para definir obxectivos e redeseñar actuacións. Preténdese así estar en disposición de atender o ritmo previsible das esixencias do entorno orzamentario, de xeito que sexan compatibles cunha provisión competitiva e de calidade do servizo audiovisual público.



CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Formulación de Contas Anuais

e Informe de Xestión

Dilixencia de sinaturas

Exercicio 2020

En cumprimento da lei vixente redáctanse e formúlanse as contas anuais da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., referidas ao período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020, así como o informe de xestión correspondente ao mesmo período. Ámbolos dous documentos que preceden este escrito preséntanse en follas ordenadas e paxinadas de forma independente por números correlativos.

Os membros do Consello de Administración asinan o presente documento en todas as súas follas en Santiago de Compostela, o 25 de marzo de 2021.

ASINANTES



D. Xosé Antonio García Ferreiro
Presidente



D. Luís Isidro de la Matta Cantó
Conselleiro



D. Higinio Meijide Gómez
Conselleiro



Dna. Ana Isabel Peón Piñeiro
Conselleira



Dna. Beatriz Soler Vázquez-Guillén
Conselleira

Dna. Leticia Vilar Pumares
Conselleira



D. Alfonso Sánchez Izquierdo
Director Xeral e Conselleiro





CSV: BOPGDSPGnZemg3rnsn7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



CRTVG

**Informe
de
Auditoría**

2020



Informe de auditoría de contas anuais emitido por un auditor independente

Ao accionista único de Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.:

Opinión

Auditamos as contas anuais de Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (a Sociedade), que comprenden o balance a 31 de decembro de 2020, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo e a memoria correspondentes ao exercicio rematado na devandita data.

Na nosa opinión, as contas anuais adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Sociedade a 31 de decembro de 2020, así como dos seus resultados e fluxos de efectivo correspondentes ao exercicio rematado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación (que se identifica na nota 2.a) da memoria) e, en particular, cos principios e criterios contables contidos neste.

Fundamento da opinión

Levamos a cabo a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España. As nosas responsabilidades de acordo con estas normas descríbense máis adiante na sección *Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais* do noso informe.

Somos independentes da Sociedade de conformidade cos requirimentos de ética, incluídos os de independencia, que son aplicables á nosa auditoría das contas anuais en España segundo o esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas. Neste sentido, non prestamos servizos distintos aos da auditoría de contas nin concorreron situacións ou circunstancias que, de acordo co establecido na citada normativa reguladora, afectasen a necesaria independencia de modo que se vise comprometida.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e axeitada para a nosa opinión.

Aspectos máis relevantes da auditoría

Os aspectos máis relevantes da auditoría son aqueles que, segundo o noso xuízo profesional, foron considerados como os riscos de incorrección material máis significativos na nosa auditoría das contas anuais do período actual. Estes riscos foron tratados no contexto da nosa auditoría das contas anuais no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre estas, e non expresamos unha opinión por separado sobre eses riscos.

PricewaterhouseCoopers Auditores, S.L., C/ Urzaiz, 30, 36201 Vigo (Pontevedra), España
Tel.: +34 986 441 096 / +34 902 021 111, Fax: +34 986 441 540, www.pwc.es

R. M. Madrid, hoja 87.250-1, folio 75, tomo 9.267, libro 8.054, sección 3ª
Inscrita en el R.O.A.C. con el número S0242 - CIF: B-79 031290



Aspectos máis relevantes da auditoría**Modo no que se trataron na auditoría****Amortización dos dereitos de emisión**

Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. posúe activos intanxibles significativos procedentes da adquisición de dereitos de emisión de películas e programas. Esta partida supón un investimento de 259.155 miles de euros a 31 de decembro de 2020.

Tal e como se indica na nota 3.2) da memoria adxunta, estes dereitos amortízanse en función dunha serie de criterios, que teñen en conta, entre outros, aspectos como a tipoloxía do dereito, o número de pases contratados, pases emitidos e o período de contratación, e que requiren da aplicación de xuízos significativos.

Polos motivos expostos consideramos a amortización dos dereitos de emisión como un aspecto relevante da nosa auditoría.

En primeiro lugar, avaliamos a razoabilidade das principais hipóteses e xuízos realizados pola Dirección, así como a súa consistencia coas realizadas en exercicios anteriores. Ademais realizamos, entre outras, as seguintes comprobacións:

- Para unha mostra das novas incorporacións de dereitos, comprobamos o seu período de contratación ou pases adquiridos co seu correspondente contrato, factura e documento de recepción.
- Para unha mostra dos pases emitidos, comprobamos a súa consistencia cos partes de emisión.
- Realizamos un recálculo da amortización cos criterios establecidos na nota 3.2) da memoria adxunta.
- Comprobamos que as notas da memoria inclúen a información que require o marco normativo de información financeira aplicable.

No desenvolvemento destas probas non se observaron excepcións relevantes.

Saldos para cobrar e acordos de liquidación por IVE

A Sociedade ao 31 de decembro de 2020 ten rexistrado baixo a epígrafe “debedores comerciais e outras contas para cobrar a longo prazo” un importe total de 20.342 miles de euros.

Tal e como se indica na nota 21 da memoria adxunta, dito importe corresponde ós saldos de IVE pendentes de cobramento dos exercicios 2017, 2018, 2019 e 2020. As liquidacións do IVE dos exercicios 2017 e 2018 foron obxecto de inspección por parte da Axencia Española de Administración Tributaria (AEAT), finalizando ditas inspeccións con sendos acordos de liquidación. A Sociedade interpuxo recurso de alzada perante o Tribunal Económico Administrativo Central (TEAC) relativo ó IVE de xaneiro a maio do 2017 e reclamación perante o Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia (TEARG) relativa ó IVE de novembro de 2017 a decembro de 2018.

Os nosos procedementos de auditoría incluíron o entendemento e a lectura de toda a documentación relativa ás inspeccións fiscais, tales como actas emitidas pola Axencia Tributaria, alegacións presentadas pola Sociedade, resolucións do Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia, entre outras.

Adicionalmente, obtivemos carta por parte dos asesores externos da Sociedade acerca da súa avaliación do resultado esperado dos recursos presentados. Esta avaliación foi contrastada con expertos internos da nosa Firma.

Por último, avaliamos que toda a información relativa a esta cuestión foi reflectida na memoria adxunta.



Aspectos máis relevantes da auditoría

Modo no que se trataron na auditoría

Ademais, tal e como se indica na nota 21 da memoria adxunta, a Axencia Española da Administración Tributaria (AEAT) emitiu acordos de liquidación polo IVE do exercicio 2016 e polo IVE de xaneiro a outubro do exercicio 2017 mediante os cales reclama 36.477 miles de euros en concepto de cota máis xuros de demora. Contra os devanditos acordos de liquidación a Sociedade ten interpostos sendos recursos.

A Dirección da Sociedade, así como os seus asesores fiscais, baseándose nos argumentos detallados na nota 21, consideran que os saldos pendentes de cobramento son de probable recuperación e que as reclamacións interpostas perante os tribunais mencionados anteriormente serán resoltas de forma favorable á Sociedade.

A recuperabilidade dos importes rexistrados baixo a epígrafe "debedores comerciais e outras contas para cobrar a longo prazo" e a resolución dos acordos de liquidación da Axencia Española da Administración Tributaria (AEAT) están suxeitos a xuízos significativos, polo que os consideramos como un aspecto relevante da nosa auditoría.

Outra información: Informe de xestión

A outra información comprende exclusivamente o informe de xestión do exercicio 2020, cuxa formulación é responsabilidade dos conselleiros da Sociedade, e non forma parte integrante das contas anuais.

A nosa opinión de auditoría sobre as contas anuais non cobre o informe de xestión. A nosa responsabilidade sobre o informe de xestión, de conformidade co esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas, consiste en:

- a) Comprobar unicamente que o estado da información non financeira, facilitouse na forma prevista na normativa aplicable e, no caso contrario, informar sobre iso.
- b) Avaliar e informar sobre a concordancia do resto da información incluída no informe de xestión coas contas anuais, a partir do coñecemento da entidade obtido na realización da auditoría das citadas contas, así como avaliar e informar de se o contido e presentación de esta parte do informe de xestión son conformes á normativa que resulta de aplicación. Se, baseándonos no traballo que realizamos, concluímos que existen incorreccións materiais, estamos obrigados a informar diso.

Sobre a base do traballo realizado, segundo o descrito anteriormente, comprobamos que a información mencionada no apartado a) anterior facilítase na forma prevista na normativa aplicable e que o resto da información que contén o informe de xestión concorda coa das contas anuais do exercicio 2020 e o seu contido e presentación son conformes á normativa que resulta de aplicación.



Responsabilidade dos conselleiros en relación coas contas anuais

Os conselleiros son responsables de formular as contas anuais adxuntas, de xeito que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Sociedade, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade en España, e do control interno que consideren necesario para permitir a preparación de contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Na preparación das contas anuais, os conselleiros son responsables da valoración da capacidade da Sociedade para continuar como empresa en funcionamento, revelando, segundo corresponda, as cuestións relacionadas con empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento agás se os conselleiros teñen intención de liquidar a Sociedade ou de cesar as súas operacións, ou ben non exista outra alternativa realista.

Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais

Os nosos obxectivos son obter unha seguridade razoable de que as contas anuais no seu conxunto están libres de incorrección material, debida a fraude ou erro, e emitir un informe de auditoría que contén a nosa opinión.

Seguridade razoable é un alto grado de seguridade, pero non garante que unha auditoría realizada de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España sempre detecte unha incorrección material cando existe. As incorreccións poden deberse a fraude ou erro e considéranse materiais se, individualmente ou de forma agregada, pode preverse razoablemente que influan nas decisións económicas que os usuarios toman baseándose nas contas anuais.

Como parte dunha auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España, aplicamos o noso xuízo profesional e mantemos unha actitude de escepticismo profesional durante toda a auditoría. Tamén:

- Identificamos e valoramos os riscos de incorrección material nas contas anuais, debida a fraude o erro, deseñamos e aplicamos procedementos de auditoría para responder a estes riscos e obtemos evidencia de auditoría suficiente e adecuada para proporcionar unha base para a nosa opinión. O risco de non detectar unha incorrección material debida a fraude é máis elevado que no caso dunha incorrección material debida a erro, xa que a fraude pode implicar colusión, falsificación, omisións deliberadas, manifestacións intencionadamente erróneas, ou a elusión do control interno.
- Obtemos coñecemento do control interno relevante para a auditoría co fin de deseñar procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade.
- Avaliamos se as políticas contables aplicadas son adecuadas e a razoabilidade das estimacións contables e a correspondente información revelada polos conselleiros.
- Concluimos sobre se é adecuada a utilización, polos conselleiros, do principio contable de empresa en funcionamento e, baseándonos na evidencia de auditoría obtida, concluimos sobre se existe ou non unha incerteza material relacionada con feitos ou con condicións que poden xerar dúbidas significativas sobre a capacidade da Sociedade para continuar como empresa en funcionamento. Se concluimos que existe unha incerteza material, requírese que chamemos a atención no noso informe de auditoría sobre a correspondente información revelada nas contas anuais ou, se estas revelacións non son adecuadas, que expresemos unha opinión modificada. As nosas conclusións baséanse na evidencia de auditoría obtida ata a data do noso informe de auditoría. Non obstante, os feitos ou condicións futuros poden ser a causa de que a Sociedade deixe de ser unha empresa en funcionamento.




- Avaliamos a presentación global, a estrutura e o contido das contas anuais, incluída a información revelada, e se as contas anuais representan as transaccións e feitos subxacentes dun modo que logran expresar a imaxe fiel.

Comunicámonos cos conselleiros da entidade en relación con, entre outras cuestións, o alcance e o momento de realización da auditoría planificados e os achados significativos da auditoría, así como calquera deficiencia significativa do control interno que identificamos no transcurso da auditoría.

Entre os riscos significativos que foron obxecto de comunicación aos conselleiros da entidade, determinamos os que foron da maior significatividade na auditoría das contas anuais do período actual e que son, en consecuencia, os riscos considerados máis significativos.

Descríbimos eses riscos no noso informe de auditoría agás que as disposicións legais ou regulamentarias prohiban revelar publicamente a cuestión.

PricewaterhouseCoopers Auditores, S.L. (S0242)


Juan Carlos Ramos Maneiro (17877)
6 de abril de 2021



PRICEWATERHOUSECOOPERS
AUDITORES, S.L.

2021 Núm. 04/21/00310

SELLO CORPORATIVO: 96,00 EUR

Informe de auditoría de cuentas sujeto
a la normativa de auditoría de cuentas
española o internacional



CRTVG

Aprobación de Contas

2020



María García de la Concha Álvarez, DNI 07959871P, na súa condición de secretaria non conselleira do Consello de Administración da **Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.**, domiciliada en Bando, San Marcos, Santiago de Compostela, C.I.F. A-15073349, inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago Compostela, no tomo 212, libro 0, sección xeral de sociedades, folio 205, folla SC-4608, inscrición 46ª, no exercicio da facultade certificante que lle corresponde,

CERTIFICA:

1º. Que o **20 de maio de 2021**, en Santiago de Compostela, a **Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia**, na súa condición de socio único da **Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.**, por ser titular do cento por cento (100%) do capital social, decidiu, de conformidade co disposto no artigo 15 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, exercer as competencias da Xunta Xeral Universal e en consecuencia aprobar as **contas anuais auditadas, o informe de xestión (que inclúe, de forma separada, o estado de información non financeira, co informe de verificación correspondente) e a proposta de aplicación do resultado da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. correspondentes ao exercicio social pechado a 31 de decembro de 2020.**


2º. Que na devandita Xunta Xeral Universal decidiuse aplicar o resultado nos termos establecidos na nota 14 (páxina 27) da Memoria das contas anuais: os 99.907.838 € de resultado contable negativo que se reflicten na conta de perdas e ganancias e no balance sanearanse con cargo a *Achegas de socios para compensación de perdas* que, por importe de 102.763.022 € a conta, figuran tamén rexistrados no mencionado balance. O importe restante das devanditas *Achegas* (2.855.184 €) aplicarase para *Reservas voluntarias*.

E para que así conste, expide a presente certificación, co visto e praxe do presidente do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., en Santiago de Compostela, a **20 de maio de 2021**.

Asdo.: **María García de la Concha Álvarez**
Secretaria non conselleira do Consello de
Administración da Corporación RTVG

Asdo.: **Luis I. de la Matta Cantó**
Presidente do Consello de
Administración da Corporación RTVG





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGnZemg3nsn7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

